

# AUNIOS

Nº 28

MAIO 2023


ASOCIACIÓN CULTURAL

Pineiróns



# 25 ANIVERSARIO








Rosalía Castro  
CAFETERIA  
RESTAURANTE  
VIGO

Cafetería  
**ROSALÍA  
CASTRO**

c/ castelar, 7  
tlfno.: 986 22 30 84 36202 vigo

**Asador Restaurante**

**ESPECIALIDADES**  
Mariscos - Pescados - Carnes

**Asador  
Restaurante A ILLA**

Soutullo, 90 - 36990 NOALLA - SANXENXO  
Telf.: 635 55 85 81

**LUME:** COCINA BAÑO



LUME:  
C/ Luis Seoane, 40. 36980 O Grove - Pontevedra  
T 986 73 22 53 / 07 43. F 986 73 26 95  
lume@lumecocinas.com • www.lumecocinas.com

**El mejor PULPO de Galicia**  
**Disponemos de Cátering de Pulpo  
para empresas**

**CONTACTE CON NOSOTROS EN LOS  
TELÉFONOS 664 594 124 - 610 771 358**



**COCEDERO DE PULPO Y MARISCOS**

**LA MEJOR CALIDAD  
AL MEJOR PRECIO**



COLABORAN	PÁX.	ARTIGOS
Redacción	1	SUMARIO
Celestino Pardellas de Blas	2-7	O SOLPOR DA CULTURA POPULAR DA ILLA DE ONS (I). “Aproximación á catalogación do estudado”
Emilio Xosé Insua	8-11	XOSÉ NÚÑEZ BÚA E O ACTIVISMO CULTURAL DE PREGUERRA NA COMARCA AROUSÁ (2ª PARTE)
Belarmino Barreiro Rosales	12-14	TORRENTE BALLESTER E RIOBÓ DE ONS: UNHA CONXECTURA
Agustín Beltrán Rodríguez	15-16	GOGUE
José Manuel Dopazo Entenza	19-23	A MULLER E O MAR: DIVINA
Lino J. Pazos Pérez	24-26	“LA NAVIERA DEL NOROESTE”. COMO OS VAPORES ONS E SÁLVORA ACABAN MATRICULADOS EN BARCELONA
Arturo Sánchez Cidrás	29-35	LUÍS DAVILA E ONS
Patricia Arias Chachero	36-39	RELATO VERAZ. O VERÁN DE 1936 EN GALICIA SEGUNDO A PINTORA MARUJA MALLO
Maracaibo	40	A BORDO DO ABRAKADABRA. POLOS SETE MARES (III)
Fernando Alonso Romero	41-44	HOMENAXE A ESTANISLAO FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ ESTANISLAO FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA: UNHA VIDA AXITADA
Sergio Portela Campos	45-48	HOMENAXE A PEDRO DE LLANO. ONS E PEDRO DE LLANO
Francisco Calo Lourido	49-52	VARIACIÓNS CLIMÁTICAS E MUDANZAS CULTURAIAS
Xulio Pardellas de Blas	53-56	ERAN AS TRES DA TARDE EN FISTERRA
Isidro Cortizo del Río	57-60	A ILLA A EITO
José Taboada García	63-64	GALEGOS NO GULAG
Avelino Ochoa	65-67	DE SANVICENTE E A ILLA
Txoto e Ane	68-69	OS ARTESÁNS NA ILLA DE ONS
Xosé Fuentes	70	A FALA E O AMOR
Cosme Damián Romay Cousido	73-76	UN “PREPARQUE” PARA AS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA
Francisco Meis Durán	77-78	O CEMITERIO PAGÁN DA CRUZ DE FEÁNS
Xaime Toxo	79-82	GONZALO VIANA: O ARGONAUTA TRANQUILO
Antón Mascato	83-86	NO CENTENARIO DO PARTIDO COMUNISTA NO GROVE
Emilio Blanco Sabaris	87-88	RELATO DUN NENO INSULAR

FOTOGRAFÍAS E DEBUXOS CEDIDOS POR	PÁXINAS
Celestino Pardellas de Blas	Portada, 1,2,3,4,5,6,39,55,56,68,69,81,88
Emilio Xosé Insua	8,9,10,11
Belarmino Barreiro Rosales	12,13,14
Gogue	15,16
José Manuel Dopazo Entenza	19,20,21,22,23
Lino J. Pazos Pérez	24,25,26
Arturo Sánchez Cidrás / Luís Davila	29,30,31,32,33,34,35
Patricia Arias Chachero	36,37,38
Maracaibo	40
Fernando Alonso Romero	41,42,44
Pedro de Llano	45,46,47,48

FOTOGRAFÍAS E DEBUXOS CEDIDOS POR	PÁXINAS
Francisco Calo Lourido	49,50,51,52
Internet	53,55,
Xulio Pardellas de Blas	56
Isidro Cortizo del Río	57,58,59,60
Internet	63,64
Avelino Ochoa	65,66,67
Xosé Fuentes	70
Cosme Damián Romay Cousido.	75,76
Francisco Meis Durán	77,78
Xaime Toxo	79,80,81,82
Antón Mascato	83,84,86
Emilio Blanco Sabaris	87,88

**Para web e Blog:**
<http://bueu.ga>
**Revista Aunios:**
<http://descubrobueu.wix.com/bueu/aunios>
<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/aunios.htm>
<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/indiceAutores.htm>
**Minixornal Onstopus:**
<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>
**DIRECCIÓN DA ASOCIACIÓN CULTURAL**

# “Pineiróns”

Apartado de correos 51 / 36980 O GROVE

Pontevedra – Galicia – España

Telf: 649424950

[tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com)
[celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)
**CORRECTOR LINGÜÍSTICO**
**Anxo López Vergara**

A asociación non se fai responsable do contido dos artigos inseridos neste número. É responsabilidade dos seus autores.





## O SOLPOR DA CULTURA POPULAR DA ILLA DE ONS (I) “APROXIMACIÓN Á CATALOGACIÓN DO ESTUDADO”

Por: Celestino Pardellas de Blas

### INTRODUCCIÓN

Para o título deste artigo quizais sería mellor escoller os termos: final, desaparición, colofón, perda,..., no canto de <solpor>, pero, eses vocábulos poden dar a supor que xa non se pode recuperar ou investigar esa importantísima cultura popular que posuíu, e aínda posúe, a Illa de Ons; porén, a palabra <solpor> indícanos algo que se agocha temporalmente pero que logo volve a xurdir, e iso é o que eu espero que ocorra coa Cultura Popular desta Comunidade Auniense<sup>1</sup> que, se ben está nuns intres moi difíciles, aínda se pode rescatar, polo menos para que quede constancia escrita, gráfica, sonora, fotográfica,..., e documental desa riqueza etnográfica e antropolóxica que foron formando os aunienses ao longo de case 215 anos e que, por desgraza, non foi recompilada nin investigada por persoal cualificado dun xeito científico.

A sorte fixo que cando cheguei a Ons no ano 1975 fixérao acompañando a un grupo de licenciados que ían realizar un traballo socio-económico-biolóxico para o Yrida, organismo que viña de coller a remuda de Colonización na administración da Illa, e que este grupo utilizara un espazo na casa onde vivía a antropóloga Ana Liste para gardar, clasificar e estudar o material que ían recollendo. Estas casualidades provocaron que eu coñecera o mundo da investigación baseada no imprescindible traballo de campo, que entroncara con facilidade no complicado armazón familiar auniense e que vivira moi de preto as primeiras experiencias na obtención de datos de tipo etnográfico.

Tamén comprobei a dificultade que tiveron estes investigadores á hora de buscar información sobre esta illa. Xunto a unhas cantas notas xeográficas e anécdotas saídas en varios libros e artigos de prensa, só contaban co sinxelo pero magnífico traballo etnográfico de Álvaro de las Casas “*A Illa de Ons*”, publicado na revista Nós, nº 132 e editado no 1934, e o histórico de **Salustiano Portela Pazos** “*Apuntes para la historia de la Isla de Ons*”, publicado en Cuadernos de Estudios Gallegos, nº IX e editado no ano 1954. Creo recordar que no Yrida, nin tiñan o Informe que no 1960 encargara o Instituto Nacional de Colonización sobre Ons a **Francisco Contreras Brotóns** “*Informe relativo al problema social de las islas de Ons*” Ourense 1960.

O que si, xa cando se atopaban elaborando o Informe cos datos obtidos, puideron visualizar e engadir á bibliografía, as referencias arqueolóxicas de Filgueira Valverde & García Alén e fichas con algunhas lendas e costumes que se atopaban no Museo de Pontevedra. Tamén informáronos dun traballo inédito de **Santiago Castroviejo** sobre a “*Vexetación da Illa*” realizado a finais dos 60 s.XX. Polo que, podemos atrevernos a dicir, que polo menos publicado, pouco máis había en 1975 sobre a historia, etnografía e bioloxía da Illa de Ons.



Tino Pardellas, con sombreiro branco, con parte do grupo de licenciados que no ano 1975 realizaron o traballo para o Yrida. Á súa dereita o auniense Manoliño “Perrenco” e detrás, Ana Liste.

<sup>1</sup> **Auniense**: Cayo Plinio Segundo, máis coñecido como “Plinio el Viejo”, foi un militar e escritor romano. Segundo os estudosos, acompañou ás lexións nas súas conquistas e tomou nota de todo o que era de interese. Tiña unha boa preparación académica e dedicouse a escribir sobre aspectos naturais, históricos e etnográficos. Plinio foi quen primeiro nomeou as illas de Ons coa palabra “Aunios”. Cando comprobei que verdadeiramente os romanos estiveron en Ons ( polas escavacións arqueolóxicas realizadas nos anos 2021-2022 na Salga Romana e Castro dos Mouros), decidín que os habitantes da Illa de Ons actuais, aínda que non son descendentes directos da ocupación romana, podemos consideralos como tales, polo que a partires de agora nomeareinos como **Aunienses** en lugar de illeiros, insulares, illáns,..., que poden ser de calquera Illa, sen embargo o vocábulo **Auniense** fala dun habitante de **Aunios** (Ons).



Por mor desa falla de documentación, pola fascinación que suscitou en min esta comunidade auniense e despois de comprobar que a riqueza cultural de Ons estaba sen investigar, foi cando, a partires de 1977, decidín seguir o camiño iniciado por Ana Liste e comezar a recompilar todo tipo de datos, especialmente etnográficos, sobre esta Illa.

Ao principio non foi doado debido á miña falta de preparación e experiencia, que unida á falla económica era moi complicado traballar dun xeito idóneo e práctico (eu aínda era estudante, non tiña ingresos,..., e para traballar dun xeito apropiado e proveitoso, había que ter un cámara fotográfica, comprar carretes, revelalos, gravadora, cintas,..., proxector de diapositivas,..., a carón da tenda de campaña, saco de durmir,..., e demais elementos de acampada). Pero, aínda con todos os inconvenientes e a sabendas de que non saquei todo o proveito que un especialista con material adecuado obtería, fixen o que puiden e hoxe teño un bo número de anotacións conseguidas naquelas datas que, dou por seguro, actualmente son imposibles de recadar por mor das circunstancias que pasaron os aunienses a partir de 1970 debido á emigración forzosa cara ao continente, a adaptación a unha diferente cultura, pola vergoña de falar actualmente sobre algunhas cuestións, polo esquecemento,..., e, sobre todo, porque os que as coñeceron, viviron e contaron, xa non están entre nós.

Pero coido que con todos os inconvenientes que queiramos poñer, aínda estamos a tempo de investigar para, polo menos, intentar sacar á luz o que agora boamente se poida dese extraordinario e valioso legado cultural que durante dous séculos foron quen de construír e darlle vida os habitantes dunha illa, que estando a un chimpo do continente, sufriron un excesivo e inhumano illamento, tanto xeográfico como institucional.

### ONS, ETNOGRÁFICAMENTE, CON QUE TRABALLOS CONTABAMOS ATA 2002

Nun primeiro paso imos ver co que se contaba neses intres. Segundo as diferentes temáticas que podemos englobar dentro do propiamente etnográfico e antropolóxico sobre Ons, atopariamos algunha cita ou pequeno comentario en libros e traballos de Murguía, Otero Pedrayo, Martín Sarmiento, Cornide de Saavedra, Lisón Tolosana, Lis Quibén,..., e en varios artigos periodísticos de épocas diferentes, pero repito, son pequenas notas, dende logo algunhas moi interesantes e que poden dar pé a investigar sobre elas, pero que están lonxe de consideralas como estudos etnográficos.

Como primeiro, polo menos que eu coñeza, temos que falar do traballo de Álvaro de las Casas “*A Illa de Ons*” (1934), que tratou esta materia e que pode servir de guía ou índice para comezar calquera investigación sobre o tema. É un traballo interesantísimo, entre outros motivos, polo ano no que foi observado e escrito e que, segundo conta o autor, saíu dunha visita a Ons invitado polo fareiro Antón Bruno, e comprobando a interesante cultura insular, decidiu tomar unhas notas e logo dalas a coñecer. Penso que non foi algo programado e preparado de antemán, senón froito da casualidade, o que demostra a importancia da cultura popular auniense e do material que se podería obter naqueles anos de ir ex profeso a realizar unha investigación etnográfico-antropolóxica.

Aínda que as súas pescudas permanecen inéditas, temos que salientar que no ano 1967 chegou á Illa, segundo puidemos ler no Faro de Vigo, da man de Stafant Mörling, o etnógrafo danés **Gustav Henningsen**: <El etnógrafo Gustav Henningsen visitó en Pontevedra las islas Ons en un viaje que describió como “una de sus semanas más provechosas”, de la mano del investigador sueco Staffan Mörling -estudioso de las dornas y casado con una isleña>. Faro de Vigo 14/01/2016. Recompilou, durante nove días, un bo número de horas de gravación sobre historias, lendas, bruxería,..., e fixo unha interesante reportaxe fotográfica sobre a Illa e os aunienses desa década. Segundo nos dixo o investigador José Manuel Dopazo Entenza as fotos están depositadas no Museo do Pobo Galego e as gravacións na Universidade de Santiago. Esperemos que algún estudoso e de xeito científico e técnico, saque á luz o traballo deste etnógrafo danés.

Xa despois temos que dar un salto no tempo e ir aos anos 1975-1978 onde varios investigadores van traballar en Ons. Temos a **Ana Liste** que vai vivir na Illa durante algo máis de dous anos e recompilará e fotografará todo tipo de información sobre ritos, lendas, supersticións, prácticas sobre bruxería, fetichismos, medicina popular,..., formas de vida,..., e gastronomía típica desta illa. A pena é que, por causas que descoñezo, non publicou nada aínda, agás o libro (1981) “*Gali-*



Mariñeiros aunienses preparados para saír á pesca do polbo. Fondo Fotográfico Rey-Henningsen. Arquivo Gráfico do Museo do Pobo Galego

cia: *Brujería, Superstición y Mística*” onde dedica un bo número de parágrafos a Ons en relación con esa temática, e o artigo publicado na revista Aunios nº: 18 (2013) “*Ons: fragmentos de la memoria*”.

Logo hai que falar do matrimonio **Fernando Alonso Romero** e **María Castroviejo Bolívar** que durante os anos que van de 1974 a 1985 investigaron e sacaron adiante traballos tan interesantes como “*Los orígenes del mito de la Santa Compañía en las islas Ons y Sálvora*”, “*Proyecto de estudio sobre el pasado y presente de la Isla de Ons y su planeamiento futuro*”, “*La medicina popular en la Isla de Ons*” e anos máis tarde (2004) “*Antiguas prácticas tradicionales de la isla de Ons relacionadas con el embarazo y el parto*” e varios artigos na revista *Aunios* números: **0, 16, 18 e 22**.

No ano 1981 o arquitecto **Pedro de Llano**, publica o libro “*Ons, arquitectura dunha comunidade desaparecida*”, onde, a carón do estudo arquitectónico das casas aunienses, podemos sacar moita información etnográfica pois fala das edificacións anexas (piornos, casetas, alboios,...) e partes interesantes do seu interior como as lareiras e fornos, habitacións,..., que teñen unha connotación moi interesante co xeito da vida familiar na Illa e que pode dar pé a maiores estudos.

No **Museo de Pontevedra**, onde se poden atopar innumerables datos sobre Ons, quero destacar o que no ano 1980 atopei nas fichas correspondentes a Ons. Foron tres lendas: “*O neno e a serpe*”, “*O mouro e os caracoliños douro*” e “*A Cova do Touro dos Cornos Douro*”, interesantes lendas que foron despois reflectidas en traballos e libros e sobre as que, no seu momento, preguntei aos aunienses. Sobre as dúas primeiras dicir que algún veciño as coñecía de: <escoitalas a alguén> pero tal e como estaban escritas, non tiñan nin idea, sen embargo, si contáronme moitas de serpes, galiñas douro, mouros,... Da Cova do Touro dos Cornos Douro si coñecía de escoitar: <aos vellos de antes> e situábana, algúns con algún matiz diferente, na Enseada de Cova da Vella ao norte da illa.

No ano 1989 sae á luz o magnífico libro de **Stafant Mörling** “*As embarcacións tradicionais de Galicia*”, de onde podemos obter unha boa cantidade de datos etnográficos sobre esta emblemática embarcación auniense. Aínda así, a dorna de Ons necesita un estudo máis profundo no que respecta á súa chegada á Illa, o seu posicionamento dentro da estrutura familiar auniense, sobre as supersticións, ritos, prácticas, costumes,..., bruxerías, crenzas,..., entorno a ela,...

Interesante a exposición fotográfica que realizou Mörling no ano 2007 nas antigas escolas de Ons, cunha boa cantidade de fotos, incluídas no catálogo “*A Illa de Ons. Unha cultura unha identidade*”, cun perfil etnográfico interesantísimo. Posteriormente, xunto coa súa muller Chafa Otero, escribiron, xa nos anos 2013 e 2015, dous libros “*Ala, no medio do mar. A comunidade da Illa de Ons*” e “*Namoreime en Ons*” onde narran moitos aspectos curiosos e interesantes sobre a vida na Illa nos seus tempos mozos.

**Mª Jesús Otero Acuña** realiza tres traballos notables. Coa intención de dar a coñecer as rutas que se podían realizar pola Illa, en 1990 saca uns folletos informativos, con fotos, mapa e rutas. Posteriormente amplía eses folletos e convérteos nun caderno de 35 páxs, “*Isla de Ons*”, das cales 4 dedicaas á parte etnográfica propiamente dita. No ano 1998, amplía ese caderno e edita un libro, “*Isla de Ons. Privilegio de la naturaleza*” de 166 páxs, das que destinará a etnografía 20 páxs todas de grande interese froito das pescudas feitas entre a súa familia e os veciños de Ons. No 2019 fai unha segunda edición deste libro, con 203 páxs, dedicando a etnografía 24 páxs., ampliando e renovando os textos e fotografías sobre este campo.

E xa para dar remate a esta primeira entrada, en 1998 nace a **Asociación Cultural “Pineiróns”**, froito da unión de dúas agrupacións previas A Pineira e Amigos da Illa de Ons.

O seu obxectivo, despois de comprobar a falla de investigacións, era dar a coñecer as importantes e exclusivas peculiaridades socio-histórico-etnográfico-naturais que tiña esta Illa e que estaban sen indagar por persoal ou institucións especializadas e dun xeito técnico-científico, para conciencialos, animalos e estimularos para que viran, en Ons e na súa Comunidade veciñal, un espazo virxe onde indagar e investigar, coa vantaxe de que era dos poucos lugares Galicia que estaba sen estudar.



Fernando Alonso Romero en Ons nos anos 70 s.XX, cando investigou sobre a Santa Compañía. Foto: F. Alonso Romero



Stafant Mörling nunha entrevista que lle fixen na Illa de Ons a principios dos 90 s. XX



Algúns dos socios de Pineiróns xa comezaran esta reivindicación vinte anos antes, con artigos de prensa, enviando escritos aos organismos que xestionaban a illa, mandando informes sobre temáticas diversas, dando charlas,..., e realizando traballos tales como unidades didácticas, diaporamas, exposicións, folletos,..., pero de nada servían, as institucións administradores e ata o propio concello de Bueu, facían oídos xordos; foi así como decidiron unirse e formar unha Asociación, legalmente constituída, para que as reivindicacións indicadas tiveran un maior eco oficial e lexítimo.

Fariamos moi longo o enumerar todas as actividades que Pineiróns levou a cabo nestes 25 anos de existencia, polo que imos só a reflectir, e tamén moi polo miúdo, os que teñen que ver coa disciplina que dou neste artigo, a Etnográfica.

Pineiróns realizou nestes 25 anos (1998-2023) estes traballos con temática etnográfica: **Unidades didácticas** (para as Consellerías de Pesca, Familia-Xuventude e M. Ambiente). **Diaporamas** (para Xuventude e Pesca). **Exposicións Fotográficas** (na Illa de Ons e en diferentes localidades das provincias de Pontevedra e Coruña). **Concursos de Relato Curto** (con participación de colexios de diferentes puntos da provincia de Pontevedra). Impulsou **Xogos Populares** e **Regata de Dornas** a remo na Illa de Ons. Reviviu as **Cacharelas de San Xoán** e a **Festa dos Maños** na Illa. Deron **charlas** aos rapaces dos Campamentos da Xunta en Ons. Presentáronse en diferentes localidades pontevedresas libros con temática histórico-etnográfica de Ons como “**Guía das ermidas illeiras das Rías Baixas**” e “**Naufraixios nas Rías Baixas**”. ... E como buque insignia, anualmente e cun enorme esforzo investigador, serio, rigoroso,..., e económico, a edición da **Revista Cultural AUNIOS**, onde a Illa de Ons, en todos os seus números, está representada a máis dun 50%. Ter en conta, que si o noso obxectivo era dar a coñecer as súas peculiaridades, quere dicir, que non estaban estudadas, por iso hai que valorar o conseguir que se escribira sobre esta Illa nunha revista, a un 50%.

Sobre a parte etnográfica en **AUNIOS** podemos atopar nas súas 29 revistas ata a data da saída desta, máis de 60 artigos que teñen que ver con esta disciplina: Os máis traballados a **Santa Compañía** e a **Toponimia**, sobre **ritos, contos e lendas** atoparemos unha boa cantidade, sobre a **fala** traballos técnicos e interesantes,..., ademais de **furnas, alcuños, fauna, personaxes, salga, dornas, vodas, entroido, medicina popular, gastronomía, trasno, fachos, cancionero, anécdotas**,... e un longo etc. que poden ver nesta páxina de internet:

<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/indice.htm>

<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/indiceAutores.htm>

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

## ONS, ETNOGRÁFICAMENTE, CON QUE CONTAMOS A PARTIRES DE 2002

No 2002 nace o primeiro Parque Nacional galego que comprende as illas, de sur a norte, de Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada. Tanto os veciños de Ons como todos aqueles que levabamos anos reivindicando estudos e melloras nela, coidabamos que ía haber un antes e un despois con esta incorporación ao Parque, pero nos 20 anos que leva integrada nel os cambios van tan de vagar que case nin se aprecian.

Dende o punto de vista social houbo novas importantes como a Lei de Concesións, sacar adiante o Prux, e pequenos arranxos nas infraestruturas da Illa. No entanto no referente á promoción de estudos e investigacións histórico-arqueolóxico-etnográficos, seguiron e seguen estancadas, favorecéndose pola contra todo o relacionado co mundo biolóxico: fauna e flora.

Coido que dende a Consellería de Medio Ambiente aínda non se decataron que todas as illas que conforman o Parque, en maior ou menor medida segundo da illa da que falemos, teñen un pasado antropoxénico cunha historia e unha etnografía importantísima, que no caso concreto de Ons, coido, supera á súa importancia biolóxica, tendo en conta, que é a única das catro do Parque que está habitada por unha comunidade con máis de douscentos anos de historia.

A partir de 2002 e seguindo coa parte etnográfica, agora denominada Patrimonio Material e Inmaterial, a carón dos artigos que sobre esa temática seguen saíndo na revista cultural **AUNIOS** e dos traballos e publicacións xa comentados de **Mörling** e **Otero Acuña** que colleron as dúas etapas de antes e despois de 2002, temos que falar das historias que nos



Exposición de Imaxes nas escolas de Ons da Asociación Cultural "Pineiróns" no 2008

deixou en *AUNIOS*, collendo tamén os dous períodos, o que foi mestre na Illa, **Julio Santos Pena**, que baixo o título de “*Ons, o meu paraíso de onte*”, que despois transcribiu e aumentou no libro “*Ons no meu corazón*”, danos a coñecer a vida social e anécdotas dos veciños de Ons durante os tres anos que nela estivo de mestre.

Coa incorporación ao **Parque**, editan varios “*Libros guía ou de visita*” escritos por varios dos agora Guías Oficiais deste organismo. Neles tócase, moi superficialmente, o tema etnográfico con datos sacados maioritariamente dos estudos publicados anteriormente. Logo sacaron varios folletos explicativos con temática etnográfica: “*Os nomes da Illa*” e “*As illas atlánticas no tempo*”.

E xa entramos no ano 2009 no que a arqueóloga **Paula Ballesteros Arias** vai realizar un importante traballo arqueolóxico-etnográfico sobre Ons. Comeza no 2008 co traballo “*O xacemento romano do cantil de Canexol (Illa de Ons. Bueu). O esquecemento do recurso mariño*”. Un interesante traballo onde a arqueoloxía predomina sendo unha publicación que 12 anos máis tarde deu pé ás escavacións que se están a realizar na zona con resultados máis que satisfactorios. No 2012 publica “*A memoria técnica e estudo arqueolóxico e etnográfico da paisaxe cultural das illas de Ons*” e “*O patrimonio cultural da illa de Ons: impronta do pasado, identidade dunha paisaxe*”. Segue no 2013 con pequenos traballos en dúas revistas cos títulos: “*Prácticas agrícolas e procesos de cambio no arquipélago de Ons*” en *Aunios* nº 18 e no 2015 “*Historia dunha investigación na Illa de Ons*” en *A Trabe de Ouro*.

E como traballo importantísimo polo contido documental: etnográfico-antropológico que ten, cun estudo bastante atractivo e excepcional nun intre en que se están a perder a pasos de xigante, Paula realiza xunto a C. Sánchez Carretero o Documental “*Ons: Unha illa habitada*”, cun bo número de entrevistas onde se demostra, para ser feito no ano 2014, que os aspectos sociais e etnográficos aínda están vivos nas mentes dos aunienses dunha certa idade (máis de 60 anos) e que estamos a tempo de recuperalos para que non se perdan para sempre.

Un libro do que podemos sacar datos curiosos é “*Ons: Ondas do mar riso*” escrito por **Emilio Arauxo** no ano 2018 e que é unha transcripción do que varios aunienses vanlle contando a medida que pasean pola Illa.

E xa para dar remate a este pequeno, máis ben escaso, número de traballos e publicacións sobre a etnografía da Illa de Ons, vou a pararme nalgúnhas, chamémoslle especialidades etnográficas:

## PATRIMONIO INMATERIAL

**Toponimia:** Temos un traballo de Pineiróns coordinado por **Celestino Pardellas**, rematado no ano 2000 co título “*A toponimia da costa da Illa de Ons*” froito do labor de recompilación ao longo de anos. Outra recompilación de topónimos mariñeiros de Bueu, patrocinado pola **Confraría de Pescadores <San Martiño>** desta vila, co título “*O Buraco do Inferno*” (2011) en que fai un bo repaso a toda a costa auniense. Un bo número de artigos na revista *AUNIOS* sobre esta temática escritos polo especialista **Fernando Cabeza Quiles**, e un, escrito por **Carlos Lijó Gómez**, onde realiza un excelente traballo sobre a Toponimia común de Sálvora e Ons. E temos referencia dun traballo de **Iván Sestay Martínez** que podemos atopalo, coa participación doutras persoas, na web “*Galicia Nomeada*” onde con referencia á Illa de Ons recoñeceremos case 1000 topónimos, saídos do esforzo de moitas persoas para a recuperación da toponimia en Galicia e Ons en particular.

**Cancioneiro popular:** Outro punto de estudo interesantísimo, que partiu da recompilación de coplas que realizou nos anos 30 s.XX Álvaro de las Casas. Hoxe temos: Os pequenos artigos de **Celestino Pardellas**, despois dunha boa recompilación de coplas na propia Illa, nas revistas *Raigame* nº 8 (1999) e *Aunios* nº 11 (2006) e a presenza na Illa nos anos 90 s.XX de **Mercedes Peón** para recompilar o xeito de tocar a pandeireta das aunienses que rematou cunha actuación de varias aunienses no programa da TVG, Luar. E nada máis ata estes últimos anos que grupos como **Arredor da Tradición** están a recompilar e poñer en valor ás cantareiras de Ons e o seu cancionero.

**Fala:** Sobre o peculiar xeito de falar dos veciños de Ons, non tiñamos nada escrito ata que, **José M. Dopazo Entenza**, licenciado en Filoloxía Galega (USC) e doutorado en lingüística coa tese “*A lingua da Illa de Ons. Descripción dialectal e análise do cambio lingüístico*” e cun bo número de traballos e publicacións sobre temática lingüística da Illa de Ons, puxo



Homenaxe ás cantareiras e á cultura musical de Ons nas Festas de San Xaquín de 2021



sobre a mesa, un enorme currículo a base dun extraordinario traballo de campo que moi poucos universitarios, das últimas décadas, poden expoñer e presentar.

Á vez, no seu, volvo a repetir, magnífico e sorprendente traballo de campo cos veciñ@s aunienses nestes últimos dez anos, está a recompilar un bo número de material etnográfico que, como comezo, o podemos ler nos seus últimos artigos en AUNIOS sobre o “*Entroido na Illa de Ons*”. Aínda que xa tocou o tema etnográfico na revista *NOVA ARDENTÍA* no seu nº 9, 2017, co artigo “*Bolinando o mar de Ons na voz do Sr. Francisco*”, no nº12, 2020 co seu artigo: “*O mar de Ons ten voz feminina: As Percebeiras*” fai un magnífico traballo sobre este oficio levado a cabo na Illa por mulleres e na mesma revista no seu nº 13, 2021 co artigo: “*Cando Mörling arribou á Illa de Ons*”.

No mes de xullo (2022) saca e presenta un importante libro sobre a fala de Ons “*Até aquí подо contar. <A lingua da Illa de Ons>*”. Din: “*Este libro é o primeiro estudo científico sobre as características lingüísticas de pobo que habita as illas.... Nel gárdase a fala como estaría nas súa placenta anterga e a fala que evolucionou á marxe das correntes continentais*”

**Alcumes:** Outro tema interesantísimo de estudo e que, ata o de agora, só temos unha pequena referencia nun *libriño das Festas de Ons* e un artigo na revista AUNIOS nº 21 de 2016, de **Celestino Pardellas** co título “*Uns pequenos apuntes para o estudo dos alcumes dos habitantes da Illa de Ons*”, tarefa que aínda está sen rematar, xa que, faltan un bo número deles e, sobre todo, un exhaustivo estudo do por que de cada alcume.

**Ritos, contos, lendas, supersticións, costumes, maxia, bruxería,...., Medicina popular,...., Festas-xogos populares e fases da vida,...., Gastronomía:** Queda un longo camiño por andar no estudo de todas estas prácticas que sabemos que en Ons tiveron unha grande importancia noutros tempos e que, agás pequenas descrições realizados en exiguos artigos, traballos e libros, nada hai escrito nin investigado sobre estes interesantísimos asuntos que son o eixo onde xira a máis pura etnografía. Os traballos xa citados de Álvaro de las Casas, Ana Liste, Otero Acuña, María Castroviejo, Alonso Romero, Celestino Pardellas, son o mínimo que atopamos dunha Comunidade como a de Ons que atesora un enorme legado debido as vicisitudes polas que tivo que atravesar nestes últimos dous séculos de historia.

Neste apartado tamén podemos engadir os artigos de **Manuel Pérez Rúa** que inseriu na revista *NOVA ARDENTÍA* nº: 13 (2021) e 14 (2022), e falta outra entrega para o 2023, que co título: “*Manuel Piñeiro Otero e a súa Illa de Ons. Dúas Biografías (I), (II) (III)*”, realiza unha entrevista ao auniense Manuel Piñeiro Otero no que fala sobre a vida na Illa de Ons dende 1921.

## PATRIMONIO MATERIAL

Dentro do patrimonio material etnográfico de Ons, que podería ser un campo máis doado de estudo, sen embargo está ao mesmo nivel de abandono investigador que o Inmaterial. Falta unha minuciosa investigación sobre os Piornos, Aparellos de Pesca e Labranza, as Lareiras, os Fornos,...., a Arquitectura Popular Mariñeira, os Oficios, as Fontes, os Lavadoiros,...., a Vestimenta,...., as Embarcacións Tradicionais: A Dorna e os primeiros Barcos de Madeira. ...

Sobre toda esta temática quizais o tempo non corra tan de présa, aínda que si, pero non por iso debemos deixala esquecida.

Ata aquí un repaso ao publicado ata agora, a modo de pequeno catálogo, sobre a etnografía da Illa de Ons. Seguro que algo puido quedarme no tinteiro, polo que agradecería mo comunicaran para engadilo no próximo número cando comece a traballar distintos aspectos antropolóxicos recompilados a través de 46 anos e que coido poden servir de estímulo para que especialistas veñan a investigar a Ons sobre eles.

E xa, a modo de **CONCLUSIÓN**, dicir que non queda tempo para recompilar datos da Cultura Popular de Ons, temos que darnos présa e que investigadores especializados e realizando un imprescindible traballo de campo, consigan recuperar o pouco que hoxe en día poden ofrecernos os auniens@s que viviron ou escoitaron aos seus pais e avós estas historias, pois de non facelo agora, pode asegurarse que en menos de 10 anos, perderanse para sempre.



Barrio de Canexol. Carro de vacas, grade e arado. Estivo gardado nun alboio ata que os donos decidiron sacalo para gañar espazo. Dende PineirÓns pediuse que Parques o solicitara para expoñer no Centro de Visitantes... Acabou podrecendo neste mesmo lugar. Así non coidamos o noso Patrimonio Material Etnográfico.

## Xosé Núñez Búa e o activismo cultural de preguerra na comarca arouzá (2ª parte)


Por: Emilio Xosé Insua

### COLABORACIÓN CO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS


Desde a súa instalación na capital arouzá por volta de 1919, Núñez Búa frecuentaría nos primeiros anos o trato do poeta Ramón García Lago, que obtivo un premio nos Xogos Florais de Teruel co seu poema “Resurrexit” e foi por iso mesmo obxecto dun concurrido banquete de homenaxe en novembro de 1920. Outro tanto pode dicirse a respecto do pintor cesureño Carlos Maside, daquela empregado dun comercio en Vilagarcía, co que gustaba de dar longos paseos ata Ferrazo e mais dos rianxeiros Castelao, Manuel Antonio, Rafael e Eduardo Dieste, que cruzaban periodicamente a ría para visítalo, charlar con el de literatura ou debater de política.

Levado da man dos irmáns Bouza Brei, Fermín e *Lucho*, Núñez Búa vinculouse aos labores do Seminario de Estudos Galegos, concretamente nas súas seccións de Etnografía e Pedagogía. Florentino L. Cuevillas, a quen acompañou en varias campañas arqueolóxicas, cítao en varios dos seus traballos como informante e descubridor de petróglifos en Tenorio (Cotobade). Escribiu Núñez Búa en *Galicja Emigrante* (setembro de 1958) que “nun barquiño meu, en 1926, facían a travesía dende Vilagarcía a Neixón, fronte a Rianxo, Floro e Fermín Bouza Brey pra esprorar nun gran xacimento prehistórico”. Sabemos, asemade, que en novembro de 1932, Núñez Búa traballou na compañía de García Vidal, Filgueira Valverde, Alonso Ríos e outros nun proxecto de “Patronato Escolar de Formación Campesina” ou “da Escola Rural”.

Desa vinculación á entidade derivan en definitiva algunhas das súas colaboracións no boletín *Nós*. No quinto número do mesmo (24 de xuño de 1921), concretamente na sección “Os homes, os feitos, as verbas”, Núñez Búa dá conta duns achados arqueolóxicos realizados polo erudito local arouzán Fernández Gil y Casal no Castro Alobre. No número 15 (1 de xaneiro de 1923), na sección “Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza”, reproducíronse varias “adiviñas” populares recollidas por Núñez Búa en terras de Tenorio. O mesmo acontece co “Canto de xaneiras” recompilado por el no mesmo enclave territorial e reproducido no número 21 de *Nós* (15 de setembro de 1925). No número 24 (15 de decembro de 1925), asina con iniciais (J.N.B.) unha recensión da novela *Vida gris*, da escritora pontevedresa Sarah Lorenzana, que xira arredor dun caso de amor adúltero. A xuízo do noso autor, toda a novela “está tecida con atraente sinxeleza i-eisposta con léxico ben traballado”, mais finalmente declara preferir “algúns dos contos d’ista autora, moitos dos cales están feitos lembrando esceas presenciadas por elas na súa Terra”. E, por último, nun dos números da segunda xeira do boletín *Nós*, o 31 (25 de xullo de 1926), apareceu



Capa do número 100 do boletín *Nós*. 15 de abril de 1932



Capa do traballo de Álvaro das Casas sobre a Illa de Ons.



da súa man un poema popular bretón traducido para a nosa lingua co título de “Morriña”, que está protagonizado por un mozo montañés forzado a embarcar na mariña de guerra francesa e que morre envolto en saudades da súa terra.


Aínda que o seu vínculo co SEG parece decaer un tanto a partir de 1926, rexorde con forza entre os anos 32-34, despois de que Núñez Búa deixase a súa responsabilidade de secretario de propaganda no Comité Executivo do Partido Galeguista. Na memoria do curso 33-34 aparece como socio de número en Vilagarcía, canda Luís Bouza-Brei, Eduardo G. Reboredo, *Roxerius* (Roxelio Pérez), Antón Vicente González, os irmáns Elpidio e Luís Villaverde e mais Roxelio Vázquez Silva. Tamén é citado entre os mecenas pecuniarios da institución, canda os vilagarciáns José Viqueira Barrio, Dámaso Carrasco, Luís Villaverde, José Reboredo Isla e Isidoro Grada Arnero. Nesta época participa nunha ponencia con Filgueira Valverde, García Vidal, Alonso Ríos e outros para crear no propio SEG un “Patronato Escolar de Formación Campesina”, encargado de estudar as mellores alternativas para o desenvolvemento da escola rural galega. O modelo que máis o convenceu, nese sentido, foron as escolas rurais danesas (as *folkehøjskoler*) e así o puxo de manifesto en diversas ocasións: nos “cursos de extensión escolar” celebradas polo SEG no instituto de Pontevedra en agosto de 1935, nunha conferencia impartida no “Casal Galeguista” de Vigo o 27 de decembro dese mesmo ano, etc.

Sobre o papel desempeñado polo SEG no fomento da cultura galega impartiría en agosto de 1934 unha conferencia en Donosti, durante unhas xornadas de convivio con outras intelectuais cataláns e vascos. Ese texto serviulle logo de base para o artigo que publicou, xa no exilio, no terceiro número da revista *Galeuzka*, en 1945, se ben engadindo algunhas notas reivindicativas que cobraban loxicamente sentido visto o infeliz destino que os franquistas reservaron para esa emblemática entidade galeguista e para unha parte non pequena dos seus animadores.

#### COLABORADOR DA REVISTA GALAICO-ARXENTINA CÉLTIGA

En paralelo ao labor docente e ás súas variadas inquietudes culturais, Núñez Búa, que xa colaborara sendo adolescente en Ourense e asesorado por Florentino L. Cuevillas cos xornais *La Región* e *La Voz Pública*, cultivaría desde Vilagarcía o xornalismo, enviando colaboracións esporádicas a diarios vigueses como *Galicia* e *El Pueblo Gallego*, achegando algunha que outra crónica para o prestixioso xornal madrileño *El Sol* (do que chegou a ser designado correspondente en Vilagarcía a finais de 1925) e colaborando, sobre todo, coa revista galaico-arxentina *Céltiga*, promovida en Bos Aires polos arousáns Domingos Rial Seijo (que tamén foi administrador do xornal *Correo de Galicia*) e Lorenzo Garrido.

En *Revoeira*, na entrega titulada “Epitafios”, contou as bromas que se facían mutuamente dous dos máis destacados redactores durante



Capa dun exemplar da revista Céltiga

un tempo de *Céltiga*, Eduardo Blanco Amor e Ramón Suárez Picallo e tamén indicou que a afección polo mundo da literatura e da prensa de Rial Seijo nacéralle antes de emigrar á Arxentina exercendo como mancebo na botica que o poeta Lisardo R. Barreiro tiña en Vilagarcía. Téñase en conta que, correspondendo á gratuidade con que o director do Colexio León XIII enviou materiais á publicación galaico-arxentina, *Céltiga* emprestou o seu apoio entusiasta para varias das súas iniciativas en Vilagarcía, como a Biblioteca Popular (vide nº 58) e a Exposición de Arte Galega de 1928 (vide nº 76 e nº 77).

A nómina de colaboradores vilagarcíans autóctonos ou adoptivos na revista *Céltiga* resulta ben nutrida: Fernández Gil y Casal, Lisardo R. Barreiro, Francisco Porto Rey, Armando Cotarelo Valledor, os irmáns Lucho e Fermín Bouza Brei, Luís Villaverde Rey, os irmáns Telmo e Carlos Lago Maslloréns, Eduardo García Reboledo, Rosendo Barreiro Beloy... A todos eles aínda cabería sumar outras figuras da cultura comarcal, como o poeta Cabanillas, o escultor Asorei, o xornalista vilanovés Julio Camba e a escritora Herminia Fariña, tan vencellada a Simes-Meaño. Na parte gráfica, fotografías do entorno paisaxístico, do porto e das principais rúas e edificios singulares do enclave vilagarcían foron de aparición frecuente na revista.

Os traballos de Núñez Búa en *Céltiga* corresponden a ándoles moi variadas. Hai, en primeiro lugar, algunhas fotografías da súa autoría que serviron para testemuñar algunhas das actividades didácticas desenvolvidas no Colexio León XIII: unha excursión á Lanzada, a celebración do maio, etc. Outras son mostras da súa propia vocación literaria como prosista, tanto en galego como en castelán, con relatos como “O canteiriño” (nº 18), “O melro engaiolado” (nº 29-30), “Cuentos de reyes” (nº 49), “A gata da fidalga” (nº 60) e “Señor Alberte o caseiro” (nº 94).

Trátase, en xeral, de narracións breves e estilizadas, de protagonismo popular preferentemente, cheas de humanismo e sensibilidade social e ecolóxica *avant la lettre*, nas que resulta difícil non ver o influxo das “cousas” de Castelao e dos contos de Dieste. A protagonista de “O canteiriño”, por exemplo, unha muller labrega pobre, abandonada e solitaria, é da mesma estirpe que as respectivas “Marquesiña” e “Estreliña” retratadas polos autores rianxeiros. O merlo que protagoniza outro dos contos déixase morrer antes que seguir encerrado nunha gaiola dun amo taberneiro, cruel e egoísta, do mesmo xeito que o *sinnfeiner* irlandés Mac Swiney preferiu consumirse en folga de fame antes que ceder perante os designios tiránicos e colonialistas do ocupante inglés. No “Cuento de Reyes” un neno de familia rica e corazón bondadoso decide regalar todos os xoguetes que lle trouxeron os Reis á súa compañeira de xogos infantís, unha filla da paupérrima porteira que atende o edificio en que reside esa familia. En “Señor Alberte o caseiro” o protagonista é un vello solitario e alcoholizado que acaba morrendo deitado sobre a tumba de quen fora a súa feliz compañeira doutros tempos. E no conto “A gata da fidalga” (nº 60) Núñez Búa deixa en evidencia a ridícula teima, por antinatural, dunha fidalga beata por evitar toda inclinación erótico-afectiva.

Un terceiro tipo de colaboracións de Núñez Búa con *Céltiga*, en fin, sitúannos no eido da opinión xornalística máis ou menos literaturizada. Así en “O traballo do labrego” (nº 42), fixo un canto á importancia do labor agrario para o día a día,



Capa da primeira edición de Revoeira



alimenticio e espiritual, do conxunto da sociedade, afirmando que ese xeito de vida en contacto coa natureza superaba con creces como ideal os novos modelos *urbanitas* e industrializadores que daquela se estaban impondo na Galiza, mentres que no traballo “Arelas” (nº 173), dun xeito moi lírico, acertou a condensar as aspiracións enxebristas, universalistas, pacifistas, integradoras, dignificadoras e de progreso para o pobo da ideoloxía galeguista que profesaba.

A revista reproduciu no seu número 152, ademais, o texto que Núñez Búa dedicou a Vilagarcía no *Libro de Oro de la Provincia de Pontevedra*, de P.P.K.O., editado en 1930. Nese texto retrataba o papel da cidade ao longo do século XIX como destino favorito de bañistas de dúas clases totalmente diferenciadas: unha, a do “señorío antergo y heráldico, sostenido con dineros de buena calidad y prestigiado doctoralmente por universitarias y canónicas mucetas; outra, a da multitude de “labriegos de las altas tierras de Arzúa y Melide, de los valles de Deza y Trasdeza, y aun de la brava *Terra de Montes*”. Uns e outros, engadía Núñez Búa, “llegaban desde las tierras del interior, a partir de junio, para saturar el pecho de la brisa yodada y bretemosa de veiramar y meter en la médula de los ojos el fino paisaje de esta Arousa”. A seguir, glosaba Núñez Búa o proceso de espertar de Vilagarcía como enclave comercial senlleiro da ría arouzá e a dinámica de crecemento que conduciu á fusión / absorción dos núcleos de Carril e Vilaxoán “para hacer valer mejor sus derechos, para vigorizarse mutuamente”. O artigo remataba aplaudindo a intervención do concello no entorno da praia Compostela, para facer dela un elemento de atracción decisivo para unha cidade en constante medre.



Núñez Búa en 1978.


## CODA

Cando os seus amigos vilagarcíans lle organizaron un banquete de despedida co gallo do seu traslado a Vigo, enviaron á prensa unha nota (véxase o xornal pontevedrés *El País* de 15 de outubro de 1935) na que poñían negro sobre branco algúns dos méritos que adornaran a contribución xeral do homenaxeado ao progreso da vila arouzá, méritos que nós tentamos reconstruír e expoñer o mellor que soubemos nas liñas precedentes. Mal podía imaxinar entón Núñez Búa, en todo caso, que pouco tempo despois se desataría a cruel guerra do 36 e, con ela, un rosario de tráxicas perdas, un trebón de violencia cega sobre moitos dos seus amigos e un duro e longo exilio a vivir en carne propia na outra banda do Océano.


## Torrente Ballester e Riobó de Ons: unha conxectura

Por: Belarmino Barreiro Rosales

A partires do pasamento de Didio Riobó Bustelo o dezasete de outubro de 1936 na súa casa almacén de salga na Illa de Ons sen descendencia, a súa viúva María Antonozzi Polemca abandona horrorizada Bueu e regresa á Arxentina non sen antes deixar a cargo a xestión das Illas e a súa principal Sociedade “Isla de Ons, S.Ltda.” ó amigo do seu home e industrial conserveiro Gaspar Massó García. Con cargo a esta e mentres non se atopa comprador para o arquipélago, tralo intento frustrado un ano antes polo Goberno da II República, a entidade Massó Hermanos, S.A. ía entregando a conta diversas cantidades para a subsistencia tanto da viúva coma dos herdeiros de Pedro Riobó Bustelo, irmán do causante e segundo o testamento outorgado e acordo acadado entre as partes mediante contrato en 1937 que estipulaba o setenta e cinco por cento para a cónxuxe e o vinte cinco por cento restante para a tamén viúva Margarita Nigorra e os seus fillos, Manuel, Pedro, Dolores e Margarita Riobó Nigorra. Será esta última, a viúva de Pedro Riobó cos seus catro fillos a que máis apremie ó novo xestor de Ons na entrega de cantidades de cartos sempre previa a liquidación posposta da devandita Sociedade depositaria de todos os arrendamentos rústicos, urbanos e pecuarios que a Illa proporcionaba, aínda mesmo anos despois da expropiación das Ons por parte do Estado Español en 1941 por un millón de pesetas e formalizada a compra o dous de decembro de 1942:



Folleto titulado “Isla de Ons, S.L. Conservas. Casa fundada en 1930” confeccionado e difundido pola familia Riobó durante a petición de reversión. (Por facer alusión no artigo a esta Sociedade que aínda hoxe existe pero sen actividade”



*“Gaspar Massó García. Vigo 7 de marzo de 1942. Sra D<sup>a</sup> Margarita Nigorra, Viúva de Riobó. Presente. Moi Sra. Miña: en constestación á súa carta 27 de febreiro último, sinto participarle que sendo cuestión de días a formalización da venda ó Estado das Illas, non é posible complacela no que solicita nin facer tampouco ningunha modificación nos arrendamentos establecidos despois de asinado o contrato previo de venda co Ramo de Guerra. Confío que, conforme me indican, logo se formalizará a escritura correspondente, co cal a situación económica de Vostede e os seus fillos, mellorará sensiblemente e, mentres tanto éme grato quedar coma sempre ó seu dispór, asinado....*


*“Recibín de Massó Hermanos, S.A. de Vigo, por conta de Isla de Ons, a cantidade de ptas.- 2.000 (dos mil pesetas), para atender ás necesidades dos meus fillos, como segue: para*



*matriculas e estudos do meu fillo Pedro, mil e para vestido e atencións do meu fillo Manolo, mil. Vigo, 7 de setembro de 1946. Son ptas.- 2.000,00”*

*“Recibín de “Massó Hermanos, S.A. de Vigo, por orde e conta da miña irmá, dona Margarita Riobó de Casado, e a conta do que pode corresponderlle na liquidación de Isla de Ons Ltda. Ptas.- 4.500,00 (catro mil cincocentas pesetas). Este cobro realizouno, pola súa autorización, segundo carta 2 de outubro corrente, (dirixida a Massó Hnos que se recolle por dita cantidade). Vigo, 13 de outubro de 1947. Asinado por P.A. de Margarita Riobó Nigorra”.*

Neste ano de 1947 procédese á liquidación de haberes de “Isla de Ons, S.L.” que non á súa disolución, pois aínda hoxe consta de alta con períodos de inactividade grandes no Rexistro Mercantil. Esta particularidade unida á casualidade nos anos noventa con motivo dunha conferencia en Madrid do xurista Eduardo García de Enterría sobre o dereito de reversión na lexislación vixente contemplada na Lei de expropiación forzosa, animan á póla da familia de Dolores Riobó Nigorra e Manuel Riobó Fernández a iniciaren a consabida reclamación de devolución das Illas Ons co resultado que xa coñecemos ( favorable non en especie, senón como indemnización en cartos)... Nesta orde de acontecementos, sabemos que Gonzalo Torrente Ballester regresa de París por mor da súa tese doutoral a Bueu vía barco ó porto de Vigo en outubro de 1936, pois o seu pai exercía de Comandante da Axudantía Militar de Mariña en Bueu dende había cinco anos e onde el casara en primeiras nupcias con Inés Malvido en 1932 e coñecía todo o ambiente e compartía amizade coa “intelectualidade” do momento. Precisamente no outono de 1936 vivirá a detención de José Gómez de la Cueva, o alcalde destituído no alzamento e a morte de Didio Riobó como quedou xa dito. É aquí precisamente onde engarza a nosa historia. A bo seguro o insigne escritor (que foi coñecedor do Bueu da República) posiblemente e digo posiblemente (de aí a conxectura do título) soubo do desmantelamento das pertenzas da casa do defunto Didio Riobó na Illa de Ons cando se trouxeron os útiles de alá para o continente desembarcados no peirao de Massó, unido ó feito de que como xestor por encargo da súa viúva, Gaspar Massó fíxose cargo tamén das súas propiedades e bens na propia vila de Bueu, casa incluída e entre o que constaba o mobiliario do pai de Didio, o doutor Manuel Riobó Guimeráns, natural de Cela e cofundador do Hospital Nicolás Peña de Vigo como primeiro forense da cidade olívica. Era sabido que conservaban mobles de madeira de caoba do despacho do médico e mesmo un atril tallado coa feitura dunha aguia alada que viñera con el da súa etapa na guerra de Filipinas. Segundo a tradición oral, tivo que ser todo un poema ver o traslado de todo elo para a vivenda residencia dos Massó. Así



pois, creo que de algún xeito esta pasaxe quedou no maxín do noso escritor ferrolán que andado o tempo será o caldo de cultivo das súa triloxía “Los Gozos y las sombras” (1957-1962) e a súa “Pueblanueva del Conde” trasunto literario do Bueu do tempo da II República (1931-1936) con Caetano Salgado como novo rico industrial cacique ó fronte da localidade e en pugna co vello estilo de ser, representado entre outros, por Carlos Deza e onde acontecerá no primeiro libro da triloxía titulado “*El señor llega* (1957)” a desapercibida pasaxe coñecida como do despacho inglés de estilo “chippendale” mercado a un Lord, onde Caetano en contraposición a Carlos, Torrente presentara o despacho tapiado na nenez da Torre da casa fidalga antiga e vella onde agora mora. Esta escena baixo o principio de verosimilitude, ben puidera lembrar os mobles do doutor Riobó (no libro o Lord inglés) agora do upado industrial (Gaspar Massó) ....




Imaxe dun atril en madeira de caoba representando unha aguia alada. (Coma a do artigo)

*“Atravesaron as oficinas (...) máis alá dunha porta onde estaba escrito – Director-, a fisonomía do edificio cambiaba: calefacción, alfombra rica no corredor, **mobles de caoba** (...) Entra. Xa verás (...) Un despacho inmenso, de teitos altos (...) cuberto de carballo antigo; ó fondo unha ventanaxe gótico inglés (...) bos mobles, bos cadros (...) un óleo representando a Caetano con traxe de montar e fusta (...) Que Tal ? Gústache? (...) Carlos tardou en responder. Confeso que me sorprende. Aquí neste pobo.... Caetano palmeouno nas costas. Este pobo xa non é o que lembrás, e será moito máis. Pero douche a razón: o despacho é sorprendente... (...) Chippendale. **Compreino enteiro, a un lord arruinado; mandeino desmontar e, peza a peza, foi reconstruído na miña casa. Está igual que no castelo. A única diferenza é o meu retrato. Había o dun vello con perruca, pero como comprenderás ....** (Libro I, capítulo 6)*

Unha aparencia de verdadeiro reflectido nos mobles de caoba, bos mobles, carballo antigo e a substitución da imaxe do cadro que non do marco en si que segue a ser o mesmo (útiles de Didio Riobó por herdanza do seu pai médico, Manuel Riobó). “Compreino enteiro a un lord arruinado” que é tanto como dicir “adquirino a conta de ser eu agora o xestor universal dunha persoa certamente vida a menos que acabou traxicamente”...

Son dos que penso que aínda faltan moitos códigos por descubrir, resolver e estudar nesta grande obra que é a triloxía de *Los gozos y las sombras*, que non son outros que os arcaños do Bueu dun tempo que foi.



Imaxes da primeira edición da triloxía de “Los gozos y las sombras” (1957-1962) da editorial Orión



## GOGUE

Por: Agustín Beltrán Rodríguez

José Angel Rodríguez López (O Grove, 1953)

Xa no período escolar, moi cedo, espertou nel, e foi crecendo, un interese polo debuxo e unha aptitude que non o abandonarían durante a súa vida. Grupos musicais, futbolistas, soldados e animais foron obxecto da súa afección e máis adiante, xa no Bacharelato en Compostela, os seus compañeiros e algúns profesores.

Os primeiros tempos nos intentos de acceso á vida laboral (1973 en adiante) estiveron marcados pola busca de oportunidades. A primeira presentouse en forma dunha compañía de construción e decoración de Madrid na Administración e venta de apartamentos, durante un ano. A segunda nun departamento de decoración de baños e cocinas, onde se deseñaba á man (1975) coa única axuda do papel milimetrado. Destinado á filial de Vigo, consegue entrar no Faro a facer caricaturas do Celta, e ve a luz o primeiro libro, “Personaxes Vigueses”. Ven a ampliación a Nacional, Internacional e Opinión. Caricaturista na Voz (1982, 83). Volta ao Faro ata 1988; o Correo Gallego (88-89). Volta ao Faro e creación do Personaxe Estrela, FLOREANO, que segue vigoroso despois de 33 anos.

Hoxe en día, Floreano no Grove e Monchiña en Cambados perpetúan a súa presenza en bronce como testemuñas da Obra de Gogue.

A continuación veu a publicación de libros en Editoriais de varios países e a colleita de premios:

- Portada para o libro “KING OF SWING” sobre a vida de Ryan Howard, lendario xogador dos Phillies de Filadelfia, de Robert L. Mertz (New Jersey) 2007.
- Portada de “HISTORIAS DE LA ESPAÑA PLURAL” de Carlos Fanlo, Editorial Ronsel (Barcelona) 2005.
- Invitado a participar no Cartoon&Cocktails National Press Club de Washington, 2004 ao 2010
- Caricatura de Marilyn Monroe para o libro Marilyn in Art (Pop Art Books) de Roger Taylor (Londres-UK) 2008.
- Caricatura The Beatles para o libro Beatles Art (Boxigami Books) de Linda Webb (ChicAGO) 2010.



- Mención de Honra International Cartoon Contest (Silverton-Oregón)1996, 97, 98, 99, 2001
- Mención de Honra Amadora International Comic Festival , 2004, 2011 (Amadora.Portugal) Terceiro premio Cartoon of the week , 2004, 2009 (Kansas City)
- Premio José Martí, Medalla de Plata, mellor cartoon editorial por TIRA Y AFLOJA, publicado en El Tiempo Latino del Washington Post, 2014
- Premio José Martí, Medalla de Plata, mellor cartoon editorial por INMIGRATION, publicado en El Tiempo Latino del Washington Post, 2015
- Premio José Martí, Medalla de Bronce, mellor cartoon editorial por TRUMP, publicado en El Tiempo Latino del Washington Post, 2016
- Premio José Martí, Medalla de Oro, mellor cartoon editorial por JOHNSON vs TRUMP, publicado en Hoy en Delaware, 2021.



Para chegar a eles, o camiño non estivo alfombrado de flores, senón máis ben semella un difícil triplio salto dende aqueles debuxos de neno en cartóns de tabaco cun bolígrafo barato no bar da familia, pero foi limpamente superado con constancia, ilusión e eficaz profesionalidade. Na actualidade mantén unha actividade constante en diversos campos.

Unha breve ilustración poética intenta completar o seu perfil:

NO FÍO DUN MINUTO ENGAIOLADO,  
UN VELLO SABIO CUNHA BOINA MIRA  
O CARRUSEL DA VIDA COMO XIRA,  
AOS TEUS MÁXICOS LENTES ASOMADO.

DEBAIXO DO BIGOTE, TI, AGOCHADO,  
VES A SÚA SOMBRA IRÓNICA QUE ESTIRA  
E ENVOLVE O MUNDO. “TEN QUE SER MENTIRA”,  
DESPERTAS SUORENTO E ABRAIADO.

XURAN OS “FANS” DO HUMOR QUE NON É CONTO  
E AS AGUDAS SENTENCIAS DO PAISANO  
FANTE VOLVER Á REALIDADE PRONTO.

INDA QUE FORA UN SOÑO AMERICANO,  
QUE NA REDE É UN PULO ATA TORONTO,  
NON CONVERTAS NUN “IANQUI” A FLOREANO.



www.AudioVideoRestauracion.es Digitalización en alta calidad de documentos de audio e video. Telf 638789523



**Audio Restauración**<sup>®</sup>  
**Video** DIGITALIZACIÓN ARCHIVOS DE AUDIO & VIDEO

www.AudioVideoRestauracion.es

Edelmiro Trillo 13 Oficina 5B  
36600 Vilagarcía de Arousa

Teléf. 638 789 523

Bobinas de magnetófono, cassettes, discos, telecine, cintas de video...

*Viaja, que la vida  
es corta y el mundo  
es enorme*



**Viajes para Soñar**

Empresa - Vacacional - Producto propio - Grupos



C/ Serafín Avendaño 15, 36201, Vigo  
tlf: 986 44 16 78  
info@vioviajes.com www.vioviajes.com



**RESTAURANTE - HOTEL  
PINAREJO**



**Nuestro lema:  
SERVICIO Y CALIDAD**



DISPONEMOS DE 10 CÓMODAS HABITACIONES DOBLES Y 7 AMPLIAS Y CONFORTABLES HABITACIONES DE MATRIMONIO CON UN DORMITORIO ADICIONAL DE 2 CAMAS, todas exteriores, con baño, TV, parque infantil, aparcamiento propio y a 100 m. de la playa.

Especialidad en PESCADOS y CARNES a la BRASA, MARISCOS frescos y excelente TERNERA GALLEGA

**RESTAURANTE - HOTEL PINAREJO**

Ctra. de La Lanzada, Noalla - Sanxenxo - Telf.: 986 74 56 70



**Xerfa**  
mesón - restaurante

Arca, 15 A  
Telfs. 986 691 875  
606 609 643  
PORTONOVO - SANXENXO  
(Pontevedra)

www.descubregalicia.com  
e-mail: mesonxerfa@hotmail.com

Posición GPS:  
latitud: 42° 24'9" N  
longitud: 8° 50'23" W  
altitud: 38m.



Recettes Típicas Gallegas: **Parrillada de Mariscos Especial de la Casa**

**COMIDA PARA LLEVAR**

**AMPLIA CARTA**

Tenemos Menú con tres Primeros, tres Segundos, Postre y Café

**Tls.: 986 691 875 - 606 609 643**

mesón  
**LAREIRA D' LAREXO**

RECOMENDADO EN **tripadvisor**

RESTAURANTE OFICIAL DA "COFRADÍA DO CENTOLO LARPEIRO"

Alberto M. González  
Graña, 7 B - Telf. **986 731 718** - 36980 **O GROVE**  
www.lareiradolarexo.com · lareiradolarexo@gmail.com

## Rutas al Parque Nacional de las Islas Atlánticas de Galicia

Disfruta con nosotros de la belleza natural de la **Isla de Ons** y las **Islas Cíes**: las rutas a pie, los miradores, las playas de arena blanca y agua transparente, la rica gastronomía isleña...

**ONS** Servicio de barco desde Sanxenxo y Portonovo en Semana Santa, puente de mayo y verano.

**CIES** Servicio de barco desde el puerto de Vigo en verano.

También puedes realizar rutas guiadas en catamarán con visión submarina, rutas especiales, eventos... Precios especiales para grupos y escolares.

Información y reservas:  
T 986 731 343 - info@crucerosriasbaixas.com  
Compra tu billete on-line en:  
www.crucerosriasbaixas.com



## A Muller e o Mar: Divina

Por: José Manuel Dopazo Entenza

Colaborador externo do Instituto da Lingua Galega  
(Universidade de Santiago de Compostela)

*Son pacifista pero estou enfadada. Cando escribo, rebentan violentas ás dun paxaro namorado. As revolucións lévanse a cabo cando derrubamos fronteiras. Inventando, desfacendo e refacendo bailes. Chocando coas xeracións anteriores e co poder. Continuamente o poder nos amedrenta pero temos que ser capaces de pasarlle por encima. Desfacer, matar ese abuso de autoridade.*

*Somos libres para actuar.*

Lupe Gómez

As mulleres levan movendo o mundo desde tempos inmemoriais. Cargan con el ao lombo e turran como dunha xena rabuda. Ficolles agulletado no cordón umbilical e, a través del, nútrense dese poder telúrico que consegue que todas e cada unha delas voguen baixo unha única voz facéndoo xirar día tras día.

Por suposto, trátase dunha metáfora. Así e todo, como en calquera boa metáfora, existe parte de realidade. E é innegábel que as mulleres remexeron nas entrañas da terra da Illa de Ons os últimos douscentos anos: labrando, sementando, canalizando a auga para a rega, lavando a roupa, facendo medrar novas xeracións de mulleres... Con todo, non podemos afastar o pensamento do feito mesmo de se tratar dunha illa. De tal modo, estas mulleres non só furgaron na terra, senón que rabuñaron nos cons e nas laxes e, por suposto, abriron as augas do mar que as viu nacer, como Moisés fixo co Mar Vermello.

Unha destas mulleres foi Divina Otero Vidal, nacida no Cucorno en 1933 e que, tristemente, navegou cara a unha nova illa da man de Caronte en 2017. Por sorte, un anaquiño mínimo da súa memoria ficou retido connosco grazas a que me permitiu gravala o 12 de setembro de 2013, xunto á súa filla Amparo. Sirva este artigo como unha homenaxe a Divina e á súa amabili-

dade, así como a todas as outras mulleres que foron e son imperecedoiras como o granito que pisamos cada día de Pereiró ao Centulo, agora con parada inescusábel no Cucorno. Xa en 2010, o Señor Fransisco, tío de Divina, afirmaba contundentemente que as mulleres traballaban tanto ou máis que os homes:



Casa de Divina en 2012. Arquivo Dopazo

*Despois xa nor metemos ór barco[s] xa, pero a terra traballábase ighual, eh! Ata que se vén pa Bueu traballábase sempre. E ar mulleres traballaban tamén. A[s] mullere[s] ighual. No mar iba[n] ós perçébbex. Ór perçebes ar mulleres, ao pulpo non, pero ó preçebe iba[n], e á gharça —que lle chaman a gharfa ás álghar do mar, nós chamámo[s]lle marullo—, porque o compraban moito, disque era pár mediçina[s], entende[s]? Marullo do bo compraban.*

*Iba a muller e traía a dorna carghada sempre, eh! Pero ten habido moito temporal e aínda así carghában-a dorna. Ten metido a çen e a dou[s]çentos quilos. Viñan no último mar.e. E ar mulleres andaban alí, tamén, a iso. E ó preçebe andaban moito alghunhas, alghunhas! E de[s] pois á terra. A muller na terra é a que traballa, porque o home iba pó mar.e. E hai mullere[s] que labraba[n] tamén, eh! Era traballo. Era escravo.*

Era tan escravo recoller o marullo das praias, cargalo na dorna e esperar longas xornadas a que secase! Agardaren a hora en que a maré baixase para apañar percebes, rabuñando nas rochas coas mans e sen unha corda que as amalloe á vida. Era realmente duro o labor das mulleres. Tanto que en moitos casos xa baixaban ás pedras con dez ou doce anos. É o caso de Rosalía. Veciña tamén do Cucorno, que me relataba en 2012 a súa primeira experiencia:

*Eu fun pó preçebe de deç ánor, mira. Andaba miña irmán co meu pai. Dispoir miña irmá casouse e quedei eu. Eu era pequena, tería deç ou doce ano[s] mái[s] non tiña!*



Última fotografía de Divina, co neto no colo. Arquivo familia

Un auténtico atentado contra a infancia. Cortóuselles as ás a moitas destas nenas no momento máis tenro para lles pór unha raspa nunha man e unha rede na outra. Un labor herdado de nais a fillas. De pais a fillas tamén. E o peso do orbe cae máis unha vez sobre as súas cabezas, aínda que non leven mulido.

Foron moitas as que deambularon polo granito húmido da Illa, como acróbatas funámbulas realizando os exercicios propios co fin de recolleren o alimento das pedras. Así o testemuña Carme a Viúda:

*Eu teño ido móitar véceç á[s] Sías e a Sálv[o]ra, todo na dorna. Ibamos nós.e, ar mulleres.e, pero alghunhas, que non son todas.*

Para a supervivencia é fundamental a memoria. Transmitir o saber dunhas ás outras. Mais tamén recoñecer o labor das que as precederon:

*Boas precebeiras eran tres ou catro. Vouchas a nombrar: Siña Margarita a do Ratonero; Cándida, que é miña nai; e Laura, a muller de [I]Sidoro, que aghora xa morreu. Ésax eran preçebeiras de primeira porque os homes tiñan un barco —O Ratonero e mair Margarita, e [I]Sidoro e mair Laura tiñan un barco antre os catro— e en ver de meter mariñeiros, iban elas a axudarlle a eles. E iban aos aparellos a mais iban ó preçebe. E fono toda a vida a vender.e.*

*E nóx aprendémox o ofiçio con elas. Porque eu.e aprendino con miña nai, que fomos seis irmáns —seir mulleres— e ninkunha ten o ofiçio má[i]x que eu sola. Porque ela[s] tiñanlle medo e non querían ir a aprender.e. Pero eu non, era de.sa.çidida. Fun e aprendín. Esí luchamos ca nos vida sempre.*



Loitaron sempre, así é. E continúan a loitar. É de ben nacidas sermos agradecidas, e iso vese na memoria da tribo. De como o saber dos cons se lles lega, de igual modo que o tesouro máis valioso, a quen recibe nas mans o testemuño eterno nesta carreira de fondo. E a modestia. Corre polas veas destas mulleres a humildade a canda os glóbulos vermellos e o osíxeno. Non teñen maiores ínfulas. Deberan decorrer os camiños coa altiveza e a suficiencia precisas. Mais non. Abaixan a cabeza, asumen un novo rol e permiten que o mundo continúe a xirar.

Así mesmo era Divina. Malia o seu nome, que a endeusaba. Ela non considerou nunca que traballase no mar. Levaba a marca de ser muller nun mundo de homes. Elas non andaban no mar. Ese era o oficio reservado para os homes. Elas tan só recollían o algazo. Unicamente ían aos percebes. Varexaban a dorna para recoller a herba na Onsa ou ir buscar víveres a terra. Mais iso non era traballar no mar. E pensaban así porque se debían encargar de todo o labor da casa. Por iso, postular sen máis o poder de termar do vento coa ostaga, non se podía considerar traballo, senón liberdade:

*Eu ó mar non, que non me deixaban ir.e, se non eu ghustaríame ir.e. Iba móitar veces cando era así, chavala. Lovabame meu pai, que iba ós calamares, a pexcar así tamén. E iba, pero non me levaba. Non me quería lovar, non.*



Divina co seu home na Illa de Ons. Arquivo familiar

Divina relatava con plena conciencia de causa o xeito en que se realizaban os labores marítimos. De primeiras con certa reticencia, pois a mácula de anhelar ter sido mariñeira aínda a impregnaba. Mais, ao pouco, desenvolvía paso a paso todo o proceso:

*Á lura, tiraba a petera, así, pó largho. E despois.e, iba alando pa arriba hasta que viña. Cando a sentía, tiraba.*

Así, tal e como o esforzo diario das mulleres non suscitaba maior interese, o produto que elas extraían tampouco supuña gran cousa, por suposto, no lugar de onde proviña. Para onde ía era ben acollido, alienando por completo os anacos de vida que arrastrou co fin de ter ese manxar sobre a mesa. O cume de todo este proceso é o propio rexeitamento do seu produto:

*E ó pe[r]cebe nór non lle dabamos importancia. Antes.e, ibas a eles e vendíámoslos, pero se sobraba: “deixache algún pa comer?” “non, que eu...”. Non se quería! Eu hasta lle... inda lle teño hox[e] manía! Inda parece que lle teño manía a iso... E agora, pa comer un precebe, anda moi querido. E as çentolas, abría a veda e iban e traían a capachos pá casa e a xente non lle daba importancia.*

Divina foi tamén transmisora do saber silenciado. Legounos os nomes de quen a precederon nos labores do mar, rompendo co establecido socialmente:

*Pero aquí había mulleres que iban a pexcar coma os homes, eh. E iban ó polbo, si. Sarita xa iba, e a finada de Laura, unha veçiña que tiñamos nós equí, tamén. E iban ó percebe!*

Ela ben sabía do camiño aberto por Laura e Sarita. Ela era consciente do labor iniciado, que despois continuou namentres llo permitiron. Ela erixiuse cariátide do templo da historia a través do esforzo das súas mans de percebeira e o desacato da súa alma con sede de autodeterminación:

*[Para] collelo xa hai unha[s] raspas. Aghora xa os collen doutra maneira, que aghora teñen outras cousas tamén. E andan amarrados e teñen unhos traxes. Antes levabamos unhas raxpas e, donde había, [a]pañabámoslos. E, ó mirar que tiñáamor máis ou menos, á casa! Xa traíá-mos.e, esí, unhos cubos e, ó enche-lo cubo, xa se viña.*

*Pero bueno, eu móitar veçes tampouco no-iba... Iba a excapar. Acórdame que a primeira veç que fun, meu pai non me deixaba ir.e, e [d]espois[s] fun cun tío e ghanei deçasete mil pesetas. Daquela era bastante. Dixen eu “mira aghura!”.*

E non só desouviu as prohibicións da familia para ir ao percebe, senón que foi ao mar coma calquera outra muller –ou máis ben moza– da súa época. Cargaban a dorna de herba e toxo para os animais e facían recados da familia en curtas singraduras á terra:

*Ai, na dorna iba, porque na dorna ibamos a buscar o pasto pa lle dar aos animais, alá a aquela illa [A Onsa]. E ibamos nunha dorna tan pequena... e viñámos.e, que a dorna iba así [por riba dos límites]. Ai, na dorna fun móitar veçes! E alá, á Lançaza, ó viño. A buscar or barriler de viño ibamos alá, á parte da Lançada, na dorna. Eu na dorna iba ben.*



Divina traballando nos bares da Illa de Ons. Arquivo familiar (1)

Por suposto, era indispensábel vogar! Esa arte ancestral que as continúa a ligar á eternidade. Amarrar o remo ás mans. Amarrar as mans ao remo. Amarrarse ás arelas de liberdade infundidas polo vento que aloumiña a cara no verán:

*Eu? voghar? e logho!? Tiña-lle que axudar ó que iba, si vamos or dou[s] solos ou si iba con outra. Iba moita[s] veçes cunha chavala que había alí [no Cucorno], que era a miña amigha. E cando nos levaba o pai dela, e cando o meu. Entónçes.e, tiñámo[s]lle que axudar, que pa iso nor levaba.*

*Levábanos á mañán e recullíanos á noite, porque eles iban a pexcar.e, e nós ibamos a buscar o viño e xa nolo viñan traer. Eran barriles así de trinta litros, traíamos así.e, pequenos porque eran barcas pequenas.*

Así e todo, aínda non consideraba que fose ocupación. Quen traballaban eran os homes. Levar a cana para orientar a dorna, ese era oficio. Vogar podía calquera. Con todo, sempre escollían dúas mulleres para aforraren eles os esforzos...

*Eu iba nésar dornas cando tiña que ir, e non me mareei nunca. E teño ido a moer a Portonovo, que xa ibáamor dúas casas, hum? E, claro, ó ir tíñalle que axudar. Iba un home con dúar mulleres para lle axudar. Ar dúar mullérer voghaban a unha un remo e a outra a outro, home claro!, é así.*



Un labor fino como as filigranas e delicado como a ourivería son *peccata minuta* ao lado do manexo da vela. Controlar o vento, domealo de popa e de proa. Bolinar, capear, varexar. Navegar a barlovento e a sotavento. Esta é a verdadeira fazaña. Esta é a arte máis complicada de controlar. Por ese motivo, a esta habelencia Divina tíñalle certo respecto e mesmo medo:

*Ai, a vela fun móitar veces. [A dorna] tiña un palo e, [d]ispois.e, içaban a vela e levábana ben. Pero eu coa vela tiña moito medo. A vela lovábase cando había vento e, ó haber vento, a dorna iba así [deitada] e eu xa... se había vento, eu xa non quería ir.*

É comprensíbel que non quixese ir. Percorrían a xeografía galega desde Fisterra á Guarda encordoados á vida tan só pola ostaga, a forza do sortillame e a enteireza das cadernas. As dornas son cunchas de noz que aboian no mar a mercé do vento. Calquera descoido podía provocar un naufraxio. E iso levábao marcado a ferro Divina desde mui nena:

*Antes íbase ás alghas pa vender, chamabámo[s]lle marullo. Ibamos alá a Couso e á[s] Çias. Hasta temos ido a Sálvora. Unha ver viñáamor de aí de Couso e vén vento e chorei cantidá. E meu pai dixo que non me levaba máis. Quedei alá aghachada... Eramos catro e eu rompín a chorar.e. E ela a anghancharme así a camisa, así, a anghancharme pa que non me dera... Pero eu choraba. Dixen eu “non veño máis, eh”. Ó ter a vela, fechei os ollos e dixen eu “leva a vela, eu non veño”. Como viñáamor moi carghados, içaron a vela pa chegharmor máis pronto. Chorei cantidá, si. Eu iba millor a remos anque me a.rebentara a voghar, pero á vela non quería porque tiña moito medo, porque tumbaba [a dorna], fighurábaseme a min que tumbaba.*



Divina baixando desde O Cucorno co seu home

A pesar de todo o que viviu, Divina posuía un sorriso que atravesaba a alma de quen o recibise, deixándolle unha sensación de alegría permanente. Contaba con total tranquilidade e sen rastro de presunción o que para ela supuxo unha normalidade na vida. É o momento, por fin, de lle demostrar a valía das súas fazañas, que están mui por riba das historias épicas relatadas por Homero na *Odisea*, por Robert L. Stevenson na *Illa do Tesouro* ou por Jules Verne en *20.000 leguas baixo o mar*.

Divina, igual que todas as mulleres da Illa de Ons e boa parte da costa galega, protagonizou a súa propia aventura, tan intensa e interesante coma a de Ulises, Jim Hawkings ou o capitán Nemo. En verdade, a historia de Divina está á altura do *Vello e o Mar* de Hemingway, pois no seu silencio atesourou unha amizade inherente a quen loita co mar e polo mar. Ela buscou o seu oco no mundo abrindo as augas padexada tras padexada. Vogou cara á illa da liberdade sen mollar a punta do refaixo. Procurou existir a pesar de quen non llo puxo doado. Que pode haber máis heroico ca iso?

## “La Naviera del Noroeste” Como os vapores Ons e Sálvora acaban matriculados en Barcelona



Por: Lino J. Pazos Pérez

O 15 de abril de 1901, Valentín García Escudero, notario de Pontevedra e o seu distrito, correspondente ao Colexio da Coruña, levanta acta da reunión celebrada no seu despacho ao que acoden José Bofill Molfullada<sup>1</sup>, solteiro, industrial, veciño de Marín, Rafael Sáenz Díez, enxeñeiro de minas, casado, Luis Sobrino Rivas, médico e Ramón Peinador Vela, empregado, estes dous últimos viuvos, todos eles con capacidade legal para outorgar esta escritura de sociedade...

Nacía una armadora que agruparía ao máis “*granado*” da sociedade, non só de Marín, se non de Pontevedra, Coruña, Ourense, Madrid, etc., ademais de Inglaterra, como veremos.

A compañía, que se denominará “La Naviera del Noroeste” tería unha vida de vinte anos, con domicilio constituído en Marín, e un capital de 275.000 pts., dividido en “*quinientas cincuenta acciones de quinientas pesetas cada una*”.

A parte interesante deste documento consiste na relación das 68 persoas ou sociedades que se farían cargo de aportar o capital citado, entre os que atopamos personaxes tan representativos como Domingo Fernández, con dez accións, Justo Novás, con dous, Ángel Taboada, catro, Jesús Acuña Santos, dous, Rafael Montessino, catro, Eusebio Eraclio Méndez Vieta, dous, Antonio Pazos, dous, Bernardo Parada, dous e José Bofill, dous, todos eles residentes en Marín<sup>2</sup>.


Bueu quedaría relegada á presenza de tan só unha familia, os Sres. Massó, que posiblemente non moi convencidos da seguridade da inversión adquirirían dúas accións.

De Pontevedra, confirmarían o seu interese por adquirir as participacións, Manuel Becerra Armesto, con catro, Luis Sobrino, dez, Alejandro Mon, dez, Eulogio Fonseca García, catro, Eulogio Fonseca, dúas, Rafael Sáenz Díez, catorce, Ramón Peinador, dez, Remigio Hevia, catro, Fernando Olmedo, dúas, ou o Marqués de Riestra, con vinte, ademais doutras 17 persoas máis.

De Ourense uniríanse á aventura financeira Miguel Prada e Vicente Vázquez, con dúas accións por cabeza. A capital de España estaría representada por Francisco de Federico, Alejandro de la Torre, Eduardo Vincenti e Luis de la Peña, con dez cada un, e Eugenio Montero Ríos, de Pontevedra pero residente en Madrid, con cinco.

A Coruña adquiriría oito accións, que estarían en mans de Manuel Díaz González e Dolores Flores de Rubine; de Santa Uxía, Martínez Fernández e Irmán, con catro e Emilio Colomer, con dez.

Gerardo Varela, de Noia, apostaba forte e facíase con 15 accións; Vila-garcía, Cameron Walter, con seis; A Pobra, Viúva de Villoch, dúas; Vigo, Ángel Sáenz Díaz, dúas, Joaquín Pérez, dez, Enrique Mulder, dúas, Fernando Conde, dúas, Antonio González, dúas, Sres. Ferrer y Cía., seis e Francisco Esténs, dúas.



NAVIERA DEL NOROESTE, PONTEVEDRA

<sup>1</sup> José Bofill Molfullada, de 32 años, asóciase en 1899 con Herrero, formando unha sociedade denominada Herrero y Bofill, “*para la compra de sal, pinos, carbón...*” (PAZOS PÉREZ – BUDIÑO CARLÉS. *Pontones carboneros en Marín...*).

<sup>2</sup> Temos constancia de que varios destes inversores estaban relacionados coa industria da salga, como Fernández (que puidera ser da saga dos Cordero), ou Eusebio Eraclio Méndez Vieta, o mesmo que os Massó, de Bueu, e outros accionistas que apostarían pola nova compañía, como os Peinador, Riestra, Ferrer, Villoch, Estens, Goday, Lafuente, Llauguer... (PAZOS PÉREZ. *Fomentadores...*).



Vilanova de Arousa estaba representada, como non podía ser doutra maneira, polos conserveiros José e Manuel Goday Gual e Manuel Lafuente, Ricardo e Carmen LLauger, con dúas participacións por cabeza.

Santiago de Compostela levaba ao accionariado da *Naviera* a Pedro Páiz Lapido, que adquiriría cinco, e Sáenz Díaz, dúas. Padrón estaba representado por José García Núñez con dúas e José Sanmartín, con seis.

O capital estranxeiro, neste caso británico, estaría encarnado por Ed. T. Agins Ltda., e Marine Investment Co., de Londres, con cinco cada un dos grupos inversores.

O resto das accións, 195, que non atoparan inversor, quedarían en mans dos Sres. Herrero e Bofill.


A aposta era importante, e o primeiro movemento sería o de encargar dous vapores a un estaleiro de Barcelona, considerado como un dos máis importantes do momento; os barcos estarían dotados das últimas innovacións en canto a sistemas de navegación, seguridade, etc.

O estaleiro escollido sería o de J. Burell, situado en Can Tunis (Casa Antúnez, por certo, barrio mariñeiro onde nacera miña nai) de Barcelona, fundado en 1895, que construía o casco e as máquinas, tanto de vapor como de explosión (estes estaleiros, ao vender as súas instalacións barcelonesas a Astilleros Cardona en 1917, emprazárianse en Blanes pasando a denominarse Burell y Cía.<sup>3</sup>).

En canto os talleres recibiron a cantidade estipulada para a posta de quilla púxose mans á obra, quedando en realizarse os pagos oportunos así como os dous buques foran tomando forma.

Tratábase de dúas unidades xemelgas de 27,60 metros de eslora, 5,10 de manga, 3,40 de puntal, 118 TRB e 53,35 (67) netas; que montaban máquinas alternativas sistema compound de dos cilindros con condensador de superficie que lles proporcionaban 84 Cv indicados e 21 nominais, levando sobre cuberta un pau aparelado de balandro. Cada unidade estaba valorada en 128.000 pts.

Con mala sorte botáronse nas temperadas augas mediterráneas estes vapores que estaban pensados para levar o nome de dúas das nosas illas máis senlleiras, Ons e Sálvora, e cando digo mala sorte non me refiro a que naufragaran ou embarrancaran nos seus primeiros días, senón ao conflito entre o propietario do estaleiro e a casa armadora que os mandou construír, que se alongaría ata 1908.



Asento do vapor Ons (Arquivo da Capitanía Marítima do Porto de Marín)

3 GARCÍA DOMINGO. 80 anys de construcció naval a Tarragona. Astilleros de Tarragona.

COLABORA:



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Todo comezaría cando o 18 de decembro de 1903 recibíase na Comandancia de Mariña de Vigo un telegrama do Ministerio de Mariña polo cal se anulaba a inscrición dos dous barcos en Marín, debido a que o construtor reclamaba á Naviera un “importe de 81.692,85 pts.”, según “mandamiento del Juzgado de 1ª Instancia de Pontevedra, por exhorto del juzgado de Barcelona”.


A difícil situación pola que pasaba a compañía, ou intereses achegados aos armadores principais, deu ao traste coa operación cando os barcos xa estaban a nome da “Naviera”, que co fin de non verse inmersa nun largo e posiblemente custoso preito co construtor, chega a un compromiso co seu representante<sup>4</sup>.

O resultado do acordo queda reflectido no documento que asinan as dúas partes ante o notario pontevedrés Valentín García Escudero<sup>5</sup> o 10 de xuño de 1908, segundo o cal, “comparecen Rafael Sáenz, casado, Ingeniero de Minas, vecino de esa capital y Francisco Haman y Calvi, soltero, abogado que lo es de Barcelona como apoderado de José Burell y Magro, soltero, industrial y vecino de Barcelona... y Rafael Sáenz en representación de La Naviera del Noroeste, de Pontevedra.

Que la sociedad... encargó a J. Burell y este construyó dos vapores a quienes puso a uno el nombre de Sálvora y a otro el de Ons. Que inscritos dichos vapores a nombre de dicha sociedad en la Ayudantía de Marín, hoy Comandancia de esta capital, fue anulada tal inscripción en 18 de diciembre de 1903 por telegrama del Excmo. Sr. Ministro de Marina, declarándose válida como inscripción provisional a favor de dicha sociedad hasta que los tribunales ordinarios declaren quienes sean los propietarios de los dos vapores... con arreglo a la Real Orden de 4 de junio de 1904.

Que Rafael Sáenz celebró... convenio con el constructor de dichos buques para evitar los gastos que se ocasionaban con acceder a los Tribunales y acordaron que la inscripción de los ya referidos vapores Ons y Sálvora que según la mencionada Real Orden... (que se inscriberan) como provisional a nombre de “La Naviera del Noroeste de Pontevedra” se haga definitiva por el Ayudante de Marina de Marín o Comandante, según corresponda, a nombre de José Borell y Magro como único dueño de los mencionados vapores, renunciando, si fuera preciso, a favor del mismo de derechos que pudiera tener en la propiedad de tales buques La Naviera...<sup>6</sup>”. Asinan como testemuñas Faustino González Estonllo e Rogelio Luaces Peón.

Os barcos<sup>7</sup>, **Ons**, sinal de chamada JBNM, e **Sálvora**, JGPN, pasarían a matricularse en Barcelona cos folios 173 e 174 desa 2ª Lista, respectivamente, pasando a formar parte da flota de A. Maristany, de Barcelona, que vende o *Sálvora* en 1909 a M. Soriano, de Valencia.



Asiento do vapor Sálvora (Arquivo da Capitanía Marítima do Porto de Marín)

**NOTA:** Sobre o meu artigo no nº 27 de AUNIOS sobre a Capela da Lanzada. A referencia dos documentos, por se alguén quere consultalos, é: **AHPP. Ambrosio de Morales. G 327. T. 7, f. 8**

4 BUDIÑO CARLÉS - PAZOS PÉREZ. *Vapores pesqueros en Marín*.

5 O mesmo que certificara a sociedade en 1901.

6 AHPP. G. 20527. Valentín García Escudero.

7 Na Matricula Industrial de Marín deses anos figura o xerente da Naviera del Noroeste como propietario dun vapor de 53 toneladas nomeado *Ons* (AHPP. Legajo G.8695). Os barcos estiveron inscritos na 2ª lista de Marín correspondéndolles os folios 1417 e 1418, respectivamente, durante ao menos o ano 1902 (BUDIÑO CARLÉS – PAZOS PÉREZ. *Vapores pesqueros en Marín*).



# FROIZ



Siempre a su servicio



**GARDO**  
ALUMINIOS PVC



DIRECCIÓN

C/. Ponte Dena, 3  
36967 Dena - Meaño [PO]

TEL./FAX

T. 986 070 157  
T. 625 015 067

E-MAIL/WEB

info@aluminiosgardo.es  
www.aluminiosgardo.es



**TABERNA  
LAVANDEIRO**  
Corgo, 2

O GROVE



mariscos - cocíña caseira  
viños de Galicia

Telf.: 986 731 956

O GROVE (Pontevedra)







**ESPECIALIDAD EN: PULPO,  
PESCADOS, MARISCOS Y CALDEIRADAS.**

**MENÚ DEL DÍA**

**Amplio comedor para:  
EXCURSIONES, GRUPOS,  
ESCOLARES, DESPEDIDAS...**

**696 991 986**



**PROFESIONALIDAD Y EXPERIENCIA  
ILLA DE ONS**



Arra, 8 - 36970 Portonovo (Pontevedra)  
Telf. Bar: 986 691 991  
Telf. Casa: 986 723 029 - 986 691 617  
[www.casazulema.com](http://www.casazulema.com)  
[info@casazulema.com](mailto:info@casazulema.com)  
Situada a 900 m. de la Playa Montalvo



El hotel Gaviota se encuentra en Sanxenxo, en el entorno natural que rodea a la playa de Montalvo, una de las más bellas de la zona, a 200 m. del hotel. Dispone de habitaciones dobles y exteriores con terraza, cuarto de baño, televisor y calefacción. Cuenta con piscina, jardín, aparcamiento, cafetería con terraza, salón social con biblioteca, recepción, WI-FI gratis.

**Playa de Montalvo, 32 - 36979 SANXENXO (Pontevedra)**  
**T. +34 986 72 39 42 - [info@hotelgaviota.es](mailto:info@hotelgaviota.es) - [www.hotelgaviota.es](http://www.hotelgaviota.es)**





Por: Arturo Sánchez Cidrás

Eran as catro da mañá do xoves 14 de setembro de 1972; e segundo o parte meteorolóxico, noite despexada, pero fresca. A familia bueuesa Dolores Malvido e Luís Eugenio Davila acudiron, coa presa dun parto próximo, ao Sanatorio Santa María da capital<sup>1</sup>. Alí teñen o seu segundo fillo ao que días despois lle poñen o nome de Luís. O que ninguén sabía era que o neno agochaba a semente da arte, a que co paso dos anos medraría para goce de moitos. Mais non adiantemos acontecementos e vaíamos pouco a pouco...

A súa traxectoria académica comezou no parvulario do Colexio Virxe Milagrosa de Bueu onde unha monxa será quen de capitanear, con maior ou menor acerto, os seus primeiros trazos co lapis.

Rematada esta etapa pasa ao Grupo escolar de Bueu, hoxe CEIP Plurilingüe A Pedra, onde estuda a Educación Xeral Básica (EXB)<sup>2</sup>, logo pasou ao Instituto... pero o que en realidade máis interesa coñecer é a súa traxectoria no relacionado a esa paixón polo debuxo.

El mesmo lembra en distintas entrevistas e charlas que dende pequeno lle gustaba moito debuxar, de feito no colexio os modelos eran os compañeiros, mestres,..., que ás veces chegaban a fotocopiar os debuxos para levar entre eles; e ata chegou a debuxar a súa peculiar '*Capela Sixtina*' de superheroes, monstros, animais, indios e vaqueiros etc. polas paredes da súa casa. Tamén reconece que se formou co exercicio de copia de debuxantes consagrados ao través dos cómics (Asterix e Obelix, Tintín,...) ou das bandas deseñadas (El Roto, Quino, Forges, Gallego Rey etc), coa metodoloxía académica na Escola de Artes e Oficios 'Pablo Picasso' de A Coruña e, nos últimos anos, co traballo e estudo diario.



Luís Davila Malvido

A pesar de todo non aterrou como profesional no campo do debuxo de forma directa xa que os seus tres primeiros anos no mundo laboral fíxoos nunha Caixa de Aforros, actividade que deixou para estudar o que en realidade lle gustaba, o Deseño Gráfico. En 1995, rematados estes estudos na Coruña, pasa a exercer para axencias de publicidade como deseñador gráfico. En 1997 entra a traballar no Faro de Vigo como ilustrador de infografías, maquetaxe, portadas para

<sup>1</sup> Xa non se levaba o de parir na casa, e en Bueu non había, nin hai, centro hospitalario. Os sanatorios e hospitais pontevedreses eran os lugares de referencia aos que acudían unha grande parte da poboación.

<sup>2</sup> Do paso polo centro, del e de todos os do seu curso, aínda hai profesores que se lembran con moito cariño e nostalgia. Por nomear unha, a título de exemplo, direi Josefa (Pepita) Louro Lojo que é a que sempre me fala deles. Nalgunha entrevista Luís queixase de que non era bo estudante; lembro que no último curso da EXB, en todas as materias, o número de sobresalientes superaban ao de notables (que era a nota máis baixa que tiña) o que o desminte polo menos neste tramo académico.

Suplementos, ilustracións, deseño de páxinas interiores, caricaturas etc. e onde comezou coas tiras de humor dende a estrea da edición do Morrazo do mesmo xornal.

Dende o primeiro momento as súas tiras de humor apoderáronse do sorriso de moitos lectores que, cada vez máis, o seguen con avidez en: «*O Bichero*»<sup>3</sup> (no Morrazo), «*O Tochas*»<sup>4</sup>, «*O Fotomatón*» (en Vigo), «*O Toxo*»<sup>5</sup> (no Deza) etc.

Pero as cousas non ocorren por casualidade, e o éxito de Luís Davila ten moitos elementos relevantes detrás. Comezando porque é un grande artista como debuxante e pintor que, dende o seu reduto de liberdade, explora con ‘*outra mirada*’ a esencia do acontecer diario no mundo da política, deportivo, social,... para logo debuxala co filtro da idiosincrasia e o sentir do local, que é o que máis coñece. Por iso adereza todo de algo tan vital para el como a ironía, a retransa, o humor, a linguaxe, para presentalo como espazo para a reflexión e goce intelectual. O seu humor pinta de “branco”, non ofensivo, fuxindo deliberadamente do escatolóxico e doutras cores que polarizarían a mensaxe.

El mesmo tamén reconece que non sempre é doado conseguir cada día unha boa idea que faga unha crítica ou mostre aspectos inesperados da actualidade. Pero aí é onde a creatividade e curiosidade, potenciados co esforzo e o labor de autocrítica, lle axudan a mellorar para sacar adiante as viñetas.

Os personaxes que utiliza están celosamente coidados e caracterizados e xorden do máis esencial das mulleres e homes coas que se atopa na vida diaria, como “*Dora desbrosadora*”, unha muller que define como brava, forte, voluntariosa..., e outros protagonistas como Moncho, Lurditas, Marsial, Araceli, Margarita etc.

Luís Davila non só che fai rir coa actualidade senón que de cando en vez el rise de si mesmo e ofrécese como diana da risa como cando pon un debuxo dun mariñeiro nun bote cun contorno baleiro, incompleto e di “*Unha de dúas: ou isto é naboeiro, ou o debuxante tiña poucas janas de debuxar*”<sup>6</sup>, perfeccionado, como pode verse na viñeta, 22 anos máis tarde; ou como cando naceu o seu fillo Roi...



### Luís Davila pintor:

Como artista plástico que é, a súa produción canalizouse tamén por outras facetas da arte como pode ser a pintura, pintura mural (Pontes, Lugo, Bueu, Cedeira, Pontevedra, Santiago -F. Galega de Fútbol-, Vigo -Iona de Marcador en Balaídos- etc.), carteis de festas (Rábade, Tintafemia, Pan con touciño, ...), o debuxo dixital e outros eventos (Exemplo a Marcha Jarnacha de Arteixo).

<sup>3</sup> Nome elixido por referendo entre os amigos de Luís. O outro nome que lles propuxera era: ghallapán.

<sup>4</sup> Estreado no verán do 1998.

<sup>5</sup> Nome dun mozo que goza das vacacións...

<sup>6</sup> Faro de Vigo 14-9-1999



Ao mundo do lenzo chegou máis tardiamente (2000), pero o fixo con selo propio. A súa pintura é fundamentalmente figurativa na que pon a pegada nas liña e no tratamento das cores. Cores que son planas e perfectamente combinadas para, coa barreira da liña, reflectir outras dimensións e permitir outras formas interpretativas da imaxe que estiliza a base de superposicións suxerinte deixándoas espidas do superfluo.



Unha grande parte son acrílicos nos que a temática foi evolucionando dentro dun círculo recorrente como é a muller soa, como deusa da música ou traballadora en oficios artesanais, moitos deles esquecidos; tamén os homes coma mariñeiros ou labregos; o mundo do mar e o folclore etc.

Para amosar a súa obra e chegar con esta a moita xente válese dos recursos que permiten a súa web e o seu blog ou as redes sociais, pero tamén enfrenta a obra e o público nas exposicións nas que participa ao longo da xeografía galega. Exposicións como a que en 2003 participou con outros



2003-Exposición en 'A Pedra'

artistas bueueses, co gallo das Letras Galegas no Colexio A Pedra; ou polo Día Internacional da muller (2005), na sala Amalia Domínguez Búa de Bueu; Galería Chyoma de Vigo (2009); CIM de Poio (2012); no Espazo Expositivo do Centro Cívico do concello de Malpica (2014); en "O camiño do humor" no Museo do Mar de Galicia en Vigo (2019); na capela de S. Toque en Sada (2021- programación do Movemento Cultural Esperto); no Centro Comercial Arousa etc.

Luís Davila, aparte da satisfacción de moita xente tamén obtivo un recoñecemento a través de certames ou convocatorias oficiais. O primeiro foi en 2005 pola súa obra plástica no do IX 'Certame de Arte no Morrazo'. En canto á Banda deseñada gañou en catro ocasións (2014-2016-2017-2019) o Premio Fervenzas Literarias.



É de destacar, aínda que sexa menos coñecida, a súa defensa da Lingua Galega a través do seu traballo e de carteis específicos para defendela e/ou promocionala, polo que en 2014, acadou o Premio San Martiño de normalización lingüística convocado pola Asociación Cultural O Brado da Estrada e en 2016 o Premio Xoán Manuel Pintos ao compromiso coa lingua na 6ª edición, convocado polo Concello de Pontevedra e a Rede Amiga da Lingua (REAL). Premio Trasalba 2023, que entrega A Fundación Otero Pedrayo.

### Davila e o Teatro

Luís Davila xunto co seu amigo o actor Carlos Blanco, como artistas do humor levan espectáculos de teatro non só pola xeografía galega senón tamén polo estranxeiro e ata polas aulas dos institutos e colexios.

Puxeron en marcha funcións de teatro como 'Menú do día' que ao seguinte anos derivou en 'Menú de noite' na que traballan coa actualidade como tema, coa palabra do monólogo de Carlos e coas imaxes dos debuxos de Luís.





O formato de debuxar en directo na tablet o utilizouno en diversos eventos como coa música en directo da banda de Bueu no Festival de Curtas de Bueu (FICBUEU) 2017; na inauguración do estaleiro de Purro (en Bueu) mentres catro poetas lían os seus versos; ou cando con Carlos Blanco conduciron os *V Premios Martín Códax* no pazo da Cultura de Pontevedra etc.

Esta comuñón entre Luís Davila e Carlos Blanco vai máis alá do teatro e cristaliza (2016) noutras colaboracións, exemplo dos cales é o fomento da cultura escénica local da Illa de Arousa, coa Asociación '*Cultura nos cons*' na que tamén participan artistas coma Budiño, Uxía e outros.

### Luis Davila, referencias bibliográficas

En 2007 comeza a publicar na revista de humor *Retranca* (2 páx.) na que en 2008 dáse unha separata-libro monográfica de Davila co título *Jalisia kanibal*. Colabora en diferentes salóns de banda deseñada e humor. En 2009 e 2011, coa edición por parte da Federación de



Comerciantes e Industrias do Morrazo (FECIMO), vén a publicar tres libros titulados «*O Bichero*», nos que fai unha selección das tiras deseñadas deses anos que acadaron unha grande aceptación ata chegar a esgotalos prontamente. A partires de 2014 a 2020 edita 8 libros máis cun formato semellante e co mesmo título, coa diferenza que nestas ocasións Luís Davila é autor e editor.

Para celebrar os 20 anos na sección «*O Bichero*» do Faro de Vigo, este xornal publica en 2019 un libro titulado '*Ilustrando. As historias do noso día a día. O Bichero*' coa "recompilación do mellor da súa obra".



En 2008 a *Sociedade Anónima Xestora do Banco de Terras de Galiza* (BANTEGAL) editou o libro '*Sorrisos e boa colleita: unha homenaxe dos humoristas gráficos galegos ao noso rural*'. E, como é de supoñer, non podería faltar o bueués Luís Davila cunha nota biográfica e unha tira de *O Bichero* nas páxinas 32-33.

No 2013 o Faro de Vigo edita o libro '*Humor gráfico de Faro de Vigo. Noventa anos de sonrisas*' no que fai un repaso de todos os humoristas gráficos que publicaron, dende 1923 ata ese momento no xornal vigués. Como non podía ser doutra maneira aparecen referenciados dous artistas bueueses como son Salvador Massó García e, como non, Luís Davila.



### Luis Davila na comparsa Vou nun Bou

Dende 2004 Luís Davila e os seus compañeiros saen á rúa militando activamente no acontecemento transgresor por excelencia, o Entroido, e fano pola canle da "*troula, festa rachada e crítica social*" ao que habería que engadirlle cos filtros de solidariedade, respecto, denuncia, política etc.



Nos últimos 18 anos, *Vou nun bou* é uns dos referentes do Entroido na bisbarra. De Davila e demais compañeiros hai quen di que semellan levar a troula no ADN, ou cando menos véselles con expectación espallando esta en forma de carteis, letras, adornos...

As raíces do grupo están solidamente fixadas a Bueu, máis eles considéranse un barco amarrado a Bueu, Beluso, Cela e á illa de Ons.

Con respecto a Ons, dicir que todos os anos os compoñentes da comparsa pasan unha fin de semana de celebración nesta, polo que non é de estrañar as referencias á illa que agora veremos.

No 2007 sacan, entre outras composicións, o que moita xente considera o himno de Bueu: “*Son de Bueu*” onde nunha das estrofas ten en conta o solpor da illa:

*As dornas coas súas velas  
riqueza da nosa ría  
o branco das súas praias  
e o sol por riba da Illa.*

Neste mesmo ano outra das cantigas titulouse “*A dios rogando*” que tal como recolle Onstopus 4 ten que ver coa anécdota ocorrida o Día de Defuntos do ano anterior coa lectura, a todos os que acudiran ao cemiterio, dunhas oracións por parte dunha rapaza da illa en resposta ao peche da igrexa...

*Na Illa houbo cerimonia  
día de tódolos santos  
ela dirixía os rezos  
no lugar do camposanto  
Púxolle tanto fervor  
cando foi dicir o credo  
xa conseguira reunir  
tres Dioses e dous Sampedros*

**ESTRIBILLO**

*Carallo!!! vin visitar os defuntos  
e estou algo emocionada  
pro ano tamén hei de dar as ostias  
que xa estou acostumbada  
Estas son historias da Illa  
estas son historias de Bueu  
Estas son historias da Illa  
estas son historias de Bueu*

*Non había monaguillo  
que lle tocara a campana  
ela virou o mandil  
dixo: "xa teño sotana"  
Díxolles non vós queixedes  
que xa tendes cura novo  
¡¡¡mira qué cachas, qué peitos!!!  
¡¡¡este cura, ten de todo!!!*

**ESTRIBILLO**

*A cousa non é de broma  
que comentou moi en serio  
a ver se xunto unhas monxas  
pra fundar un monasterio  
Propoñemos desde aquí  
aínda que sone de risa  
na festa de San Xaquín  
deixen a ela, facer a misa*  
**ESTRIBILLO**



No 2010 coa lembranza daquel episodio no que se di que o cura Blanco Clemente lles aconsellara aos insulares de Ons, que para a súa defensa por extraer ilegalmente os metais dun barco afundido que lle dixeran ao xuíz que atoparan o “ferro aboiano”, unha das letras do Vou nun bou titulábase “*O porco aboia*” no que narra o que pasou ao levar un porco á illa:

*Esta historia comezou  
por levar un porco á Illa.  
“Cóidame deste animal  
porque é unha marabilla”.*

....

*Que tranquilo iba o porquiño,  
lle meteran dobre sedación.  
Que contento iba aquel home  
da mellor persebeira de Ons.*

...

*Estas son historias da Illa  
estas son historias de Bueu,  
estas son historias da Illa  
estas son historias de Bueu.*

Pero a referencia máis clara foi a do Entroido 2020, ano en que os veciños de Ons estaban a ter problemas serios coa administración. E *Vou nun Bou* tomou partido e coa música de Talismán (Rosana) cantaron “*Ons en loita*”:

*Vaia xogada fixo o Padriño,  
jodeu a Illa para os amighos.  
Privatizándoa entre bastidores,  
irá expulsando ós seus moradores.  
Rematará poñendo unha verja,  
farase o amo e sen darse cuenta.*

*E cando vaian velar ó camposanto  
no habrá ninguén alí enterrado.  
E construírán no seu lugar  
apartamentos e adosados.  
Camisa negra é a cor contra ese cupo  
que marcará o seu futuro.  
Ninguneados, a reacción é pelear xuntos.*

*Comenza a loita de unha estirpe  
moi orgullosa das súas raíces.  
Por eses homes, esas mulleres,*

*con coraxe e tesón deixaron alí a pel.  
Agora van vir os fondos buitres  
para cambiar as casas por suites.  
Farán negocio dun patrimonio,  
por ben da humanidá.*

*Forzas do mal merodean a Illa,  
entran nas casas, pasan revista.  
Hai que agocharse dos picoletos.  
¿Como llo contarán ós abuelos?  
Ai! Camavey xa non é o que era,  
o pijerío borrou as huellas.*

*Como unha losa caen no vecindario,  
para ir a Ons sacar visado.  
Ninguén en Buen xamais pensou  
que acabarían sendo extraños.  
Algo tramado ha de ter a Xunta en curso*

*e ofreceranlle un bono-cupo  
pra ter calada á xente de Ons o tempo  
xusto.*

*Pra ir de O Curro ata Melide  
esixirán que te identifiques.  
Farán controis para ir ó Faro,  
Buraco, Area dos Cans, A Laxe ou  
Canexol.*

*Polos Oteros, polos Reirises,  
por todos Dioses no hai que rendirse.  
Máis cunha Illa é un sentimento.  
No hai rol que negociar.*

*E cando vaian velar ó camposanto  
no habrá ninguén alí enterrado,  
nin unha placa pra recordar o seu pasado.*

## Ons nas viñetas gráficas de Luis Davila


Xa comentamos de Luís Davila que fala e trata na súa obra, directa ou indirectamente, da súa contorna e das súas xentes. Non sempre o explícita ou nomea. No caso de Ons, a súa referencia vai ligada ao mar, á retranca dos mariñeiros, aos apelidos destes, á súa problemática social, ás súas desgrazas, á propiedade, etc.

Por iso cando vemos viñetas como estas que fan referencia ao Chapapote e ao esforzo de milleiros de persoas que con grande coraxe enfrontáronse co desastre medioambiental para minimizar o impacto na costa galega o lector pensa nas illas, e Ons é a primeira opción como epicentro que foi desta desgraza.




As veces Ons serve de horizonte no mar da viñeta e mesmo coma mención indirecta pola súa pertenza ás Illas Atlánticas e os problemas que isto supuxo en distintos momentos (canon, privatización do cámping, fondeo na illa, regulación de visitantes etc.).

Magnífica, polo espazo singular da illa, pequenas cousas (como o 'Accidente histórico') ou utiliza a toponimia da illa para o humor directo ou mesmo para xogar coa política:







Rematamos aquí este artigo dun debuxante bueús que puxo o seu bo facer ao servizo da arte e conseguiu un enorme apoio social, facendo que unha das partes do seu traballo, o humor gráfico, sexan un referente no xénero.

Máis Davila non só é un perspicaz deseñador gráfico, pintor, muralista, deseñador de roupa e complementos varios, etc. senón que tamén é unha excelente persoa que non dubida en participar en charlas nos colexios<sup>7</sup>, Asociacións, concellos etc. poñendo as súas viñetas e enxeño ao servizo de causas nobres. Constanza do seu apoio, dende as súas tiras, dende o teatro etc. pero tamén participando cos seus carteis en campañas directas, ás persoas con cancro de mama, contra a violencia machista<sup>8</sup>, a discriminación laboral etc.



Dende aquí queremos que os seus desexos se cumpran na totalidade e que Ons siga a estar presente... pero para gozo de todos.

<sup>7</sup> Ou directamente verter a súa arte nas paredes de centros educativos, como o CEIP de Cela.

<sup>8</sup> Nomeado "Socio de honor" da Asociación de profesionais dos Centros de Información ás mulleres (ASOCIM)

## RELATO VERAZ. O VERÁN DE 1936 EN GALICIA SEGUNDO A PINTORA MARUJA MALLO

Por: Patricia Arias Chachero

A finais de marzo de 2021, a prensa facía público un informe que recoñecía que as 17 obras da pintora Maruja Mallo que se puideran ver en Lalín nunha exposición avalada pola Xunta de Galicia eran, en realidade, falsas. A noticia fixo que nos lembrásemos dunha colección de artigos, -ben pouco reproducidos, cremos-, que a artista viveirense publicou durante a guerra no xornal *La Vanguardia*. Velaquí a súa historia.

Maruja Mallo foi unha persoa intelixente e extremadamente libre, unha pioneira orixinal e transgresora e unha recoñecida artista de vangarda. Membro da Generación del 27, acuñou o termo *Sinsombrero* que hoxe usamos para referirnos a ese grupo de mulleres intelectuais que, a comezos do XX, souberon romper as normas e vivir doutra maneira. Neste artigo tentaremos demostrar que, ademais, foi unha muller loitadora e solidaria; especialmente sensible ante o sufrimento da clase traballadora e das mulleres.

Sendo pouco máis que unha adolescente, a pintora descobre, con Dalí, Lorca e Buñuel, os praceres do Madrid nocturno, o das festas populares, os faladoiros e os cafés. Amiga íntima de Concha Méndez, de Rosa Chacel, Ernestina Champourcín e María Zambrano, amou con liberdade a Miguel Hernández e a Rafael Alberti quen despois a ignoraría durante anos quizais para non inquietar a súa esposa, María Teresa León. Con ambos poetas estableceu a nosa protagonista unha compenetrada colaboración artística, visible hoxe, tanto en *El rayo que no cesa* (1936) de Hernández como en *Sobre los ángeles* (1929) de Alberti.

As principais biografías explícanos que firmemente comprometida co proxecto cultural e político da República, Maruja Mallo decide pasar o verán do 36 en Galicia, a súa terra natal. Tense dito que pretendía impartir aulas na Escola de Artes e Oficios de Vigo e participar no labor das Misións Pedagóxicas pero, segundo Emilio Ínsua e Carlos Nuevo Cal, o que a movía en realidade era axudar a organizar un congreso rexional do POUM (Partido Obrero de Unificación Marxista) no que militaba o que daquela era o seu compañeiro sentimental, o ourensán Alberto Fernández Martínez, *Mezquita*, con quen se tería instalado en Bueu ao comezo da temporada estival.

Sexa como for, o certo é que ambos chegan a Beluso co bo tempo e ocupan unha tranquila casa á beira do mar onde reciben a visita de moitos amigos; entre eles, o xornalista Johan Carballeira, o ilustrador Federico Ribas Montenegro e a súa compañeira Georgina Boussage e, probablemente, o fotógrafo José Suárez. Na vila mariñeira, Maruja comeza decontado a debuxar, prepara apuntamentos para unha nova serie pictórica. Son bocexos de rostros de traballadores do mar, peixes, dornas, buguinas, áncoras e algas que se conservan no *Caderno de debuxos preparatorios para a serie "A relixión do traballo"*. Segundo Manuel Vicent precisamente iso estaba facendo, pintando, cando soubo da morte de Calvo Sotelo e cando, pouco despois, presenza como tiran o corpo dun home desde o balcón do Concello de Bueu. Naquelas primeiras semanas, a artista observa conmocionada como os estibadores do porto meten en caixas de madeira seladas con cravos, a membros



Maruja Mallo e Rafael Alberti



da masonería para que, confundidos coa mercadoría, poidan librar a vida. Neste clima de incerteza e violencia, *Mezquita* despídese dela e foxe cara a Portugal. Nunca máis se volverán ver. El foi detido en Lisboa o 11 de novembro de 1936 e devolto a España onde foi torturado e condenado a morte, condena que despois lle sería conmutada por pena de cárcere. Finalmente logrou saír de España, grazas á mediación de diversos amigos. Nunca regresou, viviu exiliado en México, Cuba e Iugoslavia. Faleceu en 1968, en Venezuela, onde o acollera o seu amigo Rómulo Gallegos con quen cadrara en Beluso en 1935, mentres o escritor venezolano residía na vila.

Cando queda soa, a pintora refúxiase en Vigo, no actual barrio de Lavadores, na casa dun dos seus tíos, desde onde pode escoitar claramente os tiros dos asasinatos que se cometen a diario nas inmediacións. Durante semanas vive con medo a posibilidade dunha denuncia e o temor de ser arrestada. Probablemente, foi entón cando comezou a tomar as notas que usará no texto “Relato veraz de la realidad en Galicia”, enviado desde o exilio ao xornal barcelonés *La Vanguardia*. Unha extensa e detallada narración dos primeiros meses de guerra en Galicia do que nos ocuparemos máis adiante.

A finais de 1936, recibe un cablegrama da Asociación de Amigos del Arte de Buenos Aires emitido o 29 de novembro de 1936. Convidana a participar nunha serie de conferencias na capital arxentina o que lle serve de escusa para saír de Vigo. Tense dito que a amizade con Concha Méndez ou quizais a intervención de Tota Atucha, tiveron moito que ver coa recepción deste oportuno salvoconduto. De Vigo viaxa a Tui, onde vivira de nena e onde nacera o seu irmán Cristino. Alí cruza a fronteira, axudada talvez polos antigos compañeiros de seu pai que exercera en 1903 na administración daquela alfândega. Xa en Portugal, segue viaxe a Lisboa onde se atopa con Gabriela Mistral, responsable da embaixada de Chile, quen a pon baixo a súa protección diplomática e a axuda cos trámites para conseguir unha pasaxe para América. Logra embarcar avanzado xa o mes de xaneiro no *Alcántara*, un vapor postal inglés. Leva consigo *Sorpresa del trigo*, segundo deixou dito o seu cadro máis representativo, e dúas cartas de Gabriela Mistral, unha para Victoria Ocampo e outra para Alfonso Reyes. Chega á capital bonaerense o 9 de febreiro de 1937; onde, xa instalada, cadrará cun amplo grupo de intelectuais e artistas galegos, Luís Seoane, Carmen Muñoz, Rafael Dieste, Otero Espasandín, Lorenzo Varela e Eduardo Blanco Amor, entre outros.



La sorpresa del trigo



Arquitectura humana

## RELATO VERAZ

Como xa se anunciou, un ano despois de chegar, a pintora envía a *La Vanguardia* a serie de artigos nos que recolle as súas impresións sobre o sucedido na nosa terra neses primeiros meses de guerra. Non son estes os primeiros textos en prensa que publica pero son, ata onde sabemos, os únicos nos que compromiso e a denuncia política resultan tan evidentes. Baixo o título “Relato veraz de la realidad de Galicia”, a tres columnas e ocupando a metade inferior da páxina, a crónica, en castelán, repártese ao longo de catro entregas; aparecidas os días 14, 16, 21 e 26 de agosto de 1938<sup>1</sup>.

<sup>1</sup> Segundo Arturo del Villar (2009: 22), o texto foi lido pola autora o 3 de febreiro de 1939 no Teatro Municipal de Santiago de Chile, nun acto organizado para recadar fondos para axudar os nenos españois refuxiados.

Baixo o título do texto que nos ocupa e tras o nome da pintora, atopamos unha sorte de entradiña que a define como “unha artista ilustre, de orixinal sensibilidade” que “revela así a traxedia da súa patria”. Os tres primeiros escritos inclúen, ademais, reproducións de pinturas da artista. Todas representan unha figura feminina. Son as que levan por título *Arquitectura humana*, *Mensaje del maíz* e *La red*, datadas en 1937 as dúas primeiras e no 38 a terceira; feitas pois na Arxentina, onde traballou intensamente na serie dedicada aos traballadores do mar, coñecida hoxe como “A relixión do traballo”:

Aparentemente non hai un fío unificador no discurso dos catro escritos que estamos comentando. Son máis ben imaxes soltas, relatos diversos que, como se dun colaxe se tratara, conforman un retrato real e cruel do sucedido aquel fatídico verán do 36. Comeza a autora explicando que cando se produciu o “criminal atentado”, os campesiños, mariñeiros e obreiros traballaban pacificamente. Culpa do inicio da “era do terror” os catro gobernadores que se opuxeron a armar o pobo, crendo nas palabras dos “militares traidores”. Defende sen físgoas, con palabras claras e duras, o goberno lexítimo, o da República, e decontado describe o comportamento dos asasinados. Anuncia que os primeiros fusilamentos foron, na súa maioría, os de membros das forzas de seguridade, asalto e carabineiros fieis á República. Prosegue afirmando que os “falanxistas levan nunha man unha cruz e na outra unha pistola que descargan no momento en que fan que os traballadores se axeonllen mentres lles preguntan se cren en deus, [...] matan así a moitos mestres, obreiros e médicos”.

¡Ao longo do traballo, mostra unha especial sensibilidade para coas mulleres. Afirmo no primeiro artigo que “claman xustiza polas estradas e ribeiras grupos de mulleres e nenos desamparados” e que longas filas de donas seguen os presos que saen dos cárceres para ser fusilados. A dor que experimentan, non lles impide comentar: “Arríncanlles a vida por ter ideas, pero aquí aínda quedamos nosoutras, e en Madrid están os *nosos*”.

¡Estas mulleres dignas e loitadoras, opóñense a aquelas que apoian o bando sublevado, responsables da maior parte das denuncias son, segundo Maruja Mallo, “beatas bigotudas” e “prostitutas desdentadas” que “van aos Gobiernos Cívicos e ás Comandancias Militares a facer delacións”; logrando que os “altos mandos” que as escoitan afirmen: “estas si que son mulleres patriotas”. Republicanas, traballadoras e falanxistas, conviven e a nosa cronista, remata este texto inicial explicando que:

Unha das actividades da falanxe feminina é recadar para o exército “o día do prato único” que é o primeiro e o quince de cada mes. Van de porta en porta, as señoritas das familias máis distinguidas, coas súas insignias monárquicas, calzadas de alpargatas, armadas de bastóns para poder trepar polos camiños e canellas máis intransitables, para extraer ata das casas máis humildes “la voluntad”. “Hoy es el día del plato único”; en moitos fogares a resposta é a presenza de mulleres e nenos vestidos de loito e: “Aquí nada temos xa senón a fame e os nosos mortos”. Noutras contestan: “Señoritas: aquí non podemos facer extraordinarias, todos os días temos prato único”.

Da rebeldía e dignidade das mulleres do pobo galego dá boa conta estoutro fragmento, incluído no remate do segundo artigo, o do martes 16 de agosto:

Outro espectáculo das rúas desta farsa sanguinolenta son as mulleres co pelo ao rape e gravadas na fronte con U H P. No lles deixaban ao principio cubrir as cabezas cos panos, como é costume entre as obreiras e campesiñas; despois ordeouse que se cubriaran novamente, obstinándose elas en non cumprir este mandato, dicindo: “*Así saben quen fomos, quen somos e quen seremos*”.

O texto publicado o 21 de agosto, o terceiro da serie, comeza cunha afirmación a través da que a pintora di ter visto sacar “de entre as rodas dun camión a unha muller que se volvera tola” pois o seu pai fora fusilado o 24 de decembro con outros dezaseis homes, e o seu marido enviado á fronte; impotente e desesperada, “pedía xustiza a un coro de transeúntes cos puños levantados e os dentes apertados”. Remata esta entrega con outra imaxe protagonizada de novo por unha muller. Tras explicar os roubos e enganados de fascistas asasinados como Víctor Lis ou o médico forense Bustelo Bustelo, describe unha



Maruja Mallo



escena na que a protagonista é unha nai que se presenta ante o gobernador da Coruña, chorando e tirándose aos seus pés. Prégalle que non maten o seu fillo, o único consolo que lle queda, explica que reuniu os corenta pesos que supón lle dan dereito a liberalo de tan cruel sentenza. Nótese que Maruja Mallo, a transgresora, a pintora que escandalizaba os madrileños, é das primeiras en denunciar -con nome e apelidos- os asasinados e ladróns que, en nome do levantamento, dan renda solta á súa ira e avaricia.

O cuarto artigo, publicado o 26 de agosto, vai ser especialmente duro e explícito. Quizais porque nel se citan moitos nomes propios e se contan moitas historias terribles, hoxe relativamente documentadas. Entre eles algunhas de homes que Maruja Mallo tratou persoalmente, como Johan Carballeira, o último alcalde republicano de Bueu; ou o masón Didio Riobó, propietario da illa de Ons, que decidiu suicidarse para evitar a represión e que, segundo a pintora, deixou escritas sete cartas para os “verdugos de Bueu”. Tamén menciona a Alexandre Bóveda cuxo delito foi “amar á súa rexión e ter unha grande intelixencia”, a José de la Torre López, secretario do Partido Comunista de Bueu, carpinteiro e mariñeiro, a quen asestaron dezaseis puñaladas antes de lanzalo polo balcón do Concello, e ao mozo Cilio Martínez, de 14 anos, vendedor de piñas, fusilado en Tui por dicirlles os soldados que ían á fronte que se rebelasen se lles ordenaban matar traballadores alegando que eran irmáns, “Iguais a nosoutros. Son obreiros, campesiños e mariñeiros”. Describe tamén as mortes de Francisco Domínguez, carboeiro, ou do avogado e deputado Luis Rupilanchas, fusilado na Coruña en xullo do 37.

Pero a primeira das historias, quizais a máis conmovedora e a máis cruel, é a dunha mestra de Pontevedra, asasinada no cemiterio “por ter ideas”. Segundo a artista, fixérona cavar a súa propia fosa porque non quixo confesar antes de morrer. Diante do pelotón de fusilamento a mestra levantou o puño e gritou “Viva o Partido Comunista! Viva a liberdade!” o que provocou que dous falanxistas, antes de executala, lle cortasen as mans e as tirasen á fosa. Cremos que pode referirse a María Vázquez Suárez, mestra de Miño, presa en Pontevedra, asasinada na madrugada do 19 de agosto de 1936. “Así é como os militares falanxistas e carlistas, o clero e a burguesía someten ao pobo de Galicia, pola forza das armas, polo terror e o sadismo”, conclúe. “Parapetados no nacionalismo fusilan, matan e asasinan ao pobo desarmado, ao mesmo tempo que destrúen España, invaden Galicia as hordas estranxeiras, desfilando polas rúas e estradas, alemáns, o Tercio, os mouros, os portugueses, e polos seus portos desembarcan armas italianas”.

Maruja Mallo, próxima á ideoloxía do Partido Comunista, conclúe e demostra unha sensibilidade sorprendente ante o sufrimento da clase traballadora, unha simpatía sincera pola igualdade social e un compromiso claro co que padecen as mulleres. A nosa sorpresa ao ler estes textos foi grande, a nosa admiración o compromiso e a vontade de denuncia da pintora, inda maior.



Didio Riobó e a súa muller

## BIBLIOGRAFÍA

- Bernárdez, Carlos (2010) *Maruja Mallo. A pintura da nova muller*, Vigo, Nigratrea
- Ferris, José Luís (2004) *Maruja Mallo. La gran transgresora del 27*, Madrid, Ed. Temas de hoy
- Nuevo Cal, Carlos; Ínsua López, Emilio (2011) *Maruja Mallo: De prometedor pioneira a artista universal. Materiais para unha biografía exacta e completa da pintora viveiresa entre 1902 e 1936*, A Coruña, Fundación Caixa Galicia
- Salgado, Daniel (2021) “Un informe de expertos asegura que todas las obras de Maruja Mallo incluídas en una exposición avalada por la Xunta son falsas”, *elDiario.es*, 31-III (en [https://www.eldiario.es/galicia/politica/informe-expertos-asegura-obras-incluidas-exposicion-maruja-mallo-avalada-xunta-son-falsas\\_130\\_7357994.html](https://www.eldiario.es/galicia/politica/informe-expertos-asegura-obras-incluidas-exposicion-maruja-mallo-avalada-xunta-son-falsas_130_7357994.html))
- Villar, Arturo (2009) *Maruja Mallo, pintora del pueblo, testigo de lo que hicieron en Galicia*, Madrid, Colectivo Republicano Tercer Milenio.

## A BORDO DO ABRAKADABRA POLOS SETE MARES (III)

Por: Maracaibo

“Camaróns, percebes e santiaguíños e todo ben regado cunhas copas de viño albariño”

Gran parte daquela fortuna quedou para as necesidades das familias da illa... e todo por un puñado de perlas negras. Os 20 dentes de marfil do cachalote albino varado en Porto do Sol, serían tallados polos ourives da Escola de Artes e Oficios.

A primeiros de setembro, levamos áncoras e carro-meiros, gaitas e panos ao vento. Rumbo Sur... a un longo... fondeando na encantada praia de Rodas... o vapor-correo Marqués de Campo partía do porto de Vigo co destino ao sur de Inglaterra. Pesqueiros do bou, lugres e bergantíns, a enseada de Barra... acolledoras vilas de Cangas, Bouzas, Moaña... carros do país mariscando, vapores na beiramar, a Baía de Vicus... e un biquiño. Traíñas e gamelas, temóns, velas, redes e patelas no Berbés ulindo a brea mariñeira. Polo espigón, emigrantes con boinas e viseiras esperando os botes da Nelson Lines, moitos embarcaron nos cruceiros cunhas bágoas Un iate de vapor na Portela e unha goleta de Redondela na enseada de San Simón, o capitán Carolo e o patrón Bullo, somerxían a campá de bronce enfronte de San Adrián o 22 de setembro; unha batea de ostras, o casco dun remachado alxibe se reconverteu nunha cabria flotante... a campá, buzos e unha draga. Compañía de Rescates Subacuáticos... a flota de Indias e a Batalla de Rande de 1702. “La luz eléctrica submarina”.



Once galeóns afundidos no lamacento fondo gris... galeóns e navíos... 28 pecios localizados dende o ano 1766 en que Willian Evans utilizou a campá e as escafandros... o Hidroscopio, a Aspiradora, no futuro rescatárase ao galeón “Santo Cristo de Maracaibo” nas luminescentes profundidades das Illas Cíes, ao (SW) de Monteferro a 98 metros, con ollos de delfín e pinzas de boi. Oito millóns de pezas de a oito, tortas e lingotes de vella prata e barras de ouro de lei.

Soterrado no fondo, empresa da Armada e do Tesouro do Estado.

Cinco meses despois daquel tráxico ano de 1934... na pesca do caladoiro, arribamos no florido maio cos albatros e mascatos.... o voo do cisne, as bodegas estibadas e secas as follas salgadas co vento do mar. Pola proa ao sur, as estrela Arturo, duras singraduras deixando polas amuras de popa á Cruz do Norte, ás Osas e á Polar, a contrabordo de grandes veleiros. Vapores, buques de guerra, submarinos e o aceiro blindado... outra vez volvían a aumentar os ventos da guerra.

Á altura do Faro de Sálvora, soprando o fresco vento do (NW) en popa e rizado o trapo, xa ulía nas Illas de Ons, o bacallau de San Juan de Terra Nova.

Así cantaba Alfonsiño na Illa, contentiña cunha cunchiña chea de tinta femia:

“Filla do abundante Banco de Terra Nova  
devora, desova e engorda,  
e acabarás colgada nunha cociña,  
plana, seca e rodeada de sal gorda.”

COLABORA  
ACTIVIDADES:

Concello de  
**BUEU**





## ESTANISLAO FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA: UNHA VIDA AXITADA

Por: Fernando Alonso Romero

Pedíronme que escriba para a revista AUNIOS un sucinto artigo sobre Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez, admirado amigo ao que coñezo dende fai moitos anos. Non me resulta nada fácil falar sobre el no reducido espazo dunhas breves páxinas pois a vida de Estanislao está tan chea de traballos e de episodios persoais que se necesitaría todo un libro para contala. O primeiro que sabemos sobre el é que naceu en Vigo o 31 de xullo de 1941, fillo de Farruco Serra, periodista de *El Pueblo Gallego*, e de Josefina Núñez Saavedra, a súa vez filla do empresario Estanislao Núñez Barrios, que fora asasinado en Vigo durante a Guerra Civil de 1936.

A infancia de Estanislao transcorreu pois nunha época histórica moi trágica na que en España se sufrían as consecuencias desa Guerra fratricida e da Segunda Guerra Mundial, que causaron enormes dificultades e problemas aos sobrevivintes. Situación que no caso da familia de Estanislao agravouse máis cando sendo este aínda moi neno, faleceu o seu pai. Doloroso episodio que determinou que Estanislao tivera que continuar a súa formación xuvenil en Madrid, no *Colegio Institución San Isidro* para Orfos de Periodistas. Estudou Náutica na *Escuela Superior de la Marina Civil de Barcelona*. Posteriormente, en 1969, licenciouse na *Facultat Náutica de Barcelona* co título de *Piloto de la Marina Mercante*. Ostentando ese cargo navegou durante oito anos en diferentes buques polo océano Atlántico e polo Mediterráneo, ocupando a bordo varios cargos de responsabilidade profesional como, por exemplo, en 1972 no transatlántico español *Begoña*, que anteriormente fora un navío norteamericano construído en Baltimore para o transporte de tropas da Segunda Guerra Mundial. Probablemente Estanislao, como oficial que foi nese buque, tivo que facer fronte ás deficiencias e deterioros que sufría esa embarcación, dadas as súas características moi básicas e a súa antigüidade. Seino ben pois máis dunha vez naveguei nel como pasaxeiro rumbo a Inglaterra. Sen embargo naqueles tempos a verdadeira vocación de Estanislao xa non era a de mariño mercante, pois tras numerosas navegacións e arribadas a distintos países, a súa principal inquietude foise decantando polo coñecemento do medio mariño e o do mundo animal; non soamente dos que habitan na auga, senón tamén dos que viaxan polo ceo, como as gaivotas, os cormoráns e outras aves migratorias nas que, como futuro experto naturalista que chegaría a ser, fixábase nos seus voos con mirada de ornitólogo, pero tamén de avezado mariño, que emulaba aos antigos nautas cando recorrían a elas para coñecer os seus rumbos e averiguar así a dirección da costa.

A atracción que sentía Estanislao polas aves e polo coñecemento do mundo animal en xeral viña de moi atrás: dos tempos nos que sendo aínda moi neno soia pasar os veráns no pazo familiar de Vilanova Dorneá (Boimorto, A Coruña). Acostumaba a levantarse moi cedo estimulado pola paixón que de forma innata o levaba a percorrer os campos e os montes das proximidades para contemplar a natureza e somerxer a súa imaxinación infantil nese mundo aínda ignoto para el dada a súa corta idade. Pero esforzábase por encontrar niños para ver o comportamento das aves así como de outros animais cos que se atopaba durante os seus solitarios paseos matutinos. Tan poderosa era esa atracción natural cara ao medio ambiente que ata incluso levaba consigo un caderno de notas, no que non soamente intentaba debuxar aos animais que vía, senón que tamén procuraba informarse sobre as súas características máis significativas e os nomes que tiñan en galego e en español. Aspectos que son dignos de resaltar pois na biblioteca que tiñan os seus pais non había libros específicos sobre o mundo animal. Así foi como se foi xestando en Estanislao esa paixón pola ornitología, inclinación natural por unha ciencia que, co paso do tempo, foise desviando tamén cara a outros campos de investigación como a etnografía, a historia e a arqueología. Basta con botar unha mirada á sorprendente lista de obras publicadas: máis de 100 libros e centos de artigos, para comprender a sólida formación non só biolóxica, senón



Estanislao é unha referencia obrigada non soamente no campo da natureza como tamén na etnografía, cando se trata de cruceiros e petos de ánimas de Galicia

# HOMENAXE A: Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez

tamén interdisciplinar que posúe este destacado investigador galego, o cal, ademais, é un excelente divulgador de moitos aspectos da cultura e do medio ambiente galego; como así se sinala na solapa do seu libro *Excursións polas furnas e covas de Galicia*: “*Estanislao Fernández de la Cigoña ten o mérito indiscutible de conseguir achega-los traballos científicos ó público en xeral, convertendo os datos que aporta na base dun relato sempre interesante, nos que se mesturan variadísimas informacións que á vez que o enriquecen, entreteñen e instrúen.*”

Do fascinante percorrido que fai sobre variados temas da natureza galega queda constancia nos numerosos artigos que publicou en revistas e nos periódicos de Galicia; así como tamén nas actividades culturais que realizou no Departamento de Cultura do Concello de Pontareas e nas asociacións e entidades conservacionistas que fundou ou colaborou como asesor, alcanzando no ano 2002 o nomeamento de membro do Consello Galego do Medio Ambiente da Xunta de Galicia. Os seus inxentes traballos serviron tamén para que as novas xeracións se interesen polo estudo, a difusión e a defensa da natureza galega.

No campo da natureza realizou traballos que hoxe en día seguen sendo únicos e sorprendentes pola súa dificultade e envergadura. E soamente voume a referir a dous deles: ao censo de colonias de paíño europeo *Hydrobates pelagicus* realizado nos illotes máis inaccesibles da nosa costa, aos que accedeu nunha simple piragua poñendo a súa vida moitas veces en perigo ou ao censo de niños de avión común *Delichon urbica* en toda Galicia, concello por concello.

Estanislao, debo dicilo, é unha persoa excepcional que se preocupa por coñecer as características dos animais que describe, que non son fáciles de percibir sen a especialización que posúe e o tesón que pon en conseguila pois, antes de redactar un traballo investiga en numerosas fontes de información. Ademais preocúpase tamén de falar cos veciños dos lugares que visita para recoller as súas versións sobre os animais e as plantas que estuda ou sobre os diferentes temas etnográficos aos que tamén dedicou un gran esforzo, como podemos ver nas súas publicacións sobre *Cruces e Cruceiros de ánimas de Galicia*, *Esmoleiros e petos de ánimas*, *O poder das pedras*, *As construcións primitivas dos pastores galegos*, *As campás de Galicia*, etc. etc. A enorme e variedade actividade cultural realizada por Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez en Galicia ao longo da súa vida foi recoñecida por varios nomeamentos, mencións honoríficas e premios; entre os que destacan os seguintes: no ano 1997 concedéuselle o *Premio de Investigación Xesús Taboada Chivite* polo seu labor etnográfico. No ano 2004, a Universidade Miñota de Portugal hónrralle coa *Comenda ao Mérito Cultural*. O 25 de xullo do ano 2005 o Presidente galego condecorouno coa *Medalla de Galicia*, outorgada pola Xunta de Galicia.

Todos eles son merecidos premios e distincións concedidos polo seu labor investigador e cultural; aos que hai que unir os seus nomeamentos como membro de varias asociacións e entidades científicas conservacionistas e sociais de España e Portugal.

No ano 1986 publicou o seu primeiro libro baixo o título de *Islas Cíes*, parque natural de Galicia, que representa unha verdadeira chamada de atención sobre a rica importancia biolóxica e histórica das illas galegas. Escribiuno en español, a súa lingua materna, pero a grande maioría dos seus traballos escribiunos en galego. Posteriormente, atraído pola beleza e interese científico das Cíes, Estanislao, como di no seu libro *Cíes e Ons. La ruta de las islas* (1991, pág. 149), decidiu envorcar o seu interese pola historia natural e humana de outras illas galegas, sobre todo en Ons, Sálvora e Onza, pois sobre elas, segundo Manuel Villaverde Fernández, presidente da “Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía”: *resulta difícil que algo escape a la visión de Estanis, y que posiblemente no exista en Galicia nadie que conozca mejor los secretos de las islas*. Para Estanislao a observación e o estudo das illas galegas é como contemplar o mundo no que vivimos pero a pequena escala. Como especialista en ciencias naturais, Estanislao sabe que a vida nas illas, como en calquera outro lugar da Terra, está sometida tanto a fenómenos naturais como producidos polos seres humanos, que se encadean mutuamente nun drama perpetuo de consecuencias que repercuten en todos os seres vivos,



Impartiu centos de conferencias e ten participado en numerosas xornadas, seminarios e congresos en universidades, asociación, centros culturais, etc. Na foto o 22 de outubro de 2022 presentando o libro *Reloxos monumentais, de sol e campás do Concello de Covelo*



# HOMENAXE A: Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez

e que unhas veces nos enchen de alegría e outras de tristezas; como os períodos históricos de *mera subsistencia que durante mucho tiempo fue la forma de vida de los isleños*, pois transcorreron nun ambiente de penurias e dificultades para sobrevivir (*Cíes y Ons*, 1991, 149). *Los nativos, al fin de cuentas, formaban un grupo social cerrado, prácticamente hermético, donde hombres y mujeres se casaban entre ellos y no abandonaban casi nunca el pequeño territorio que no tenía otros límites que el propio mar* (*Cíes y Ons*, 1991, 128). E en Ons *se desarrolló una comunidad humana con características singulares que asombró a etnógrafos y historiadores* (*Cíes y Ons*, 1991, pág. 8). Tiveron que pasar moitos anos ata que o progreso e o benestar chegaron á Illa de Ons. Foi entón cando os insulares comezaron a construír novas casas, principalmente en Bueu e Portonovo. E foi entón tamén cando algúns puideron dispoñer de modernos e potentes barcos cos que seguir explotando os ricos caladoiros de Ons, abundantes en polbos e noutras especies mariñas. De tal maneira que as condicións de vida na próxima costa do Continente comezaron a ser máis atractivas que as das austeras vivendas que tiñan na illa de Ons. O que en certo modo contribuíu á súa despoboación estacional.

Estanislao é consciente de que o problema no mundo dos seres vivos redúcese a comer sen ser comido e soamente os superpredadores libéranse desta suprema angustia que fixo posible non obstante a evolución das especies ao longo do tempo (*Cíes y Ons*, 1991, páxs. 150,170). Quizais esa visión darwiniana, segundo a cal a supervivencia dos seres vivos débese a un proceso de evolución natural, fora a que determinou a comparación que fai Estanislao da Illa de Ons cunha balea. *Siempre comparé estas islas* (refírese a Ons e Onza) *con una ballena gigante. La cabeza estaría en el norte, en el Sentulo, el cuerpo sería la isla entera; la cola: Onza. Ballena eternamente varada donde los siglos modelaron con la ayuda del viento, del mar y de la lluvia, su propia figura.* (*Cíes y Ons. La ruta de las islas*, 1991, pág. 97). Estanislao sabe, e así o di, que *la isla de Ons está a mitad de camino entre Cíes y Sálvora* (*Cíes y Ons*, 1991, pág. 98). E sabe tamén que polas proximidades dese arquipélago adoitaban pasar baleas e golfinhos das nosas augas. Deses xigantescos animais fala tamén no seu libro *Os cabaleiros do mar* (1990). Dos seres vivos que estiveron a punto de ser exterminados como consecuencia dos designios destas leis darwinianas que din que soamente sobrevivan os máis fortes. Afortunadamente neste caso non se cumpriron pois a ironía do destino fixo que os último baleeiros da empresa Massó que actuaban nas costas de Galicia, foran afundidos e transformados en viveiros; contribuíndo así ao aumento da riqueza dos bancos de peixes (*Cíes y Ons*, 1991, 188), Naqueles próximos tempos da entón aínda vixente cacería de baleas, ás veces chegaba ás praias de Galicia algún cachalote morto, que atraía a atención de Estanislao pois, en canto se decatara, acudía rapidamente para examinalo. No seu libro *Illas de Ons e Sálvora: historia natural e humana*. (1989, 182), mostra unha foto realizada o 30 de decembro de 1982, na que se lle ve acompañado de Javier Castroviejo Bolivar, por entón Director do Parque Nacional de Doñana, inspeccionando os restos dun cachalote aparecido na praia de Nerga (Cangas do Morrazo). Pero esa innata actividade investigadora de Estanislao, posuía tamén o seu lado ecoloxista de defensa do medio ambiente. Fai xa moitos anos, non recordo exactamente cando, convenceume para que fose, en compañía doutros ecoloxistas, a intentar frustrar coa nosa presenza unha cacería que se programara para exterminar aos poucos lobos que, por entón, aínda quedaban nunha profunda valgada da península do Morrazo. A punto estivemos de ser linchados polos cazadores, que nos rodearon e intentaron intimidar, apuntándonos coas súas escopetas mentres algún descerebrado lanzábanos petardos. Creo recordar que Estanislao acabou no cuarteliño da Garda Civil para denunciar os feitos pois resultou ferido. Ese episodio foi outro exemplo máis que tamén desminte as leis darwinianas, pois neste caso “os máis fortes” non saíron vencedores. E os lobos de Morrazo puideron seguir vivindo durante algún tempo máis nos recónditos e sombríos recunchos daquela fermosa península.

No seu libro *Illas de Ons e Sálvora: historia natural e humana*. (1989, pág. 114) Estanislao fala da existencia na illa de Sálvora dunha capela e dunha fonte do século XVII dedicada a Santa Catalina. O motivo desa advocación, tanto á fonte como á capela, débese aos tremendos temporais que soen aparecer na primavera a finais do mes de abril, en torno á *fiesta de Santa Catalina o 29 dese mes*. Os pescadores referíanse a esas perigosas galernas co nome de *cordonazo de Santa Catalina*. Tamén a principios do outono cando aparecían os primeiros temporais desa estación, os pescadores se precavían fronte aos posibles riscos e comentaban a posibilidade de que se atoparan ao saír ao mar co *cordonazo de San Francisco de Asís*, que soía coincidir coa festa dese Santo o 4 de outubro.

Estou seguro de que Estanislao acórdase máis dunha vez de Santa Catalina e doutros santos e virxes do calendario cristián pois movido pola súa curiosidade investigadora varias veces púso en risco a súa vida, e nalgúns ocasións tamén a dos seus acompañantes. Por exemplo, cando en dúas ou tres ocasións estivo a piques de morrer afogado ao ser arrastrado polas ondas contra as rochas da orella durante as súas numerosas exploracións das furnas de las Cíes e de Ons, como así nolo conta no seu libro *Cíes e Ons. La Ruta de las Islas* (1991, pág. 30) cando intentando ver os niños

# HOMENAXE A: Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez

de cormoráns do interior da furna Rego da Fonte, na Illa de Onza, non morreu de milagre, a pesar de que o suceso non ocorreu nin durante o *cordón* de Santa Catalina nin o de San Francisco. A dificultade principal coa que se atopaba durante os seus intentos por ver o interior das furnas, radicaba en que era necesario entrar nadando expoñéndose á circunstancia *de unas olas que penetran con enorme fuerza, arrastran al visitante hasta el fondo de la furna, donde debe inmediatamente ponerse a salvo, para no salir dando tumbos por encima de las piedras con la ola que se bate en retirada*. De todas as furnas que explorou Estanislao, a chamada “Burato do Inferno” da Illa de Ons é a máis misteriosa polo nome e a traza que ten (*Cies y Ons*, 1991, páx. 156). E co fin de desentrañar os seus misterios penetraron a nado nela: el, que entón tiña case 50 anos, e un amigo, estudante de empresariais chamado Jesús Morales López, conseguindo con iso o que Estanislao di *que durante años, jamás me atreví a realizar; entrar a nado en el “Burato do Inferno”. Cuando lo contamos en el bar “Casa Checho” nadie lo creyó. Aquello no era fácil, los nativos lo sabían, y contarlo, después, menos aún. Para mi se convirtió en una fecha inolvidable. A partir de ahora las islas de Ons tenían un secreto menos que contar* (*Cies y Ons*, 1991, 159). Efectivamente, pois os seus coñecementos de ornitólogo e de etnógrafo axudáronlle a descubrir que o nome de Burato do Inferno determinouno a existencia de niños de arao común (*Uria aalge*) no interior desa furna, pois *fueron los roncós sonidos de estas aves marinas acrecentados y deformados por los ecos profundos de la cueva los que hacían suponer a los que se acercaban a ella, que del fondo, más allá de la propia tierra, llegaban los alaridos de las almas pecadoras que sufrían eternamente los rigores del Infierno*. (*Cies y Ons*, 1991, 156). Tamén foi Estanislao ao que debemos que poidamos coñecer máis datos sobre a Santa Compañía de Ons e de Sálvora, sobre cuxa existencia eu recollera as primeiras testemuñas no ano 1978, pero sen poder aclarar o misterioso procedemento ao que a Compañía recorría para poder trasladarse dende Sálvora ao illote de Noro, fronte dita Illa. Foi no ano 1988 cando Estanislao, falando cun mariñeiro chamado Manuel Álvarez, enterouse de que a Santa Compañía podía saír voando dende a illa de Sálvora rumbo ao illote de Noro, grazas a que os seus compoñentes transformábanse en aves con só pronunciar a berros a expresión: *Dios en ave!* (*Cies y Ons*, 1991, 130).

O seu afán por ver os niños das aves púxoo tamén varias veces en risco de morrer, como o día no que estaba escalando un perigoso cantil preto da chamada *Furna das Pombas Bravías* de 40 metros de altura (*Cies y Ons*, 1991, 175), estivo a punto de ser conmemorado cunha cruz, semellante ás numerosas cruces que el estudou e describiu no seu libro *Cruces mariñas e de mala morte das costas galegas* (1990) e, como consecuencia, este querido, admirado e intrépido investigador se nos iría ao mundo da Santa Compañía de Ons. Afortunadamente iso non ocorreu e hoxe Estanislao goza dunha merecida e tranquila vida de xubilado, pero continúa mantendo a súa actividade de investigador, escribindo sobre os temas que sempre lle atraeron, intentando penetrar nos misterios da natureza galega coa mesma poderosa decisión coa que se di tradicionalmente que se aprende a rezar: *quen queira saber rezar que vaia ao mar*, di o aforismo galego. Estanislao foi moitas veces ao mar. Seguramente, máis dunha vez: quizais no interior dunha cova, quizais entre as ondas do mar, sentira esa experiencia transcendental que nos leva a contemplar o Universo cunha visión máis profunda que a que nos ofrece a sabedoría darwiniana.



Percorrendo a “Ruta del Mar de Arousa y Río Ulla” camiño de Santiago esta vez en barco e non na piragua como outras veces



## ONS e Pedro de Llano

Por: Sergio Portela Campos

*“Definir arquitectura é un proceso, desde a súa idea ata a súa construción”*  
(P. de Llano)

### INTRO

Facendo unha exposición sobre un traballo da Illa de Tambo, achegouseme Tino Pardellas para solicitarme este artigo. El fora profesor meu de Educación Física en Campolongo fai xa moitos anos. Tinón é un namorado da súa terra e da súa xente, polo cal xa ten en si unha meta na vida: servir, ser útil, ser positivo, ser atemporal. E conségueo coa naturalidade da brisa.

### ONS

Úneme algo profundo con esa illa, pois ese é o meu nome. O noso amigo Fernando era o fareiro na época hippie e alí tiñamos a nosa casa. Os 70 e 80 eran unha forza de liberdade que chegaba a nós: salvaxes, espidos nas áreas das súas praias e cantís.

Nas noites as estrelas escintilaban máis, as tormentas lucían mellor e os sorrisos enchían o aire de amoríos.

Nunca xa Galicia volveu ter esa liberdade de acampada na paisaxe e ser un, e ser comunidade fraternal onde a xente, a auga, o sal e o sol, enchían o espírito.


Ons admitía os rituais da xuventude laica coma un tentáculo máis dese polbo poliédrico e flexible. As rochas baixo o mar agochan os tesouros de Neptuno. Entre o doce e o salgado as súas augas dan tanto que os mariñeiros chámanlle “a mar, porque é femia e non deixa de parir”.

Ons é a gardiá da Ría de Pontevedra. Demostrouno no 2002 co chapapote do Prestige. Comeuno para protexer a Ría. Recordo moi ben ese día: iamos a sacalo das praias mentres pola radio escoitábase ao Ministro e portavoz do Goberno da Nación: *“salen unos pequeños illos, hay cuatro en concreto,... con aspecto de plastilina”*. Tiñamos un metro de espesor en Area dos Cans. A vida en Ons era real, de verdade. Ons cheira a caracol, a herba húmida e a unha vida dura.

Dende que é Parque Nacional das Illas Atlánticas (2002) xa non vexo a súa autenticidade. Xa vou pouco. E aos que coñecía de alí naturais foron substituídos por outra xente: funcionarios e turistas que se sentan para tomar algo onde antes facían outros para ver cando o mar permitíalles saír sen tantos riscos.

Hai unha casa alí onde atopaba a forza. Espertábame con renovación celular. Entraba o sol pola ventá do nacente facéndome rexuvenecer. Xa non podoo ir porque a administración non permite aos seus habitantes invitar aos amigos, ou polo menos poñen tanta trabas que é un fastidio enorme onde se che quitan as ganas. Pregúntome que desastre de país estase a facer?

Ons ten 5 km de noroeste a suroeste por 1'5 km de ancho por 119 metros de altura pero nela hai máis que granito, unha Ría e un Océano: Hai un lugar cheo de historias. E iso non é unha paisaxe nin un parque: é unha paisaxe cultural.



# HOMENAXE A: Pedro de Llano


## **Pedro**

De Llano Cabado (A Coruña, 1947) é arquitecto de profesión. O seu nome vén de Petrus: pedra. Orixe latino. En Galicia camíñase entre varios puntos encontrados.

Xa na miña infancia escoitaba das súas indagacións sobre a arquitectura vernácula. Aos meus pais interesáballes moito esta arquitectura. Era un punto de partida onde se recollía unha testemuña de anos de experiencia e sabedoría necesaria para sobrevivir e vivir o lugar co seu clima correspondente. A Pedro interesáballes en si. Nas súas obras de análise e estudo:

- Ons, arquitectura dunha comunidade desaparecida. 1981
- Arquitectura popular en Galicia. 1983
- Alejandro de la Sota. O nacemento dunha arquitectura. 1994
- Arquitectura popular en Galicia. Razón e construción. 1996
- Compañeros de oficio. 2013.

Transmítese un respecto e un amor por esa arquitectura anónima que contén moito máis que fórmulas dadas a un compás.



Pedro, Catedrático de Análise Arquitectónica da Escola Técnica Superior de Arquitectura de A Coruña (ETSA) sempre soubo admirar á intelixencia do niño humano feito por eses seres que son nin máis nin menos que os nosos antepasados. Mostrou honor para cos de antes cal fiel herdeiro romano onde a casa gardaba un espazo para os seus ancestrais e poder comunicarse con eles, agradecido de ser e estar.

A súa obra é unha referencia ineludible para entender a aproximación ao lume dende o frío. A sensibilidade de darse conta e abrir a consciencia para participar no locus coma un raposo baixo terra.

Pedro dáse conta de que a sinxeleza da arquitectura vernácula é tosca e moi sutil. Que é moi práctica, e ten moitos anos de experiencia baixo as estacións. E ademais é identidade dunha comunidade, expresión dun pobo. Autenticidade proveniente do coñecemento da realidade como verdadeira. Tanxible polas mans, intanxible na súa poesía.



# HOMENAXE A: Pedro de Llano

· “Eu a ollar pro lume i o lume a ollarme. O lume sen queimarme fai de min fume” (Uxío Novoneira)

## Pedro e Ons

Unha illa non só é un territorio de terra rodeada de mar: é o mesmo mar e o aire que a envolve. Cando te vas achegando tamén é. Calquera mariñeiro sabe que o mar e os ventos van da man. A vida vai niso. Pedro descubre unha mina en Ons que ninguén soubo ver aínda que todos a miraban. Aínda ligada á arquitectura había unha comunidade. Curtis plasma aos *pieles rojas* en fotografías o que ninguén vería xamais de non ser por el. Pedro faíno a través da análise da súa arquitectura. O mel e o aceite son os seus debuxos e a súa maneira de entender o por que do que está aí, na realidade. Na súa maxia.

Durante dez días cunha beca do Colexio de Arquitectos realiza unhas 80 fichas de casas da illa cos seus elementos adxacentes. Quedarán para a Historia como esas fotos do lendario oeste.

O resultado dese traballo sería a publicación do libro: “Ons, a arquitectura dunha comunidade desaparecida”. (1981)

Distribúe o índice en dúas partes:

- I. A illa. As xentes e a súa economía e historia.
- II. O hábitat de Ons. Factores que inciden na súa caracterización. Estrutura e evolución da casa –vivenda e as características construtivas.

Na primeira parte fálanos da Xeografía, da vexetación, da fauna, da poboación, da economía e da Historia. É unha pequena análise de valoración dos múltiples elementos que van configurar un resultado: unha maneira de vivir.

Os piornos teñen unha cruz e un pico: unha é para Deus e o outro para o diaño: “*Deus e bo e o diaño non é malo*”. O millo vibra entre esas dúas forzas. Aquí non hai Abraxas. Hai sotavento e barlovento. Un mundo agreste cara aos cantís que dan ao océano e un mundo agricultor cara a Ría. O Coto da Cova do Lobo entraña carisma. Un imán que atrae piratas e corsarios, unha forza que trae as edificacións ao chan seguindo a curva do nivel da ladeira.


Conta Álvaro de las Casas que as xentes de Ons son “*outas, magras, esbeltas, belas, mouras, de ollos pretos e brillantes, de boca grande e sensual, de cabelo coma o acibeche, tristesiros, pechos en si, recelosos e desconfiados*”.

Na segunda parte describe como factores como a climatoloxía, a topografía ou a economía estruturan os elementos construtivos aos que dan lugar a vivenda e os seus elementos adxacentes: corte, cortello, alpendre, galiñeiro, piorno, eira,...

A máxima simplicidade, unida á rudeza e materiais precarios conforman a arte da supervivencia.

Relátanse as partes dun todo:

A cuberta, con tellas de barro cocido, troncocónicas, feitas sobre a coxa das pernas, ás que se poñían pedras por riba para que o vento non as levantara, apoiase sobre unha ripas que asentan sobre pontóns e estes sobre tesoiras conformando o armazón que serán a unha ou dúas augas. Case son dornas invertidas que navegan a chuvia do ceo.



# HOMENAXE A: Pedro de Llano

As fachadas sempre de granito revestido con argamasa de barro e cal, ou nada. A principal con ventás, as laterais con cumio e pequenos ocos, a traseira cega.

Os muros de cachotería a maioría, de pedra máis ben pequena e perpiaños poucos. Unha cachotería concertada ou encintada.

As aberturas ao exterior: portas e ventás de madeira de piñeiro de mínimos bosques.

Elementos construtivos interiores: O lar, o forno a cheminea, divisións horizontais e verticais, e pavimentos de terra apisoada.

O lume quente o corpo mollado polas ondas e a chuvia. Son solucións construtivas elementais. Os espazos son entrañables. Cheos de texturas. Un mundo de sensacións. Penumbras e sombras.


Distribúese a vivenda en cocina: escura, multifuncional, o centro da casa. Dormitorios: pequenos sen comunicación interior, durmindo de a dous, a tres ou a catro en colchóns de folia de fento. Sala: para gardar as velas e aparellos ou mirar pola ventá.

Súmanse as construcións complementarias: O palleiro, as cortes, os cortellos, os pendellos, os piornos, o curral, a eira, o lavadoiro.

Todo isto conforma as necesidades humanas para desenvolverse conforme a unha vida. Moi primitiva. Moi arcaica. Moi lonxe das pantallas dixitais.

En Ons non hai paraísos fiscais só paraíso, para quen o saiba ver e valorar. Pedro viuno e deixou constancia diso na súa obra. Tino veo e por iso o leva na súa obra día a día.

Como os cormoráns Pedro e Tino son de casa, de onde se fai país de verdade, dándolle respecto ao mundo que nos envolve sexa de mar ou de terra, ou de terra no mar.





## VARIACIÓNS CLIMÁTICAS E MUDANZAS CULTURAIS

Por: Francisco Calo Lourido



O historiador francés Le Roy Ladurie inicia a edición de 2012 do seu libro icónico e pioneiro nos estudos de xeografía histórica, dicindo que desde hai dez mil anos vivimos nun clima estable sometido a flutuacións. Isto, dependendo da importancia que lle deamos ás tales flutuacións, segue a ser perfectamente válido para a maioría dos investigadores interesados na historia do clima e mesmo no papel desempeñado por estes nos acontecementos históricos. Desde hai un par de décadas a insistencia en falar sobre un cambio (para outros, variante, flutuación ou risco) climático motivou que todo o mundo opine e estea convencido de que a Terra vai camiño de sufrir -e isto non se pode negar- algo nada desexable, aínda que a maioría ignore o máis elemental sobre climatoloxía e moitos informadores confundan acotío esta verba con meteoroloxía. Os historiadores, como Le Roy Ladurie, non somos físicos nin meteorólogos, pero, como el mesmo dixo: “O clima é unha función do tempo; varía; está suxeito a flutuacións; é objeto da Historia [*il est objet d’histoire*]” (Le Roy Ladurie, 2012: 11). O mesmo que podemos ocuparnos da política, da economía ou, entre outras moitas parcelas do saber, da demografía, tamén podemos facelo da xeografía histórica e para iso temos que valernos, como dixo Samarkin (1981: 8), dos “datos de la climatología histórica, la geología, la dendrocronología, la pedología, la astronomía, la botánica histórica, la geografía de los vegetales, la cartografía histórica, la glaciología [tan empregada polo citado mestre francés] y los de muchas otras ramas de la ciencia, incluyendo la etnografía, la arqueología y la propia historia (datos de las crónicas, mitos leyendas, etc.)”. En España son practicamente inexistentes as publicacións feitas nesta rama da Historia, o que non impide que en moitos libros escritos por historiadores haxa informacións magníficas para ser empregadas por quen queira investigar neste eido. Para traballos específicos hai que recorrer a franceses, ingleses, estadounidenses, alemáns, rusos...

Fagamos un resumo esquemático do clima desde a última glaciación, chamada Würm en Europa, Wisconsin en América, cun máximo glacial hai uns 22 000 anos, cando a temperatura tería uns 10 graos de media inferior á de hoxe. A xente da época refuxiábase en covas, que en ocasións pintaba, como a cantábrica Altamira, a francesa Lascaux ou a galega Cova Eirós (Triacastela, Lugo). Nesa altura, o nivel do mar estaba uns 110-120 m máis baixo que o actual e ten estado ata 200 m máis baixo e 15 m máis alto ca hoxe. Na nosa illa de Ons pódese ver unha praia fósil de croios rodados testemuño de que o nivel do mar chegaba uns 6 metros máis arriba do actual no interglaciar previo a Würm hai uns 120 000 anos. E, falando de covas, a Cosquer, preto de Marsella, é un caso espectacular. Refuxiáronse nela grupos de cazadores, cando a súa entrada estaba uns 90 metros por riba do nivel do mar e moi lonxe da costa. Rematou a glaciación, ascendeu o mar, chegou á cova e sobrepasouna en altura 36 m. Ninguén soubo da súa existencia ata ser descuberta e explorada por submarinistas en 1985. Sendo a cova ascendente, quedou libre do mar unha parte importante da mesma, onde se conservan pinturas que aqueles paleolíticos deixaran nela; hoxe, como en Altamira, fíxose unha reprodución exacta evitando o mergullo aos visitantes. Remata a glaciación e o período Pleistoceno, ascende a temperatura e co desxeo vai aumentando o nivel do mar; volve o frío en dúas ocasións (Dryas Antigo e Dryas Recente), recóbrase logo a subida de temperaturas, chegando hai



O devalo do mar descobre estruturas na Illa de Arousa

agora 10 000 anos a un nivel similar ao actual, co que se inicia o período Holoceno no que aínda estamos, coa estabilidade fluante que mencionamos no primeiro parágrafo. Culturalmente, rematou o paleolítico e iniciouse o epipaleolítico ou mesolítico. Gran Bretaña despois de moitos miles de anos unida ao continente íllase del pola aparición do Mar do Norte e do Canal da Mancha. Pero a nós interéstanos a nosa costa galega.

Hoxe sabemos que ao iniciarse o Holoceno o nivel do mar estaba uns 40 metros máis baixo ca hoxe, comezando a liña de costa pola bocana das rías. É dicir, podíase ir andando desde o que hoxe é Bueu ata Portonovo, non tendo que mollarse máis que para cruzar o Lérez, ou mesmo desviarse campo a través ata Ons. Entre o 4 800 e 2 200 a. C. estabilizouse o mar entre 5 e 7 metros máis baixo co nivel actual para a continuación seguir ascendendo con maior ou menor rapidez e incluso con fases de descenso. En moitas ocasións, pescando co barco fondeado nunha fanequeira e varias decenas de metros de auga entre a quilla e o fondo, pensaba que, onde me estaban a comer os peixes, aquelas xentes do paleolítico e mesolítico acosaron e perseguiron cabalos, cervos e demais fauna, e que neses lugares de abrigo e de caza, hoxe postas de pesca, sen dúbida quedaron moreas de artefactos líticos por eles traballados. Moitas paredes e covas que hoxe serven de refuxio ás maragotas antes foron campamentos frecuentados por persoas.

Chega o neolítico ata aquí, onde, polas súas manifestacións arquitectónicas, o coñecemos mellor como megalítico. Érguense dolmens por todas partes, no interior e na costa e, sen dúbida, moitos rematarían sendo coveiros para pintos, polbos e congros, seus inimigos. No illote Guidoiro Areoso, a uns cables da illa de Arousa, escaváronse na pasada década algúns destes sepulcros que levan tempo en perigo de seren, como xa foron outros, varridos polo mar. Van alá 40 anos que Xosé Carlos Sierra e máis eu publicamos un longo traballo sobre a conexión cultural entre o castrexo e o bronce final. Manexamos nel todas as análises polínicas publicadas na altura sobre este territorio desde o remate do período ou estadio climático Atlántico (ca. 3 000 a. C. Talvez 2,5° superior a hoxe), continuando polo Subboreal (3 000-900/800 a. C. Seco e algo máis frío que o anterior, pero máis cálido

que o actual) ata chegar ao Subatlántico (900/800-actualidade. Húmido e inicialmente preto de 1° máis baixo que o actual). Dedicamos varias páxinas a relacionar as variacións climáticas coa vexetación e a incidencia das actividades antrópicas no medio físico (Calo e Sierra: 1983: 19-85). Anos despois, propuxen “de xeito hipotético (...) que o aumento de pluviosidade que significou o paso do período climático Subboreal ao Subatlántico puido contribuír á dispersión da poboación polo interior de Galicia, fuxindo do aumento do bosque na costa” (Calo, 1993: 53). Isto é o que levou, segundo o meu criterio exposto en diferentes publicacións, a instalar os castros en zonas elevadas, máis libres de vexetación e de terras pesadas e enchoupadas que os vales. Mais a propia beira do mar está toda ela salpicada de castros (permítaseme citar o meu de Baroña, Porto do Son), meu por nacemento e por dirixir entre 1980 e 1985 as súas escavacións). Estes castros marítimos poden asentarse aí porque o vento salitroso impide que naza vexetación arbórea e o seu elevado número fai, como pouco, cuestionar que o emprazamento dos elevados se debese a unha finalidade defensiva. Sempre mantiven, cando menos xa desde a publicación das devanditas escavacións, que o emprazamento de todos eles respondía, de xeito primario, a cuestións ecolóxicas.



Castro de Baroña (Porto do Son)



A humidade e a baixa temperatura do subatlántico puido ter algo que ver co agrupamento das casas dentro dos castros e a habilitación de pequenos espazos libres a xeito de prazas protexidas do vento. O nivel do mar estaba uns metros máis baixo ca hoxe; se non fose así, a vida en Baroña sería impensable, xa que todos os invernos o mar penetra pola furna do oeste e sae pola porta do xacemento. Algúns, ignorando todo sobre o que estou a escribir, dixeron que o castro de Baroña tería só unha función estacional, o que non me merece comentario e me impide ter en consideración o resto do artigo. Seguindo neste período subatlántico iniciouse, alá polo 300 a. C., unha etapa cálida, coñecida como Óptimo de Época Romana, que fixo retroceder os xeos e facilitou a Aníbal, no ano 218 a. C., atravesar os Alpes con elefantes, así como a expansión da República e do posterior Imperio. Pero as fluctuacións climáticas avanzan demoradamente e aínda no cambio de Era e primeiros séculos da actual os romanos construíron vilas rústicas *a mare*, salinas e píos de salga, sendo o de Adro Vello (San Vicente do Grove) un dos primeiros coñecidos e escavados en Galicia. En canto se soubo que estas estruturas aparecían xusto nas mallantes e mesmo baixo o mar de marea viva escoada, procuráronse e están a aparecer moreas de instalacións deste tipo pola nosa costa e baixando pola portuguesa. Por interese desta revista *Aunios*, so mencionarei a xa citada do Grove polo Norte, lembrando as escavacións co profesor Carro Otero, a de Pipín (Aldán) polo sur e as da propia illa de Ons. O mar rematou inutilizando todo isto, e cando chegamos ao 400 d. C. entramos nun novo período frío que chegou a conxelar o Rin, permitindo o día de fin de ano do 406 que os suevos, vándalos e alanos comezasen a cruzalo por Maguncia coas súas familias, carros, animais e todo canto tiñan, que atravesasen Francia e entrasen na Península Ibérica, asentando nela no 411, e que os suevos constituísen na Gallaecia o primeiro reino xermano na Europa romana en fase de desintegración.

Volve un ascenso de temperatura nos séculos finais deste I milenio que permitiu aos normandos as súas navegacións e, sobre todo, a chegada de Erik o Vermello, alá polo 985, a unha costa no occidente que, polo seu aspecto (e para incitar a súa colonización) chamaron Groenlandia (Terra Verde), onde houbo moitísimos asentamentos. Desde alí pasaron ás costas do Labrador, Terranova e Vinland (Terra do Viño) na desembocadura do río San Lourenzo. Nesa altura o clima era en Europa máis elevado ca hoxe, polo que tamén os viñedos chegaban en Inglaterra uns 500 km máis ao norte que na actualidade. No século XIII volveu o frío, sobre todo en Islandia e Groenlandia, as neves baixaron en latitude e a circulación marítima veuse interrompida pola abundancia de icebergs. Nos inicios do século XIV os intensos fríos mantiveron conxelado o Támesis durante moito tempo e extinguíronse todas as colonias de Groenlandia. Entramos no que se coñece como Pequena Idade Glaciar (con intermedios cálidos) que chega ata mediados do século XIX. Os últimos 40 anos do XVI foron moi fríos en Europa, acentuándose no XVII e XVIII, cando conxelaron os lagos suízos, o Constanza e ata a lagoa de Venecia, os ríos Sena, Rin, Tiber, Ródano, etc; nas illas Orcadas chegaron a ver esquimós (*inuits*) nos seus kaiaks, arribando un deles a Escocia; os arenques desprazáronse de Noruega a Inglaterra e Holanda e os baleeiros regresaron da campaña de baleas do Atlántico noroccidental sen avistar ningunha e sen saber interpretar o fenómeno.

Esta gran inestabilidade climática foi a que, areando as desembocaduras, inutilizou os grandes portos de Pontevedra e Noia, a que formou a grande barra de Aveiro, pechando o golfo alí existente, a que xunguiu a illa do Grove ao Salnés por medio do areal da Lanzada. Moitas penínsulas da nosa costa foran illas ata estes séculos fríos e así se describen en docu-



Píos de salga en Adro Vello. San Vicente. (O Grove)

mentos medievais, o mesmo que Gerónimo del Hoyo, nas súas *Memorias do Arcebispado*, de 1620, nos falou da circulación do mar dunha praia á outra da Pescadoira na Coruña, o que se teme que volva suceder algún día. A documentación que empregamos os historiadores está chea de novas sobre fenómenos meteorolóxicos e xeolóxicos mesturados con políticos e relixiosos de todo tipo. No 2003, eu mesmo publiquei un pequeno artigo na revista da Asociación de Veciños San Roque con datos tomados do libro de visitas ou “veredas” de maio de 1829 da parroquia de san Andrés de Figueirido (Pontevedra). Mencionei alí unha mestura de papas, terremotos, feiras, amancebamentos e delacións de constitucionalistas. Desde o século XVI contamos con estas fantásticas fontes que, para o que estamos tratando, nos poden indicar, a base de multiplicación de fenómenos meteorolóxicos e económicos, a existencia de algo máis permanente, dunha posible flutuación climática. Figuran nestes libros repetidamente algo que os de máis idade aínda recordamos ter feito ou visto facer: rogativas para pedir chuvia (*pro pluviam*) ou para que deixase de chover (*pro serenitatem*), en ocasións levando un santo e mergullándoo na auga do río para que vise que aquilo non era unha brincadeira.

Cando estudaba na universidade, a profesora de xeografía, perfectamente actualizada, fíxonos saber que estabamos nun período interglaciar e que antes ou despois a terra sufriría unha nova glaciación. Case había que ir mercando bufandas e luvas. Hansjörg Küster, nun espléndido libro sobre a historia da paisaxe en Centroeuropa (2013: 62), dixo tamén que desde hai 10 000 anos estamos nunha época postglaciar que, posiblemente, “será unha etapa cálida entre dúas idades do xeo [*eine Warmzeit zwischen zwei Eiszeiten sein wird*]”. Os



Istmo da Lanzada visto dende o monte Siradella. O Grove

coñecidos Strahler (xeoloxía e xeografía) concordaban con isto, chegando a concluír un moi longo apartado, con esta frase: “A partir de 1940 existe una tendencia al enfriamiento bastante clara del hemisferio Norte” (Strahler-Strahler, 1989: 384). Teño diante de min un artigo periodístico publicado en *A Nosa Terra* (27 de xullo-6 de setembro / 2006) do biólogo Xavier Queipo que traduce e comenta un informe do ano 2003 de expertos do Pentágono e asesores presidenciais norteamericanos que prevén para Europa un descenso progresivo das temperaturas de ata 3,5 graos, no que se di que parte de Escandinavia e de Centroeuropa “pasarán a ter un clima semellante ao de Siberia” e que alá polo 2018 “comezará un fluxo importante de poboación desde os países escandinavos, Holanda e Alemaña cara a Italia e España”, e máis adiante o informe “fala da posibilidade de emitir gases de tipo dos hidrofluocarbonados para conter o futuro enfriamento do clima”.

Como historiador constato o que sucedeu ou se dixo ao longo dos tempos, o oficio de futurólogo déixollo a outros.

#### BIBLIOGRAFÍA SUMARIA:

- CALO LOURIDO, F. e SIERRA RODRIGUEZ, X. C. (1983): “As Oríxenes do castrexo no bronce final”. In PEREIRA MENAUT (ed.): *Estudos de cultura castrexa e historia antiga de Galicia*. Universidade de Santiago e IEGPS do CSIC. Compostela, pp. 19-85.
- KÜSTER, H. (2013): *Geschichte der Landschaft in Mitteleuropa*. C. H. Beck. München.
- LE ROY LADURIE, E. (1983): *Histoire du climat depuis l’an mil*. Flammarion, Paris. (2 tomos).
- SAMARKIN, V. V. (1981): *Geografía histórica de Europa occidental en la Edad Media*. Akal/Universitaria, Madrid.
- STRAHLER, A. N. e STRAHLER, A. H. (1989): *Geografía física*. Ed. Omega, Barcelona.



# ERAN AS TRES DA TARDE EN FISTERRA\*

Por: Xulio X. Pardellas



## 1. O QUE ACONTECEU

Martes, 12 de novembro de 2002, Galicia leva dous meses recibindo borrascas desde o suroeste e neste día o parte meteorolóxico anuncia galerna, con ventos de máis de 70 kms/h e ondas de 7-8 mts de altura, é o que os mariñeiros con longos invernos no seu lombo denominan o *Tren Canadiense* (unha sucesión continua de temporais procedentes do Atlántico).

Pouco antes das tres da tarde, un buque de nome Prestige navega por diante da costa de Fisterra, ten algo máis de 200 mts de eslora e unha carga de 70.000 Tm de fuel tipo M-100 (un hidrocarburo de moi mala calidade, só útil para combustión industrial). Xusto ás tres da tarde, unha forte explosión abaneou todo o buque, que comezou a escorar a estribor. Nese momento, o capitán, Apostolos Mangouras, de 67 anos, ordena ao segundo oficial pulsar o botón de alarma que emite un sinal por satélite (GMDSS, en inglés, Global Maritime Distress System Service), “perigo non definido”.

A esa hora algúns mariñeiros da costa galega descansan despois do xantar e outros volven a porto e descargan o escaso peixe que puideron coller a pesar do mal tempo. É o caso de Francisco Iglesias, patrón maior da confraría do Grove, que desde o seu barco *Vendaval*, aboca na lonxa unhas poucas caixas de pescadas pequenas e xardas. Será un destacado protagonista nos días seguintes, liderando as accións dos mariñeiros en tódalas rías baixas. A esa hora tamén, Rafael Mouzo, alcalde de Corcubión, descansa na súa casa despois de varias semanas con sesións de radioterapia, está de baixa médica por un tumor maligno. Uns días máis logo e xa co Prestige escorado e perdendo fuel diante da costa do seu municipio, deixará de lado a baixa e volverá a incorporarse á alcaldía para encarar un novo pesadelo de naufraxios, co recordo na cabeza do barco Casón, ardendo en 1987 na costa de Corcubión, cargado con produtos químicos.

Ás 3.20 da tarde e logo de escoitar a chamada de alarma do Prestige, Salvamento de Fisterra consegue falar co capitán Mangouras, quen solicita evacuar á tripulación, integrada na súa maioría por mariñeiros filipinos, contratados a baixo prezo, moi traballadores pero inexpertos, como recoñecerá o propio capitán meses despois nunha das sesións do seu xuízo. E velaí, que a partires dese momento, comeza a agonía do buque, navegando sete días no medio do temporal por diante do litoral galego, unhas veces remolcado e outras á deriva, primeiro ao nordeste, cara a costa, logo ao noroeste, despois afastándose ao sur e suroeste, para finalmente partirse en dous e afundir a 146 millas da Illa de Ons e a 3.600 mts de profundidade.

## 2. POR QUE ACONTECEU?

En canto se coñeceu a chamada de auxilio do Prestige iniciáronse dous procesos paralelos. O primeiro de todos o do negocio do salvamento, sempre complexo, pero moito máis ante o caso dun petroleiro con armador en Atenas, oficinas de representación en Londres, propiedade aparente en Liberia e orde da carga de fuel en San Petersburgo. O segundo proceso foi o que correspondeu ás decisións que foron tomando as autoridades (in)competentes con respecto ao destino final do buque.

Ás 6 da tarde só quedan 3 tripulantes a bordo, o capitán, o segundo oficial e o xefe de máquinas. O segundo tenta achegarse á fenda do buque en estribor, pero fracasa, porque as ondas eran tan altas que imposibilitaban moverse pola cuberta. Saben que están perdendo fuel pero non a cantidade nin a secuencia. O remolcador Ría de Vigo, avisado pola torre de control de Fisterra, chega a carón do buque, tenta un remolque e falla. Entre as seis e as nove da noite o capitán non permite outra tentativa e semella que ambos barcos simplemente obsérvanse, pero os satélites xa hai tempo que envían e reciben chamadas. Todo ten unha explicación: o valor do petroleiro, a carga e máis o buque, pode chegar aos 120 millóns de euros. Se é rescatado completo o salvador opta a unha recompensa de case o 30%, dado que a situación é grave. Sonan teléfonos na Coruña, en Londres, en Atenas, en Rotterdam, en Xenebra, en despachos de avogados, na casa do armador, en intermediarios, en aseguradoras.



O Prestige escorado a estribor

Así, mentres o ministerio de asuntos exteriores de España tenta sen éxito contactar co armador, a empresa holandesa de salvamento Smit Salvage de Rotterdam ofrece os seus servizos a Londres e Atenas cun contrato LOF (Lloyd's Open Form), iso significaba que se rescataban o buque cobrarían aquel 30%, mais se afundía só recibirían o correspondente aos gastos que tivesen. Universe Maritime, a compañía do armador, acepta as condicións do contrato, o que se comunica a Mangouras para que permita ser remolcado. Sen embargo, tódolos esforzos fracasan, o Ría de Vigo tronza tódolos cabos de arrastre e o Prestige está cada vez máis veciño á costa, coas máquinas paradas, á deriva e empurrado polo temporal do suroeste cara a Fisterra. Desde a torre de salvamento avisan a outros dous remolcadores, hai xa tres en torno ao buque, Mangouras pide máis xente a bordo para realizar a manobra e un helicóptero deixa dous mariñeiros expertos na cuberta do Prestige.

Ás tres da madrugada o escenario é moi semellante ao das nove da noite, fallan tres intentos de enganchar o remolque e o buque segue achegándose á costa. Ás seis e media a torre de Fisterra considera que dous homes non chegan abondo para esa manobra no medio dun temporal que arrecía e volven a sonar os teléfonos e Fax. Cos tres remolcadores ociosos a carón do buque, brinca o desacougo nas oficinas dos intermediarios e aseguradoras, está en perigo o negocio e non se percibe unha solución.

Ás oito e media, xa no abreinte, un cuarto remolcador, pequeno pero máis áxil cá os outros, consegue pegarse ao costado do buque e suspender a súa deriva, así o Ría de Vigo pode finalmente facer firme o remolque e trazar desde ese momento o rumbo noroeste. Son case as dúas da tarde do xoves 14 e comeza a segunda fase da agonía, dirixida agora por unha mestura de autoridades políticas, técnicos da administración e detrás de todos, como non, as presións dos intermediarios e as aseguradoras amosando o citado contrato LOF.

Desde a tarde do martes 12, as autoridades políticas estiveron informadas da chamada de socorro do capitán Mangouras, pero a rápida aparición en escena do remolcador Ría de Vigo reduciu a alarma inicial. Pensemos que ao longo do ano navegan 60.000 buques por diante de Fisterra e nun número próximo á metade desa cifra transportan mercadorías perigosas, polo que non é nada raro que no medio dos temporais sucedan problemas, en xeral de limitada consideración.

Pero na madrugada do xoves 14, as evidencias da gravidade da situación xa non poden ser ignoradas e desde ese momento asistiremos abraidos ás noticias oficiais, contraditorias e falsas as máis das veces, que agochaban decisións políticas erráticas e insensatas. Os primeiros en decatárense do problema foron as autoridades da Xunta, o Conselleiro de Pesca, López Veiga e o propio Presidente Fraga, que apenas moveron un dedo para modificar aquelas decisións, saídas en todo instante do goberno de Madrid.

Mangouras só obedece as instrucións do seu armador, quen ordena ás súa vez que sexan os holandeses da Smit Salvage os encargados de dirixir o salvamento. Con todo, o capitán marítimo da zona de Fisterra, Ángel del Real, non está disposto a permitir esa manda, a menos que se comprometan a manter sempre o buque a máis de 120 millas da costa, orde directa do ministro de Fomento, Alvarez Cascos.

Venres 15 pola mañá, o armador envía a outro capitán, Witse Huisman, para dirixir o salvamento, quen solicita aos seus xefes holandeses que negocien levar o buque a un porto de abrigo, para evitar o seu deterioro cada vez maior polas batidas do mar, e salvar así a carga. No seu informe avisa que o fuel está saíndo para o mar en grandes cantidades. Un responsable de Smit Salvage chega a entrevistarse na Coruña co delegado do goberno, Fernández de Mesa e máis con López Sors, director da Mariña Mercante, mais a orde do ministro é terminante: o buque debe afastarse da costa. No entanto, as manchas de fuel son xa claramente visibles no mar e tamén desde terra, esténdense por varias millas de longo e case 200 mts de ancho, movéndose lentamente cara o litoral da Costa da Morte.

A pesar diso, pola tarde, Fernández de Mesa comparece na Coruña ante os medios para informar de que o barco está cada vez máis lonxe de Galicia e xa é un problema internacional. Case á mesma hora, o ministro de agricultura e Pesca, Arias Cañete, explica por televisión que “a acción rápida das autoridades españolas, que afastaron o barco da costa galega, impediron unha catástrofe ecolóxica e non hai ningún perigo para os recursos pesqueiros de Galicia”.

O Prestige segue rumbo noroeste coa fenda aberta a estribor e perdendo fuel e esa fin de semana, sábado 16 e domingo 17, xa despreocupados porque está indo fora da costa galega, Fraga acude a unha cacería en Madrid, Álvarez Cascos a outra nos Pirineos e Jaume Matas, ministro de Medioambiente, xunto coa de Sanidade, Ana Pastor e o de Interior, Angel Acebes, viaxan a Doñana. Todo semella tranquilo para os ministros do goberno de Madrid.

Desde logo, a deriva do Prestige vai converténdose nun problema internacional, Francia anuncia que enviará unha fragata de guerra se o barco se achega ao Cantábrico e Inglaterra avisa o mesmo se continúa navegando para o norte. Desde



Madrid ordenan mudar o rumbo para o sur, mais na noite do luns 18, a fragata portuguesa João Coutinho comunica á torre de control da Coruña que de ningunha maneira permitirán a entrada do buque na zona económica exclusiva de Portugal. Intercambio de chamadas e nova orde para novo cambio de rumbo cara o oeste (nunca quedou claro de quen partiu), o tempo de vida do Prestige está xa no remate.

Finalmente, pouco antes das 11 da mañá do martes 19, o Prestige afunde como dixemos, a 146 millas da illa de Ons e a 3.600 mts de profundidade.

En todo caso, o fuel leva varios días aparecendo pola costa galega, en Laxe, en Muxía e en Camariñas, o mar está cheo de manchas negras. Os alcaldes telefonan á Delegación do Goberno en Coruña pedindo información e instrucións, pero ninguén os atende en varias horas e moito despois, na noite do sábado, reciben un Fax e un cuestionario para cubrir cos detalles de cadansúa situación. Os xornais do pasado domingo incluían a foto dunha gaivota negra de petróleo, xa non é posible confiar nas informacións oficiais respecto da inexistencia de marea negra.

Aínda así, continuaron as declaracións optimistas, algunhas raiando no delito, como a do conselleiro de pesca, López Veiga, que asistiu o martes 19 a unha reunión no concello do Grove, e claramente coñecedor da gravidade da situación, afirmou sen o menor escrúpulo, que algunhas manchas de fuel estaban chegando á Costa da Morte, mais sen ningún perigo para as Rías Baixas, por iso non eran necesarias as barreiras que pedían os alcaldes desta zona. Esa mesma noite, por fortuna para todos e sen dar crédito a tal afirmación, os mariñeiros do Grove, de Bueu, de Portonovo decidiron organizar quendas para saír a loitar contra o fuel que xa chegaba ás praias de Cíes e Ons.

Desde ese momento todo semella unha turbulencia de comentarios: entre a clase política, os de Mariano Rajoy: “do buque afundido saen uns pequenos fíos de plastilina que se van solidificando ao subiren ás superficie”. Entre o mundo científico, dos catedráticos da Universidade de Vigo, Federico Vilas e Emilio Fernández: “a zona onde afundiou o barco ten unha corrente á que os ingleses denominan corrente do nadal, que xira para o nordeste e espalla o fuel cara as costas de Galicia, Asturias e o Cantábrico”. Entre por último, na poboación máis nova e concienciada ecoloxicamente de toda Galicia e España, que decide acudir en masa a limpar a costa do chapapote (nova palabra que se fará veciña en todo o país nos seguintes meses).

Logo, as imaxes que aparecerán os medios de comunicación de todo o mundo serán as dos voluntarios vestidos con monos brancos (se cadra, para contrastar co negro chapapote que limpan), recollendo o fuel das pedras, das praias e dos cons da costa galega. E non serán só voluntarios, aos poucos días chegará o exercito, e aquí preto, os militares aspirantes a oficiais da Escola Naval de Marín, enviados a limpar as praias da illa de Ons, outra imaxe que se repetirá nos medios por moitos días.

### 3. CONSECUENCIAS DO QUE ACONTECEU E UNHA ELEMENTAL REFLEXIÓN

Esta non era a primeira vez que Galicia sufría un desastre de negro impacto para os mariñeiros e para a economía do litoral. Nos últimos 50 anos, seis barcos naufragaron na costa galega: en 1970, o Polycomander na entrada da ría de Vigo, en 1976, o Urquiola na ría da Coruña, en 1978, o Andros Patria na costa de Malpica, en 1987, o Casón na costa de Corcubión, en 1992 o Mar Egeo ao pé da torre de Hércules e en 2002, o Prestige. Todos eles xeraron mareas negras ou químicas (o Casón), de notables e negativas consecuencias para a poboación galega.

Finalmente, afunde o Prestige



Veciños de Ons, participando na recollida do chapapote

Nunca saberemos con exactitude a totalidade dos efectos económicos do fuel verquido polo Prestige (máis de 40.000 toneladas), que se espallaron ao longo de 900 kms da costa, desde Baiona e as illas Cíes e Ons até case a entrada da ría da Coruña, estragando principalmente os recursos da Costa da Morte.

Un estudo no que participou este autor, dirixido polo catedrático da Universidade da Coruña, González Laxe, fixo unha estimación de 20.000 persoas directamente prexudicadas na súa actividade económica pola marea negra, ben na pesca de baixura, ben no marisqueo, ben na acuicultura, ben no turismo. Estes cálculos coincidían con outro estudo da Universidade de Santiago, que establecía en máis de 3.500 millóns de euros as perdas que a paralización do traballo no mar implicaría para a economía galega nos primeiros dous anos, e unha lenta recuperación como mínimo doutros cinco ou seis. E iso sen agregar o custe das horas traballadas polos centos de voluntarios e os soldados do exercito que estiveron varios meses recollendo o chapapote das praias e as pedras.

A pregunta e a reflexión que cómpre facer de seguido está referida ao que se aprendeu logo da desfeita do Prestige. Por unha banda o que aprenderon as administracións e pola outra, a propia poboación da Galicia costeira: pode garantirse neste momento que non se volverá a repetir esa desfeita?

Quedou evidenciada unha grave responsabilidade das administracións naquel momento (a Xunta de Fraga e o goberno de Aznar), por negligencia, descoordinación e falta de medios para evitar a tempo e con eficiencia a contaminación, e semellou obvia tamén a escasa capacidade das organizacións mariñeiras para encarar aquela situación. Con respecto a estes últimos non se observa hoxe ningún cambio significativo: nin as confrarías de pescadores, nin as organizacións de produtores pesqueiros (OPPs na normativa europea), estarían actualmente máis preparadas que hai vinte anos ante unha eventualidade como aquela.

Con respecto ás administracións destaca a modernización do Centro de Control de Tráfico e Salvamento Marítimo de Fisterra (xa creado en 1994), ubicado no monte Enxa do municipio de Porto do Son. Conta con catro radares de control que manteñen unha vixilancia permanente do dispositivo de separación do tráfico marítimo, que hoxe funciona como unha autoestrada, con catro direccións, dúas en sentido norte-sur e outras dúas sur-norte, coa separación máxima para os buques petroleiros.

Tal sistema, en lóxica, proporciona unha maior seguridade que o de hai vinte anos, mais os barcos seguen navegando, moitos con cargas perigosas e todos co necesario combustible para movérense, polo que o risco cero non existe. Pensemos que hai pouco, a primeiros do pasado setembro na badía de Algeciras, o buque OS35 bateu contra outro fondeado fronte a Gibraltar e xerou unha marea negra de fuel que moi logo chegou ás praias da Línea de la Concepción. En Algeciras existe un dos mellores Centros de Control de Tráfico Marítimo do mundo, o que demostra que algo semellante podería acontecer tamén aquí.

Non podemos rematar estas elementais reflexións sen salientar a fragilidade xeral dos mares, verificada no enéximo fracaso dos representantes políticos á hora de establecer un tratado para protexer os océanos, o que impide ás súa vez a creación de áreas de protección mariña. O tratado debía acordarse na reunión celebrada na sede da ONU en Nova York, a fins de agosto pasado e outra reunión quedou suspendida sine día.


O 1º de decembro de hai vinte anos levouse a cabo en Santiago a manifestación máis numerosa da historia de Galicia, con 200.000 persoas. Alí esixiron que NUNCA MAIS se repita outro Prestige.

(\*) Este relato ten como base o libro *Crónica Negra del Prestige*, de L. Gómez e P. Ordaz (Ed. El País. 2003), así como as crónicas publicadas nos xornais La Voz de Galicia e Faro de Vigo, no mes de novembro de 2002.

Minixornal Onstopus nº 20, 2020, Especial 18 anos do Prestige.



As praias de Ons comezan a tinxirse de loito



Mapa da separación actual do tráfico marítimo en Fisterra



# *A Illa a eito*

*Isidro Cortizo del Rio*

*Profesor xubilado IES Valle Inclán.*



*Acuarela editada*

Anacos desordenados, rebos dun muro desfeito polo tempo e amoreados por unha memoria embarrada de emocións.

## Campanario


Arquitectura muda, un monumento ao silencio. Era unha mañá soleada, unha promesa de alegrías e ese campanario espido, que ata no vrán pasa frío, era testemuña das nosas tolerías, sempre calado.



## Pólas

Estou en Chan da Pólvora, pasa do mediodía e a xente está na praia ou xantando por aí, fai calor e o campamento está baleiro, en calma.

O vento vén do faro falando, dicindo que o mundo sigue, que hoxe é Agosto, que é morno e amante\* pero pronto virá o outono e limpará as praias de xente, o po dos camiños, e as follas das árbores que debuxo.




- "amante", así se refería Arturo ao repolo tenro.



## Onde morreron os homes

Hai unha pequena cova , baixo os cons, era no calor do verán, naquel verán sen fin de 1989 .Inmune ao paso do tempo, coa grandeza que dá a xuventude,...ao rematar o debuxo metinme nela , e aquel frío inesperado botoume fóra, eu diría que con desprezo.

Non deberíamos alterar segundo que cousas.



## O temporal

O tempo, aquela Semana Santa de 2005, foi ruín con ganas, os únicos “turistas” eramos Henar, Santi máis eu. Choveu todo o día a cachón, matabamos o tempo na terraza, Pepe “armaba” unhas pólas de salgueiro para pescar lorchos escamentos nas pozas que deixaba a marea ....



Augaforte editado.

## Cemiterio



### A pedra que “*alumbra*”(\*)

Podería ser a Illa mesma, un grande penedo con lús de faro enriba, non é iso; a mesma lúa chea que deita a súa lús nos camiños da Illa , déitaa nas follas inquedas dos lamigueiros do lavadoiro, nos arumes da Espaduada, nas ondas incansables que veñen do Océano; pero tampouco, é unha pedra de xeixo que está no camiño, subindo ao Cano que garda á lúa dentro e ilumina a imaxinación .

Tés que ir de noite a andar, e téis que prestar atención, coa lús da pedra que “*alumbra*” verás o que é invisible polo día. De paso achégate ó cemiterio a saudar.

(\*) Segundo Rafael Patiño Méndez.



**A SOLAINA.** Rúa Peralto B, 8 • T. 986 73 34 04 • 36980 O GROVE (Pontevedra)  
**SOLAINA.** Avd. Beiramar (zona del puerto) • T. 986 73 29 69 • 36980 O GROVE (Pontevedra)

RESTAURANTE CAFÉ BAR  
**A Nova Ponte**  
 TAPAS E COMIDA CASEIRA  
 Praia de Major, 94 / 36960  
 Noalla-Sanxenxo  
 986 744 165

#MERCADO GROVE

Praza do Corgo, O Grove





**Jaime Solá, 10  
O GROVE**

**Telfs.: 615 40 54 38 - 986 73 02 55**

**David González Miguez**

# HOTEL PIPO

Si disfruta de sus vacaciones en nuestro hotel, encontrará un ambiente familiar y agradable que harán que su estancia sea de lo más confortable. Sus vacaciones serán inolvidables.



Las habitaciones son confortables y espaciaosas, siendo todas exteriores. Cuentan con baño completo, calefacción, televisión y teléfono. En nuestro restaurante disfrutarán de la cocina casera típica gallega, saboreando los mariscos y pescados de las Rías Bajas.



**HOTEL PIPO, s.l.**  
SANXENXO  
PONTEVEDRA



**TELFs.: 986 74 34 00 - FAX. 986 74 57 55 - LA LANZADA - 36960 SANGENJO**



**Rúa Platería, 63  
O GROVE Pontevedra  
Telf. 986 73 02 24  
[www.casaabel.com](http://www.casaabel.com)**



**Restaurante "O PESCADOR"**  
Travesía da Marina, 5 / 36970  
PORTONOVO – Sanxenxo- Pontevedra  
644168095





## GALEGOS NO GULAG

Por: José Taboada García

José García Santamaría nacera en Palmeira (Ribeira) e, como bo ribeirán, enrolouse na mercante no barco “Cabo San Agustín”, que facía a ruta de Ordesa a Barcelona. Traballaba de axudante de cociña. O traballo era levado e o soldo bastante bo.

Casou e dese matrimonio naceron dúas fillas. Logo chegou o ano 1936 e houbo o golpe de estado e despois a Guerra Civil. Eles seguían traendo armas e mercadorías para o exército republicano. Italia e Alemaña aliáronse co exército nacional, foi cando os italianos puxeron submarinos na saída do porto de Odesa e fundiran xa un barco. Sabedores disto amarraron no porto. Nesta estancia foron ben tratados polos rusos.

Durante a contenda non puido comunicarse coa súa familia agás unha vez mediante a cruz vermella internacional que lle deu a triste noticia de que a súa muller morrera, deixando dúas fillas orfas, unha de dous anos e outra de meses. A maior foise a vivir cos seus padriños e a máis nova cos dela. Segundo contaron elas tiveron moi bo trato, como se foran fillas.

Así pasaron tres anos, ata que un día os rusos chamáronos e comunicáronlles que a guerra acabara e que querían facer, marchar ou quedar. A resposta de case todos foi marcharse, só un ou dous dixeron de quedar.

Aos de marchar metéronos nun tren rumbo a Siberia e aí empezou o seu calvario nesa viaxe longa e penosa, na que algúns xa morreron polo camiño.

Ao chegaren viron que había tres pavillóns: A, B e C. Aos do barco puxéronos no A que, segundo a vara de medir dos rusos, eran os bos. No B os regulares e no C os malos que eran os contrarios ao réxime, os que se manifestaran, os que delinquiran,...

Os do A eran ben tratados; se enfermaban os médicos curábanos e dábanlles medicinas, mentres que aos do C todo o contrario, preferían que morresen.

Os barracóns eran de madeira e desmontables. No medio tiñan unha estufa de carbón e arredor dela, pegada ás paredes, tiñan as camas feitas con troncos de madeira. A porta non tiña chave nin a eles lles poñían cadeas, nin falta lles facía, a corenta baixo cero e só mirando ceo e neve, o intento de escapada era morte segura.

O traballo que facían era reparar a vía do tren transiberiano e facer novas vías. Eran os nómades de Siberia, ían montando e desmontando os barracóns segundo avanzaba a vía.

Aos do A ata lles permitían escribir cartas e prestábanlles papel e tinta, cartas nas que eles só querían dicir que estaban vivos, cartas que non chegaban a ningún sitio.



Postal de 1947. Pedindo a liberación dos marinos do “Cabo San Agustín”

Con esa tinta tatuouse este home os nomes das súas fillas para non esquecerlas. A comida era unha sopa negra unha vez ao día, na que as veces aparecía algunha espiña de peixe.

Dentro dos barracóns a diversión que tiñan eran os taboleiros de xadrez. Ás veces botaban partidas simultáneas de barracón contra barracón na que participaban todos. Tiñan un correo que ía ao outro barracón a dicirlle a ficha que moveran. Para darlle valor á partida ás veces xogábanse o rancho, comida dobre para uns e fame para outros.

Nos gulags soían ser todos presos, os policías eran presos, os médicos presos,... Os rusos adoitaban poñerlles unha condena de catro anos, oito,... Aos estranxeiros tiñanos aí.

E, como a can fraco todas son pulgas, estalou a Segunda Guerra Mundial e Alemaña invadiu Rusia. Isto fixo que mirasen con receo aos estranxeiros ao tomalos a moitos como posibles espías. Ao rematar a guerra aumentaron os presos alemáns, da división azul e outros.

Calcúlase que nos gulags houbo trinta galegos, dos cales catro morreron. Outro galego Joaquín Fuster Ribó, nacido en Vigo e de pais cataláns, combatera no Exército Popular para despois exiliarse en Francia. De aí pasou a URSS, onde foi médico militar no exército roxo. Escribiu unha carta á súa irmá dende a embaixada arxentina en Moscú, que foi interceptada polos servizos secretos soviéticos, na que dicía: *“A culpa directa é dos dirixentes criminais do PCE, que son axentes mercenarios de Moscú. Aquí están os seus nomes: En primeiro lugar Dolores Ibarruri, La Pasionaria, que maldito sexa o seu nome e que se coman os cans os seus ósos...”* Isto, xunto a que quixo sacar xente de forma ilegal, fixo que cumprira condena no Gulag.

Outro foi Constante Vicente Giráldez, de Salcidos, A Garda, Pontevedra. Foi voluntario coa División Azul. No asedio a Leningrado fixérono preso e mandárono a Kazajistán. Como de alí se podía fuxir, estivo con grilletes nas mans e pés ata que o liberaron no ano 1954. De volta foi ordenanza no Hospital Xeral de Vigo dende o ano 1955. Casou con Enriqueta García, enfermeira dese centro.

No ano 1954, un ano despois da morte de Stalin, liberaron a Jose María García o mesmo que ao resto dos presos pechando os gulags.

Embarcaron en Odesa no barco “Semiramis” rumbo a Barcelona e logo a Vilagarcía de Arousa.

Eses homes ganaron liberdade, que é unha das cousas máis importantes do ser humano. Mais viñan con medo, sobre todo José María, pois eles traballaran para o exército republicano e, ao haber aquí a ditadura pensaban que podían metelos no cárcere, cousa que non pasou, ao contrario, déronlles un destino a case todos. A José mandárono para Coruña onde traballou no Instituto Nacional de Previsión, algo parecido á Seguridade Social. Nesta cidade casou e tivo un fillo

Estando en Rusia coñecera a unha muller austríaca coa que tivo unha relación. Cando estivo libre preguntou por ela, máis ninguén soubo dicirlle nada.

Fai uns catro anos presentouse nun hotel do Grove, onde é director xerente o seu neto, un home dicindo que era neto deste home e que a dirección lla dera a súa nai que xa morrera, non sen antes dicirlle que non quería reclamar, que só quería coñecer á familia. Todo casaba, a idade del, os lugares de Rusia. Viñera dende Australia, onde vive, e aquí coñeceu á súa familia, debido a que vive tamén no Grove a filla máis nova de José García.

Ao decatarse un destas cousas, saca a conclusión: Canto atura o ser humano!!! E que malvado pode ser o ser humano contra o ser humano.

**Baseado nun feito real.**

**Para Josito, o seu neto, que me contou historias que lle contara o seu avó.**



Un barracón da Siberia.



## De San Vicente e a Illa

Por: Avelino Ochoa

En San Vicente do Grove, Noalla, Bueu chámase Illa a Ons; pola parte norte do Grove, Cambados, pola Banda do mar, Illa é a da Arousa.

Estes días volveuse falar das razóns que explican que a Illa pertenza administrativamente ao municipio de Bueu. Esa adscrición non foi cousa de proximidade xeográfica porque os varadoiros de Noalla están a tres millas e media, os de San Vicente a unha máis; son xa case seis ata o abrigo de Udra e a unhas oito queda Bueu. Hai que ter en conta, aparte das influencias políticas, a facilidade para navegar a vela. Noalla e San Vicente están nos cuadrantes Norte - Sur. O vento norte-norleste domina no verán e o sur-suroeste no inverno. Así que polo estío, para arribar a Noalla ou a San Vicente tíñase que navegar de bolina e voltaxear todo o día e, na inverniá, calquera surada impedía non só a ida senón tamén o retorno. A navegación máis cómoda e rápida era, verán e inverno, a de través, ata alcanzar o abrigo de Udra e deseguido Beluso e Bueu. Aparte de que cando chegaron os barcos de motor buscaron atraque nos portos, que non se construíron nin en San Vicente nin en Noalla, pero si en Beluso, Bueu e Cangas.

Mais, historicamente, sempre existiu relación, intensa, entre San Vicente e a Illa. Os de Ons varaban as dornas nas praias da Barrosa, do Portiño ou dependendo do vento, en Barreiro e, en poucos minutos camiñando, poñíanse nos núcleos habitados de San Vicente: Currás, Coupríns, Area. Esta mesma relación tamén existía con Sálvora e Carreira. Gracias a iso coñecín á máis nova das heroínas de Sálvora, xa cega, como xa contei noutro lado. E os famosos futbolistas do Deportivo, Fran e José Ramón, de Carreira, tiñan un tío avó, Domingo Pérez, Cachote, que carenaba as dornas en Ons, onde fixo vida.

A miña familia, entre os anos cincuenta e setenta do século pasado, é un exemplo do vínculo Ons-San Vicente. Meus avós maternos eran labradores, da casa do Alto, situada no Oeste da punta de San Vicente, nun outeiro fronte a Sálvora e Carreira; tiveron un fillo e catro fillas: tres delas casaron na Illa.

A filla maior, María, costureira, ía á Illa coa súa máquina de coser cando era requirida. Percorría Ons, coa máquina na cabeza enriba dun mulido, facendo labores de modista de vivenda en vivenda e durmía na de Pepe do Caño -o pai de María López Otero, María do Caño, quen



Fotografía de 1964 con ocasión da visita á Casa do Alto desde Uruguai de Manuel Comesaña, a súa dona Carmen Gondar Vidal e a súa filla Carmen.

De arriba abaixo e de esquerda a dereita aparecen María Vidal e José Gondar, os donos da Casa do Alto, José Comesaña (Colón Pequeno), Lito Martínez López, Sofía Reboiras Comesaña, Carmen Comesaña, Carmen Gondar Vidal, Dolores Comesaña, Dolores Gondar con Avelino Ochoa no colo, Francisco Goberna Gondar, María Gondar Vidal, con Lola Ochoa no regazo.

A fotografía foi tomada por Manuel Comesaña, Perulo, desde o poñente do piorno do Alto, empezado o outono -Lola Ochoa agarra unha mazá-, de tarde, logo dun xantar. Os de San Vicente van vestidos con roupa de diario, todos de loito polo falecemento da patroa da casa; os da Illa coas mellores galas, traxados e de garabata os homes e as mulleres con vestimenta clara ou pano branco a cabeza. Lito Martínez e Sofía Reboiras tamén estaban emigrados en Uruguai. Destaca o luxo que lucía Carmen Gondar que rexentaba co seu home un restaurante en Montevideo, á saída dunha gran fábrica, en momentos prósperos daquel país. A filla dela, a nena que se ve á esquerda, moi vestida, ben peiteada e con lazos, alcumábame Pata Sucia e non me deixaba entrar na casa sen que pasase pola bañeira

mellor lembra e entoa cantares tradicionais da Illa e que contraeu matrimonio con Eligio Goberna-. Alí coñeceu a Manuel Goberna Touriño, de Casa Goberna -aínda que nalgunha vaixela aínda se le Casa Goberna-, co que casou para

establecérense en San Vicente. Hoxe xa ninguén sabe onde era Casa Goberna se non lle chamas Casa Checho.

A relación dos de Casa Goberna, do Curro, cos López, do Caño, era moi achegada. Dolores Touriño quixo ser madriña, sucesivamente, dos fillos de Pepe do Caño. Primeiro de Carmen, despois de Arindola, pero non puido por iren coincidindo os embarazos xa que na Illa respectaban a crenza de que se unha muller que estaba para dar a luz amadriñaba un neno acabado de nacer, morrerían os dous: o bautizado e o que ía vir. As familias Goberna e López cum-



A familia Goberna Touriño, fundadores de Casa Goberna, hoxe Casa Checho. De arriba abaixo, Arturo Goberna, que procedía de Vigo e con relación co Marqués de Valladares; Dolores Touriño, das Cachadiñas, de Noalla, Sanxenxo. E os seus cinco fillos: Elvira, casada con José Vidal Patiño, Checho, que quedou en Ons ao fronte do negocio familiar; José, casado con Carmen Otero Patiño, irmá da dona de Staffan Mörling, do Caño e que rexentou negocios de hostalaría na Arxentina; Arturo, mariñeiro, que viviu en Pereiró casado con María Martínez López; Eligio, mariño mercante, casado con María López Otero, María do Caño, que viviu en Bueu e rexentaron moitos anos o Brisiña do Mar; e Manuel, casado en San Vicente con María Gondar, que se dedicou primeiro á compra a flote de marisco para fábricas e despois ao cultivo do mexillón. Casa Goberna botárona a andar Arturo Goberna e Serafín Acuña, onde hoxe é Casa Checho. Logo quedouse Arturo co negocio

priron, por fin, ese desexo, apadriñando Arturo Goberna e Dolores Touriño a María do Caño. Á miña tía, María Gondar, sucedeuna como costureira por Ons adiante, Carmen López, xorda, que tivo a primeira máquina de coser, Singer, que houbo alí e que lle mercou súa avoa.

Carmen, outra filla, levou ao altar a Manuel Comeaña, Perulo, irmán de Pepe, Carme, Juan e Rosa, da que hoxe é casa Acuña e fixeron vida no Uruguai, onde rexentaron un establecemento de hostalaría.

A filla máis nova, Justa, aínda que xa coñecía de aquí ao futuro home, José Reboiras, fillo de Argentino Reboiras e de Leonor García, do Cucorno, desposouse con el en Montevideo, para logo retornaren á Casa do Alto.

Tamén quero mencionar a Manuel Méndez, igualmente do Cucorno -e coa casa hoxe en ruínas, a esperar que se rehabilite- que casou nesa época con Carmen Lijó, que vivía no camiño entre A Barrosa -onde agora está o Náutico- e o Alto, na primeira casa que se topaba vindo da Illa, actualmente un local para creación artística.

Por certo, a relación entre a casa dos do Caño e a de meu avó era de amizade e frecuente, non só acudindo uns ao San Vicente e outros ao san Xaquín, senón por unha permanente colaboración relacionada co gando e coa labranza. Por exemplo, no tempo de sementar intercambiábanse o gran do millo, é de supor que para fortalecer ese cultivo. E ata hai ben pouco o millo que plantaban en Ons Elvira Goberna e Checho Vidal moeuse en San Vicente. E eles os dous acudiron toda a vida, cada ano, ás festas patronais de San Vicente.

En San Vicente chamaba a atención a fala propia destes homes da Illa, que, por exemplo, seseaban dun xeito especial -que ten estudiado Fernández Rei- cunha especie de s fricativo, ou que pronunciaban *peix*, en vez de peixe.

As relacións Ons- San Vicente eran regulares e algo podería contar delas o actual concelleiro do PSOE no Grove, Juan Otero, tamén de San Vicente, que pasou temporadas alí traballando en labores de albanaría co seu socio José Álvarez, e aos que aínda recordan na Illa pola súa bonhomía e bo facer.

Eu mesmo, desde pequeno, anos 70, ía habitualmente a Ons co meu tío Manuel Goberna Touriño -que tiña parte da familia materna en Noalla, na Cachadiña de onde era a nai-. O pai procedía de Vigo. Saíamos desde Moreiras no inverno e da Barcela no verán, onde fondeaba o seu Mar del Norte, -a todos os seus barcos chamoulles así e sempre os pintou de vermello-, que primeiro dedicouno á compra a flote e despois a auxiliar de bateas, que cultivaba na zona do



Carreiro. Lembro perfectamente ese barco a atracar nas laxes da Barcela para recoller cada mediodía a comida diaria que lle acercaba Pilar Goberna nunha cesta, para que non deixasen o labor enriba das bateas, que era onde se traballaba nesa época. As gamelas auxiliares, tamén pintadas de vermello, armoullas meu pai.

Nunha desas visitas á Illa con meu tío pasamos perigo real. Foramos os dous visitar á súa nai, Dolores Touriño, que eu sempre vía en Casa Goberna sentada nun tallo a estonar patacas, enloitada, con pano. Cando, caída a tarde, volvíamos rumbo San Vicente, pasado o Centulo, levantouse unha travesía rexa, que collía á motora en cheo por babor. Onde o mar se levanta, entre os fondos do Raso e os escollos da Faxilda, as ondas cubrían o barco que, unha e outra vez, xurdía cabalgando en oblicuo aquel mar violento levado pola man experta e afoutada do patrón. Ata que parou a máquina e as ondas empezaron a varrer a cuberta.

Meu tío colleu dous cabos; con un atoume á roda e díxome -eu tiña 9 anos- que aguantase rumbo ao Espiño -onde hoxe é o porto deportivo de Pedras Negras- e que non chorase. Co outro cabo amarrouse el, largouno entre o trancanil e o puente e meteuse na cámara do motor, onde levo gravado o recordo de velo movendo á man os pistóns, con aquela súa forza descomunal. Arribamos a terra, fondeamos no abrigo da Barrosa. Fómonos andando para cadansúa casa, a poucos metros unha da outra; só lembro que non era quen de seguirlle o paso e que subimos calados aquel treito; eu coa sensación de terlle gañado ao mar pero aínda tremendo de medo. Non contei nada para que me deixaran volver.



Á dereita Manuel Goberna e José Vidal Patiño, Checho, nunha partida de dominó nunha das visitas de Manuel á Illa. Á esquerda, Isidro Infantes, un madrileño, e Cesáreo



Manuel Goberna e seu irmá José, nunha fotografía tomada na Arxentina, cun retrato do pai de ambos, Arturo Goberna, detrás.

Hoxe sigo, e seguirei, indo a Ons: Estou orgulloso de que na de Checho -hoxe Lola, Pepe, Arturo e Pepiño- me traten como da casa.

## OS ARTESÁNS NA ILLA DE ONS

### REDACCIÓN:

*Como xa temos explicado, a asociación cultural “Pineiróns” ten como principal obxectivo dar a coñecer as importantísimas características socio-histórico-etnográficas-naturais da Illa de Ons, e da súa contorna, para que dun xeito técnico e científico sexan estudadas e investigadas por persoas cualificadas, pola universidade, organismos oficiais,..., para que non se perdan, se dean a coñecer, se valoren,..., e se protexan.*

*Ao longo destes 25 anos de traballo e a través de 28 revistas e outras moitas actividades, coidamos que as principais peculiaridades desta Illa xa foron expostas, aínda que sabemos que queda moito por facer, pero ese inicial motivo que nos levou a sacala adiante está conseguido e con moitos logros acadados.*

*É por iso que dende hai uns anos dedicamos tamén atención a coñecer e homenaxear a aquelas persoas que traballaron pola Illa a través do tempo e, paralelamente, tocar algúns aspectos socio-culturais que homes e mulleres, non aunienses, realizan a prol da cultura de Ons e da súa comunidade. Escritores, pintores, escultores,..., particulares e artesáns forman parte da Historia da Illa de Ons, polo que terán un espazo nesta revista.*

*Neste número os artesáns Txoto e Ane contarannos o seu traballo e as súas experiencias.*

### “CHARLAMOS CON ANE E TXOTO”

Por: Ane e Txoto

Aínda nos parece que foi onte, e xa van máis de 30 anos, cando chegaron á Illa de Ons dúas persoas que, en pouco tempo, pasaron a formar parte desta comunidade veciñal, como veciños estivais de adopción: “Chegamos por separado. Txoto con 21 anos instalouse na acampada de Melide cos seus amigos e eu, Ane, con 22, cheguei soa, foi Camilo, o fillo do “Fareiro”, o que me enganhou á acampada de Melide”.

Chegaron á Illa separados, pero Melide uniunos: “Si, viñemos cada un polo seu lado. A nosa relación comezou aos 26 anos. Xa eramos artesáns pero cando o amor emparellounos aos 30 anos, fomos xuntos ata o día de hoxe, non faltamos nin un ano.

*A artesanía que realizamos, faciámola dende nenos e, cando decidimos estar xuntos, montamos un posto de artesanía na Illa”.*

Os seus comezos no mundo da artesanía en Ons, arrancou despois de que a Consellería de Medio Ambiente suprimira a acampada de Melide, no ano 1995: “Comezamos xuntos despois de desalojar a acampada de Melide, acampando en Chan da Pólvora.

*Os primeiros anos estabamos sós, vendiamos colares e estabamos acompañados só por Rafa (Rapaz insular coñecido como “O alcalde de Ons” que vendía cunchas.). Costounos a aceptación dos veciños e, convencelos de que o noso traballo esa digno, non foi doado.”*

A artesanía que realizaban nun primeiro intre era a base da materia prima que atopaban na Illa: “Todo o noso material, recollíamolo na propia Illa (Ons non era Parque Nacional). Faciamos todo tipo de colares empregando ósos



Txoto e Ane no espazo inicial onde desenvolvían a súa actividade no barrio de Curro





de gaivota e cunchas que atopabamos na praia, aínda que tamén traballabamos o coiro e faciamos abelorios. Para nós era doado, pois xa o faciamos anteriormente noutros lugares.

Co paso do tempo o seu traballo foi renovándose: “A artesanía que facemos, despois de levar 26 anos, fomos cambiándoa. Seguimos traballando con cunchas (non da Illa, que está prohibido ao ser Parque Nacional) e, ósos, abelorios, coiro, prata, metais,..., traémolos de diferentes puntos. Encántannos todos os materiais cos que traballamos; facémolo con moito cariño e realizamos moitas pezas persoais por encargo.

Os materiais, atopámoslos polos montes e praias. A natureza é pura arte e provenos de beleza e con iso facemos os colares, pulseiras, chaveiros,... Outros elementos mercámoslos e tamén nolos traen doutros lugares, como os dentes de quenlla cos que facemos colares e aros. Non podemos esquecernos das típicas pulseiras de coiro das que hai persoas que cada ano engaden unha nova e teñen o brazo cheo delas.

Todas as nosas pezas están feitas con cariño e amor; non hai por medio explotación de ningún tipo, e iso nótase.

Estaban de cámping pero toman a decisión de pasar a vivir ao barrio de Cucorno: “Foi no ano 1999. Ane atopábase maliña e non podíamos quedarnos nunha tenda de campaña, así que por medio dunha veciña, conseguimos un lugar onde vivir no barrio de Cucorno, que nos encanta, tanto o lugar como os seus veciños.

Pasaron os anos e tivemos que cambiarnos de novo do lugar onde residíamos. Queremos tanto a Ons que protéxenos e acolléronos nunha casa, cuxa dona é un anxo, e a poucos metros de onde viviamos”.

Cando remata o verán vanse de Ons, pero non viven exclusivamente da artesanía: “Non, ata a primavera Txoto traballa en hortas de campo, reconstrución de casas,..., e Ane na medicina alternativa e atendendo partos na casa. Aínda que, dende febreiro, comezamos a elaborar todo tipo de artesanía para levar a Ons no verán.”

Contan que ao marchar de Ons viven en diferentes comunidades de campo, aínda que agora teñen vivenda propia: “Durante o ano, vivimos unha parte en Ons, que é a que consideramos a nosa casa e onde temos as nosas raíces. Logo vivimos en diferentes comunidades de campo e agora residimos nun cortijo con terras, nun barranco, de nome Itrabo. Granada.”

Recordamos a súa presenza alá polos anos 90 s.XX no barrio de Curro, a carón das instalacións de Medio Ambiente, vendendo a súa artesanía que expoñían nun muro de pedra que lles permitía estar cómodos nunha das bandas, pero tiveron que saír de alí e buscarse outro sitio. Escolleron unha entrada que hai entre o restaurante Casa Acuña e as instalacións de Parques: “Sen avisarnos, cando chegamos un verán, comprobamos que reencheran con terra e fixeran un xardín no espazo entre a parede e o pequeno muro, onde nos poñiamos.

Fomos a Parques a falar co Director e díxonos que nos puxeramos ao lado de onde estabamos e que montáramos como un posto medieval. Aínda que todo de palabra, nada por escrito, pero así o fixemos.

Chegamos a escribir cinco proxectos ao Concello e Parques pero nunca contestaron. Puxemos unha reclamación ao Pre-Prux pois poñía que estaba prohibido en Ons a venda ambulante, e quitouse ese artigo da Lei; pero non nos regulan. Hai un problema de competencias, Parques di que ten que ser o Concello e o Concello que ten que ser Parques, e así estamos.

Dixéronos que dende o Parque, non poden facer nada por nós.

É triste; xa somos avós, temos tres netos e necesitamos que nos regulen o noso traballo. Só pedimos unha regulación para evitar que se xeneralice e acudan máis persoas a vender e iso provoque algún tipo de atranco que traía problemas aos que dende sempre, algúns hai máis de trinta anos, vimos desenvolvendo o noso traballo artesán en Ons.



Txoto e Ane no novo lugar, a carón de onde estaban antes, cunha magnífica adaptación ao medio.

Pedimos que se regule en dignidade o noso labor. Cada ano imos falar co Alcalde e con Parques, e sempre xurde o problema das competencias. Nós temos en Ons a nosa vida e o noso traballo, que nos axuda a manter á familia dun xeito eventual durante o verán. O noso oficio é artesán, digno, honrado e nobre; por que non regulalo?

Os artesáns que levan anos en Ons deberían ter o seu recoñecemento legal, xa son como de casa, só falta que a administración os regule. Ademais cumpren con outras funcións, como a limpeza do lugar e arredores de onde teñen o seu posto e outras máis: “Aparte, no noso posto de artesanía, facemos de informantes, escoitamos ás persoas que necesitan desafogarse,..., e coidamos moitísimo de Ons, illa á que amamos profundamente.”

## A FALA E O AMOR

Por: Xosé Fuentes

En tempos non lonxanos, o Grove foi xeograficamente unha illa. O paradoxo é que, nesa illa de 21 km cadrados existían outras dúas illas, no xeito de falar, que se manteñen no noso tempo.

As dúas parroquias, San Martiño e San Vicente, manteñen a súa diferenza fonética: O seseo, no Grove e o ceceo, en San Vicente.

Non teño novas de pescudas socio-lingüísticas encamiñadas a esclarecer esta situación peculiar nun espazo xeográfico tan reducido.

Os dous grupos sociais ben delimitados polos montes do Grove, unha paisaxe erma e desolada que dificultaba a comunicación e mantiña de costas uns aos outros afondando a distancia emocional.

Cada quen vivía no seu mundo. As xentes da vila e as da aldea tiñan traballos diferentes, estéticas diferentes.

Nos vilegos, grupos máis numerosos, foi agromando un sentimento de superioridade que nunca foi mal intencionado; poida que por inercia para coas xentes da aldea.

Istes atrancos da fala, dos traballos, da estética, non favorecían as relacións amorosas entre as dúas comunidades.

Así as cousas, na aldea non era doado para a xente nova atopar parella chegado o tempo de namorar. A endogamia era unha maneira de formar familia, non a máis soñada.

Os atrancos por parte da igrexa, pedir dispensa á súa santidad, non axudaba á emoción dos familiares que tiñan que aprender a namorar, ou non.

De aí a rexouba dos alleos: *“casan entre eles para aumentar o capital”*.

As arelas dos mozos levaraos na procura de relacións con xentes doutras terras. Derruban os costumes viciados.

Vai para cento cincuenta anos dous homes afoutos da parroquia de San Vicente, Ramón e Andrés, (os primeiros que se saiba), saían os xoves polo serán entre o lusco e o fusco montados en cadansúa besta cara ás terras de Vilalonga para mocear.

Alí, a fala, as angueiras, a estética era a mesma, porén, non se sentían escarnecidos. Non deixa de ter o seu aquel poético ise tempo de moceo onde as bestas eran agasalladas con cadanseu monllo de palla para repor forzas facendo a espera máis levadeira.

O retorno á morada ben entrada a noite, supoñía toda unha aventura para os dous namorados. Tiñan 15 km de percorrido.

As noites de lúa, eran moi estimadas para cruzar os madóns e as congostras; nas noites fechadas de escuro, as estrelas e os vagalumes, moi abondosos naqueles tempos, daban con eles na casa.

Ramón e Andrés casaron con Peregrina e con Pura. O amor e a fala, unha mesma cousa. Ramón e Peregrina, foron meus avós.

**NOTA:** Neste tempo, os da aldea, pasamos a ser da “sona residencial”. Cambiou o conto!!! A fala non nos separa.





**Café Cabanero**

RUA DE CASTELAO, 116-TEL. 986 73 01 86  
O'GROVE

EFFECTOS NAVALES



**TARACIDO, S.L.**

Representaciones de:



Artículos de pesca  
Equipamientos para pesca  
submarina y buzo  
Pesca deportiva

Marqués de Valterra, 73  
ESTRIVELA - Pontevedra

Teléf. 986 88 15 00 - 986 88 15 04  
Fax : 986 89 05 59

 **ENOVIN**  
asesoría vinícola

**Análisis  
de  
Vinos**

ASESORAMIENTO BODEGAS-PRODUCTOS ENOLÓGICOS

Ponte Dena, 28 bajo - 36967  
DENA - Meaño (Pontevedra)

 **699 346 054**  
Manuel Rodiño



**NW NANTA** **Pavo**  **ARION**

**TODO PARA O CAMPO  
E O XARDÍN**

**FITOSANITARIOS, SEMILLAS  
PLANTAS E MACETAS  
PRODUTOS ECOLÓXICOS  
PATACAS**

**SERVICIO A DOMICILIO  
986 73 11 36**





### CONSTRUCCION Y REHABILITACIÓN:

- Viviendas colectivas
- Viviendas unifamiliares
- Locales comerciales
- Establecimientos de hostelería
- Naves e instalaciones



www.alvarezprol.com



Calle Sineiro, 18 • Teléfono 986 730 275 • Fax 986 730 974 • 36980 O GROVE (Pontevedra) • info@alvarezprol.com

## PANADERÍA - BOLLERÍA

# Rosita

Más de 50 años su servicio

### ESPECIALIDADES:

- Pan artesano • -Empanadas variadas  
Brazos de gitano • Roscas



Rúa Progreso, 74 / 36970 / Portonovo – Sanxenxo  
Telfs: 986723062 / Móbil: 662464388



## Pepa A Loba

Bar - Tapería

Especialidades en: Arroz de bogavante, de mariscos...  
Peixes e mariscos variados, paellas, caldeiradas, tapas



Rúa Rafael Picó, 38 • 36970 Portonovo - Sanxenxo • Telf: 662464388



# UN “PREPARQUE” PARA AS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

Por: Cosme Damián Romay Cousido

## Introdución

A creación do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia en 2002 polo goberno central español, foi un dos fitos máis mediáticos en materia de conservación dos espazos naturais terrestres e mariños do noso país (REF. 1). Esta figura ten propiciado, con maior ou menor éxito, a preservación da maior parte dos valores naturais emerxidos dos arquipélagos de Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada, así como os fondos mariños destas illas e a súa biodiversidade asociada, nunha extensión de 8.333 ha (REF. 2). Este parque nacional, xestionado pola Xunta de Galicia desde 2007 (asignacións ampliadas en 2008; REF. 3, 4 e 5), ten aprobado un plan reitor de uso e xestión desta área protexida desde 2019 (REF. 6). Aínda que hai numerosos espazos naturais solapándose parcialmente con este parque e tamén na súa periferia (Figura 1), non existe un espazo natural que faga de transición entre o parque nacional e as zonas sen protección da contorna. O presente artigo pretende discutir as posibilidades de creación deste “preparque”, avaliar que figura de protección se axustaría mellor ás características e necesidades da zona, e cales serían as vantaxes asociadas a esta designación.

## A figura de “preparque”

“Preparque” defínese como a figura legal que protexe, en España, a contorna inmediata dun parque nacional ou natural (REF. 7). En efecto, esta figura establece as limitacións precisas que require a conservación da contorna dun espazo protexido, na forma e cos efectos previstos na lexislación correspondente en materia de comunicacións, explotacións agrícolas, urbanismo e calquera outra actividade, como sucede co “preparque” do Parque Nacional de Doñana (REF. 8). Algúns parques naturais, como o Parque Natural Sierra Cardena-Montoro en Córdoba, posúen tamén a figura de “preparque” (REF. 9). En todo caso, estes “preparques” pódense configurar ampliando e unindo espazos naturais xa designados adxacentes ao parque nacional (ou natural), ata acadar unha “envolvente” o suficientemente ampla como para garantir a súa función de corredor

ecolóxico, de elemento de transición e de amortecedor dos impactos ambientais da contorna da área protexida. Para o caso do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, a priori, calquera figura considerada dentro da Rede Galega de Espazos Protexidos (isto é, reserva natural, parque natural, zona de especial conservación dos valores naturais, monumento natural ou paisaxe protexida, obviando a propia figura de parque nacional) sería axeitada para lograr un “preparque” funcional, se ben as figuras de reserva natural e de parque natural semellan as de maior poder e eficacia de protección. Lembrar que a Rede Galega de Espazos Protexidos inclúe parte das áreas de maior valor ambiental en Galicia, cuxa xestión recae na administración autonómica, e ocupan arredor dun 13% do territorio galego (REF. 10).

## Reservas naturais e reservas mariñas en Galicia e nas Rías Baixas

As reservas naturais son “espazos naturais coa finalidade de protección de ecosistemas, comunidades ou elementos biolóxicos, que pola súa rareza, fragilidade, importancia ou singularidade, merecen unha valoración especial” (REF. 10). A nivel español hai designadas 166 reservas naturais –ningunha en Galicia–, de tipoloxías variadas, entre as cales se atoparían “reservas naturais parciais” (que permiten unha certa compatibilidade entre a conservación dos valores naturais e a explotación de recursos) e as “reservas naturais totais” (onde a explotación dos recursos naturais se atopa, salvo excepcións, totalmente prohibida; REF. 11, 12). A estas 166 reservas naturais habería que sumar dúas “reservas mariñas de interese pesqueira” en Galicia, a primeira delas nas Rías Baixas (entendidas como as zonas próximas ao litoral comprendido entre o cabo de Fisterra e o esteiro do Miño, REF. 13). Esta reserva é a dos Miñarzos en Lira, Carnota (declarada en 2007 pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos sobre 2.126 ha; REF. 14), á que se sumaría en 2009 a reserva mariña da Ría de Cedeira (sobre 720 ha; REF. 15). Existe unha proposta de 2018 para a ampliación da reserva mariña dos Miñarzos, que pasaría a chamarse Miñarzos-Fin da Terra, sobre 98.063 ha (REF. 16).

## Parques naturais en Galicia e nas Rías Baixas

Os parques naturais son “áreas naturais, pouco transformadas polas actividades humanas, que, pola beleza dos seus sitios, a representatividade dos seus ecosistemas ou a singularidade da súa flora, fauna ou formacións xeomorfolóxicas, posúen uns valores ecolóxicos, estéticos, educativos ou científicos dos que a súa conservación merece unha atención preferente” (REF. 10). Nas Rías Baixas existen hoxe dous dos seis parques naturais galegos: a) Monte Aloia (declarado en 1978, cunha extensión de 746 ha no concello de Tui; REF. 17); e b) Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán (declarado en 1992, cunha extensión de 996 ha no concello de Ribeira; REF. 18, 19, 20). Anteriormente, figuraba o Parque Natural das Illas Cíes, declarado en 1980 sobre 433 ha insulares no concello de Vigo, que pasou en 2002 a formar parte do novo Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (REF. 21, 22). Ademais, ao longo das últimas décadas houbo reivindicacións sociais para que se declararan “parque natural” dúas áreas: O Vao, entre O Grove e Sanxenxo (iniciativa da Asociación Ecoloxista do Grove, desde 1988 a 1991, retomada polo Colectivo Ecoloxista do Salnés; REF. 23), e o Monte Pindo, no concello de Carnota (coa asociación Monte Pindo Parque Natural, constituída en 2010 e con grande apoio social; REF. 24). O Carreirón, na Illa de Arousa, foi cualificado erroneamente como Parque Natural mesmo en Google Maps. As Gándaras de Budiño, no Porriño, tamén son tratadas como Parque Natural nalgunhas webs, quizais por asimilación coa figura de protección do veciño Monte Aloia.

### Que figura de protección sería a mellor para o “preparque” das Illas Atlánticas de Galicia?

Tal e como se ilustra na Figura 2, propónse a creación dun grande espazo natural dunhas 80.000 ha no sector central das Rías Baixas que sirva, non só de “preparque” do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, senón como área aglutinadora de boa parte das áreas xa protexidas dese sector das Rías Baixas, entre as que se atopan zonas de especial protección para as aves (terrestres e mariñas), zonas especiais de conservación e zonas húmidas protexidas, entre outras. Deste xeito, outorgaríaselles un novo “empaque” que facilitaría a súa xestión e a

consecución de fondos económicos, ademais de impulsar a “marca Rías Baixas” como destino de natureza. Poderíase crear un gran parque natural de nova factura (“Parque Natural das Rías Baixas”) ou ben ampliar o Parque Natural de Corrubedo ata esas 80.000 ha. A designación pola Xunta como parque natural facilitaríase establecendo de límite exterior marítimo a liña de base que separa as augas interiores, de xestión autonómica, das exteriores de xestión estatal (Real Decreto 250/1977). A creación dun “Parque Natural Monte Pindo”, ou a ampliación do Parque Natural Monte Aloia, complementarían este “preparque” (Figura 2). Tamén sería factible que ese novo espazo protexido fose unha nova reserva natural (“Reserva Natural das Rías Baixas”). De optarse por esta fórmula, a reserva natural podería sectorizarse creando tanto “reservas parciais” como “reservas totais”, ben terrestres ou mariñas. Cun bo plan reitor de uso e xestión (PRUX), este futurible “preparque” deixaría beneficios para a poboación humana local, desestacionalizando e descentralizando o turismo grazas ao ecoturismo (observación de aves e cetáceos desde embarcación en outono e inverno, visitas guiadas primaverais aos puntos de interese botánico, casas rurais nas zonas menos visitadas do espazo, etc.). A consecución de partidas económicas regulares, grazas a ese PRUX, incrementaría a vixilancia ambiental, mitigando os problemas de conservación que sofren os espazos naturais da zona (por exemplo o Complexo Ons-O Grove; REF. 25, 26, 27) e axudando ás especies consideradas ameazadas, moitas delas insuficientemente protexidas (REF. 28, 29, 30, 31).












### Referencias (todas con acceso a 9.1.2023)


**REF. 1:** <http://ir.gl/36f23c>, **REF. 2:** [ir.gl/9c0b6e](http://ir.gl/9c0b6e), **REF. 3:** <http://ir.gl/afe78e>, **REF. 4:** [ir.gl/211f76](http://ir.gl/211f76), **REF. 5:** <http://ir.gl/ee21af>, **REF. 6:** [ir.gl/8963d5](http://ir.gl/8963d5), **REF. 7:** [ir.gl/00f4f2](http://ir.gl/00f4f2), **REF. 8:** [ir.gl/de7780](http://ir.gl/de7780), **REF. 9:** [ir.gl/ee](http://ir.gl/ee), **REF. 10:** [ir.gl/dff5b5](http://ir.gl/dff5b5), **REF. 11:** [ir.gl/824638](http://ir.gl/824638), **REF. 12:** [ir.gl/6d9a5e](http://ir.gl/6d9a5e), **REF. 13:** Mir de Francia, R. 2002. *El Litoral de Galicia: Rías Baixas: de Fisterra al Río Miño*. GeoPlaneta, **REF. 14:** [ir.gl/3bff88](http://ir.gl/3bff88), **REF. 15:** [ir.gl/cb6](http://ir.gl/cb6), **REF. 16:** [ir.gl/2a7b71](http://ir.gl/2a7b71), **REF. 17:** [ir.gl/0c828a](http://ir.gl/0c828a), **REF. 18:** [ir.gl/f67bf2](http://ir.gl/f67bf2), **REF. 19:** [ir.gl/409e45](http://ir.gl/409e45), **REF. 20:** [ir.gl/6a62ec](http://ir.gl/6a62ec), **REF. 21:** [ir.gl/9155c4](http://ir.gl/9155c4), **REF. 22:** [ir.gl/a46a0d](http://ir.gl/a46a0d), **REF. 23:** [ir.gl/f60508](http://ir.gl/f60508), **REF. 24:** [montepindo.gal](http://montepindo.gal), **REF. 25:** [ir.gl/cb865d](http://ir.gl/cb865d), **REF. 26:** [ir.gl/ac7ef1](http://ir.gl/ac7ef1), **REF. 27:** [ir.gl/b3c3d7](http://ir.gl/b3c3d7), **REF. 28:** [ir.gl/faf4ac](http://ir.gl/faf4ac), **REF. 29:** [ir.gl/32070b](http://ir.gl/32070b), **REF. 30:** [ir.gl/95a9a6](http://ir.gl/95a9a6), **REF. 31:** [ir.gl/6042b8](http://ir.gl/6042b8).





**Claves:**

- |   |   |   |   |   |
|---|---|---|---|---|
|  A |  C |  E |  G |  I |
|  B |  D |  F |  H |  J |
|  K |   |   |   |   |



Autor: C. D. Romay

▲ **Figura 1 (páxina anterior).** Espazos naturais protexidos nas Rías Baixas (**liña grosa**); claves: **A:** Zona Especial de Conservación (ZEC, antes Lugar de Importancia Comunitaria, LIC). **B:** Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA). **C:** Parque Natural (P. Nat., Corrubedo e Monte Aloia). **D:** Zona húmida protexida polo Convenio de Ramsar. **E:** Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (PNMTIAG). **F:** Áreas consideradas en 2008 na (malograda) proposta de ampliación da Rede Natura 2000 de Galicia (“RN2008”). **G:** Límites de concellos. **H:** Zona de Especial Protección para as Aves mariñas (ZEPA mariña). **I:** Reserva Ornitolóxica do Grove. **J:** Reserva Mariña de Interece Pesqueiro Os Miñarzos. **K:** Liña de base (límite augas exteriores).

◀ **Figura 2 (esquerda).** Proposta de límites do posible **preparque** para o PNMTIAG, coas claves: **1:** PNMTIAG. **2:** Áreas do futuro preparque xa protexidas, ou incluídas na “RN2008”. **3:** Áreas do futuro preparque sen protección actual. **4:** Límites de concellos. **5:** Límites propostos para o futurible P. Nat. Monte Pindo (ao norte do preparque) e para a posible ampliación do P. Nat. Monte Aloia (ao sur). **6:** P. Nat. de Corrubedo e P. Nat. Monte Aloia. **7:** P. Nat. Illas Cíes (de 1980 a 2002). **8:** Áreas suxeridas como P. Nat. (Monte Pindo, O Vao, O Carreirón, Gándaras de Budiño). **9:** Outras reservas (R. O. do Grove, R. M. I. P. Os Miñarzos e ampliación proposta desta).



## O cemiterio pagán da Cruz de Feáns

Por: Francisco Meis

Non alto de Feáns, aproximándose á contorna da finalización do camiño da Granxa, atopamos un lugar tan especial como esquecido para a memoria colectiva da vila. Solitario e totalmente afastado, levantáronse moito tempo atrás os muros dun cemiterio pagán no que confluían e conflúen tres antigos camiños; o que ven de *Con de Loureiro*, o *da Granxa* e o que procede do *Con do Ouro*. A súa construción por tanto, atende a criterios simbólicos e ancestrais no que cada un dos camiños que converxen no lugar, posúe unha historia asociada e forxada nos tempos inmemoriais da vila. O último, o do *Con do Ouro*, procede dun camiño secular de entrada ao Grove que na parte mais baixa, ascendía ladeira arriba pasando por en fronte dun enorme Con que foi como moitísimos outros, esgazado como unha mandarina polas hábiles mans dos canteiros. O outro, o da Granxa, debe o nome sen moito que indagar, á existencia dunha explotación gandeira que posuíu a familia dos Otero Goday nas leiras que veñen dar ao cruzamento do camiño, e por último, o máis máxico e cheo de incerteza, o de *Con de Loureiro*, álzase no alto da ladeira divisando o camiño que se une cos outros dous. É sen dúbida, o máis hermético, o que para aqueles que son capaces de captar as enerxías representa un lugar sacro, un punto enerxético, ancestral, ao que denominan co cualificativo de porta sacra. En realidade, non é casualidade que todos estes factores entrecrucense nesta

área, na que ademais se sitúan dúas ou tres mámoas. Un significativo achado que dá mostra da importancia atávica que posúe toda esta área patrimonial.

O cemiterio pagán, perfectamente delimitado nun cadrado de 28 x 24 metros na súa configuración aproximada, e cunha superficie que rolda os 680 metros cadrados, acolle na actualidade catro muros desconxuntados de cachotería que roldan os 70 cm de altura media: entre eles encérrase sepultado un pasado subterráneo e profundo da historia mortuoria da localidade, a máis oculta e prohibida; a dos nenos falecidos á marxe das normas eclesiásticas. Un espazo venerado e respectado e mesmo temido, co respecto que o mortuorio e o espiritual representa na memoria máis primitiva; basta imaxinar un século atrás, unha área sen máis luz que a da lúa e sen máis son que o asubío do vento entre as árbores para non desexar atoparse só nin soa, sen máis axuda e compañía que a prestada polas casas máis próximas a dous quilómetros monte abaixo.

Así serían os enterros entre aqueles catro muros, na máis completa soidade das familias que alí vagaban en pena para depositar os restos dos seus fillos mortos fóra do atrio sacro, e moi distante, da igrexa parroquial.

Cantos anos, cantos séculos pode ter este lugar? Eses muros de cachotería de pedra granítica albergan os restos da nosa historia máis descoñecida, non escrita e oculta, a dos apartados, a dos fillos mortos que non podendo bautizalos a tempo, ou polos motivos que lles sorprendera, obrigaba aos pais a darlles sepultura noutro lugar afastado por estar vetados á terra sagrada.

No mapa do voo americano de 1956-57, ou na ortofoto costa de 1946, obsérvase perfectamente a delimitación do recinto e conséntase a existencia dun amplo arboredo no seu interior, o que nos revela do tempo xa transcorrido dende o abandono como lugar de enterramento.

Como mínimo debemos retrotraernos á década dos anos 20 en cuxa data se alzan os muros, tamén baixos, do cemiterio civil do municipio. Ata esa data non había descanso para os mortos que non fosen cristiáns católicos; todos aqueloutros que polas razóns que fose e a igrexa non os contemplase dentro do seu código eclesiástico, non eran enterrados no atrio que circun-



Restos do muro granítico que circunda o cemiterio pagán da Cruz de Feáns

daba da igrexa de San Martiño, nin posteriormente a partir da década dos 20 do século pasado, no lugar denominado *Leira de boi*, situación actual do cemiterio municipal.

Durante décadas e décadas deste século pasado o cemiterio pagán da Cruz de Feáns viviu no ostracismo e o abandono. Tiña que chegar esta nova etapa, este novo século, para que dúas persoas, as arqueólogas Yolanda Seoane e Elena Lima, tivesen a sensibilidade de entender que para nós era un lugar importante, histórico, cheo de simbolismo e que como vila estamos na obriga de salva-

gardar para as xeracións que aínda están por vir todo este patrimonio material como inmaterial. A súa incorporación ao catálogo de bens patrimoniais do concello é a clave para asegurar a súa supervivencia e recoñecemento. Así o entenderon elas.

Vaia o meu agradecemento persoal a súa decisión, igual que ao culto avogado grovense Avelino Ochoa, que no seu artigo publicado na Voz de Galicia do 13 de novembro de 2022, ven a relatar o mesmo do que eu hoxe fágome eco na presente revista.



Cruzamento dos camiños antigos no Alto de Feans

**ACTIVIDADES “Pineiróns”**

**Agradecemento á:**

**Colabora**



**CONCELLO DE O GROVE**  
**CASA DE CULTURA DE O GROVE**



## GONZALO VIANA: O ARGONAUTA TRANQUILO.

Por: Xaime Toxo

Quedara no Aturuxo de Bueu con Tito Garnelo e José Luis Muñoz para falar de Gonzalo Viana. Supoño que de máis cousas, como así aconteceu; porque había anos que non nos mirabamos. Falariamos de Gonzalo e da illa, de Canexol e de Pereiró, do Curro e de Melide, de Maracas e dunha acampada hippy, de Manolo Carallo e Manu Soliño, de chalanas, atraques e raños. Anécdotas gravadas en frases que permanecen inscritas no magma do inesquecible que a veces é a memoria: “Ghonsalo, vas quedar convertido nun fio”. Sobre todo falariamos das manobras vitais que nos levaron a coincidir en Ons na altura da década dos setenta –



Gonzalo Viana. Foto de carnet

mediada a década – e comezos dos oitenta. Uns anos nos que, a raíz da desaparición do Ditador, íase producir unha muda, unha transformación na que fora unha xeración anti-franquista, unha parte importante dela militante en partidos clandestinos na órbita da extrema esquerda.

Unha metamorfose non só ideolóxica, senón, e fundamentalmente vital. Profundamente vital. Que traía consigo novas formas de expresarse, de descubrir e experimentar, de relacionarnos coa natureza e co país. Un achegamento sensorial á realidade inmediata. Compostela, onde estudáramos, tivera bastante de espellismo, e case todo o que soñáramos até que chegou a frustración política, ficou reducido a anécdotas de tinxes melancólicos. Entre outras cousas tratábase de redescubrirnos e redescubrir

territorios que mantiveran un aura de autenticidade incontaminada de calquera modernidade. Lugares que conservaran un halo de atracción tanto paisaxística como antropolóxica. Conxelados no tempo atesouraban a pureza textual dun manual que podíamos escoitar e esculcar marabillados; porque a non moitos quilómetros de onde fartáramos de debater, en xeiras interminables, o que debería ser a estética revolucionaria dunha sociedade sen clases, démons de fociños coa harmonía dunha realidade poliédrica, complexa, paradoxal, sumamente fermosa e atraínte. A alternativa que se lles ocorreu a unha boa cantidade de urbanitas descolocados foi concibilos como asentamentos ideais para os novos paraísos hippys. Pero esa é outra historia con outros non desprezables compoñentes. Courel, Ancares, Ons, recunchos da Costa da Morte e das Serras Centrais... agromaron de repente como espazos míticos, de características lendarias, que agochaban e transmitían a pureza ancestral de comunidades aínda non influenciadas polas transformacións sociais dunha España que se recuperaba da miseria autárquica que o franquismo provocara. Unha das características máis sobranceiras desta miseria fora precisamente o despoboamento destes territorios arredados cara a centros urbanos creadores de riqueza. Un exilio laboral que continuaría ao longo do tempo até practicamente baleiralos.

A un rapaz natural de Bueu, transplantado a Compostela para iniciar a carreira universitaria, como era eu, este repentino interese que a illa comezara a provocar nalgúns dos meus amigos e amigas chamáralle a atención. Que un dos primeiros en amosar curiosidade fose Gonzalo Viana concedeuulle a característica de argonauta que encabeza este



Florentino Rodríguez, Fernando García Varela, Xosé Espona e Gonzalo Viana en A Gaiteira, A Coruña, nun coloquio de 'Sisga' sobre pintura. 1975. Copia cedida por Anxo Rabuñal

texto. Gonzalo era un home de mar, estudara Náutica en A Coruña, coñecía a costa bastante mellor que calquera de nós. Nacera en Vigo en 1950, vivira en Bilbao e residía daquela en A Coruña. O meu primeiro encontro con el foi en Compostela, probablemente no ano 74 ou 75 na cantina situada no soto do que por entón se denominaba o edificio de Sindicatos, na rúa da República del Salvador. A denominación facía referencia aos Sindicatos Verticais promovidos polo Réxime franquista. Nun momento aínda dun fascismo moi instaurado aquel local cutre e escuro enchíase de progres e roxos. A explicación – loxicamente



Rafa Varela, Gonzalo Viana e Rosalía Pazo Maside. Compostela 1981

– ten que ver co prezo das consumicións, as copas estaban a metade dos que nos custaban noutros antros. Gonzalo formaba parte, era un máis, dunha tropa inmensa que procedente dos institutos coruñeses se incorpora á vida universitaria aqueles cursos: Tito, Maite, Juan, os irmáns Espada e os irmáns Maiz, Maló, Ramiro, Paloma, Margarita... A maioría estábamos moi concienciados politicamente e non só mantiñamos posturas ideolóxicas enfrontadas ao réxime ditatorial, senón que desde a militancia política en organizacións clandestinas propuñamos alternativas de poder semellantes ás que naquel momento gobernaban en países como China ou Cuba. Ese era o escenario. Non recordo falar con Gonzalo de Ons, nin sabendo el que eu era de Bueu que me preguntase pola illa. Hai que ter en conta que a popularización da illa como anexo naturista, fundamentalmente de Compostela, moi vinculado a unha concepción libertaria de habitar o territorio comeza a partir da desaparición da Ditadura e estoupa a finais da década dos setenta. Principalmente o areal de Melide – e debemos ter en conta que había xente que o único que coñeceu da illa foi ese areal –, atuído de tendas de campaña ou pendellos levantados con canas



Gonzalo Viana na porta da casa en Canexol

ou calquera material que permitise un agocho para pasar as noites, era comparable ás imaxes que nos chegaran dos grandes festivais de música anglosaxona: Woodstock, illa de Wight, Monterrey Pop.

O encontro con Gonzalo en Bueu – unha sorpresa inesperada – produciuse na vivenda familiar de Pescadoira. Sen ter o enderezo - imaxino agora - que chegou a dar coa casa preguntando pola vila adiante por un tipo que estudaba en Santiago e que se chamaba Xaime. Así era como Gonzalo daba cos sitios, unha mestura de azar e destino. Contoume que perdera o barco de Pancho, a motora de pasaxe que facía o traxecto diario de Bueu á illa e que esperaría á mañá seguinte para embarcar. Viña cargado de vultos. Esa noite ceou en casa e durmiu no cuarto que daba á praia, ao penedo, ao peirao que chamabamos de Attilio. Asombráramos a feitura da antiga construción que habitabamos, unha vella salga reconvertida en fogar, e gabouna para delicia dos meus pais. Chegou a propoñerlles instalar un obradoiro de cerámica nos rochos que foran almacén de lagares. Gonzalo, melenudo, barbado, queimado polos ventos oceánicos, non deixaba de falar e marabillar aos meus sorprendidos pais que, a partir daquel primeiro día, adoptárono como un dos amigos máis entrañables daquel fillo que non deixaba de invitar a xente extravagante a sentarse á mesa camiña que presidía unha sala na que miña nai divagaba sobre o divino e o humano.

O día seguinte embarcamos xuntos con rumbo á illa. Axudeille a cargar as bolsas e paquetes de barro que debíamos transportar até a casa de Canexol que lle alugara a Marcelino e Gloria. Estabamos en setembro e a illa baleirábase de visitantes, tamén de illáns. Había anos que comezara a pingueira irreversible do abandono. Falo dun






O veleiro <Celina>

momento anterior á chegada masiva de rapaces e rapazas que acudían á illa a vivir experiencias de recuperación de liberdade nunha España aínda lastrada por unha carga considerable de pexas relixiosas, paternalistas e autoritarias. A illa por non ter nin tiña Garda Civil, e non estou seguro que alguén os botase en falta. Aínda que probablemente estea trabucado. Unha illa de sobremesas prolongadas e relatorios que esmorecían coa chegada do amencer, mesas comunais e compartidas con Manolo “Carallo”, Pepe Posada, Manu Soliño, Carlos “Campañó”, o propio Gonzalo e outros máis que median o tempo no reloxo da fala e da escoita. O concepto présa era un anacronismo naquela academia de historias. Esta é a illa que aparece no primeiro relato do meu libro *Protexer o Invisible*, porque non era outra cousa o que faciamos alí, recrear invisibles.

Cando unhas semanas despois deixabamos da illa perdinlle a pista a Gonzalo até volverme topar con el xa metidos no inverno compostelán. Falamos, probablemente nalgunha das tabernas da Algalia ou nun dos pisos que alugabamos, de cando volveríamos á illa e confieille que estaría encantado de pasar días con el na casa de Canexol. No

mes de xuño de 1981 armei unha mochila e instaleime nun recuncho da casa monacal sen practicamente nada. Asebámonos nun lavadoiro a uns metros da porta e tiñamos unha cadeira cun buraco no asento para evacuar as necesidades na veiga detrás do quinteiro. Gonzalo debuxaba, cocía pezas de barro de figuras que a min moito me recordaban aos ceramistas portugueses, máis que nada a Rosa Ramalho, no forno que construíra na devasa do areal. Intentaba venderllas aos turistas en postos que argallaba no peirao ou no Curro. Eu non tiña ningunha dúbida de que a mellor peza de Gonzalo era el mesmo. Navegamos no Celina, o veleiro que adoitaba fondear en Melide ou atracaba no molle, xurdiamos polos cons e aboiabamos polos bares, faciamos incursións para apañar o que entrase nas mans, nos ganapáns e nos trasmallos.

Dalgunha maneira que non chegamos a comprender aquela forma de habitar o tempo e a illa estaba a piques de cambiar. Había unha sensación de certa señardade no presente. Non só na illa, en todo o país. Acelerada a comezos dos oitenta. Unha canibalización da realidade. A lenda da



Gonzalo Viana diante do forno en Canexol.  
(Foto tamén publicada por infoceramica.com.)



Gonzalo Viana apañando percebes

illa morrera de éxito. A nosa xeración – a “xeración progre”, en denominación de Xesús Ron Pereiro no seu artigo “Gonzalo Viana surfea na contorna progre da arte dos setenta” – recuaba abatida polo fracaso histórico do desencanto político e o pulo de que nos botásemos a un lado que traía a xeración inmediatamente posterior. Unha xeración que viña ocupar os niños que deixabamos e arrastraba con ela a praga da heroína. Bastante máis cruel que a nosa derrota xeracional. A fins do ano oitenta e un fórame vivir a Londres e sabía de Gonzalo a través da

miña nai, polas recaladas que seguía facendo na casa de Pescadoira. Ás veces – contábame – utilizaba o meu cuarto para dormir, un cuarto diminuto con xanela ao penedo e o mar dos araos. Non son consciente de volver ver a Gonzalo despois de retornar de Londres. Probablemente me equivoque e seguro que houbo algún encontro alcohólico nalgún dos bares da movida viguesa na altura mediada dos oitenta, no Manco ou no Kremlin. Sería no medio dun barullo infernal e dariámonos un bico e preguntariamos como andabamos. Aquela illa – que fora un labirinto de marabillas – empezaba a quedar tan lonxe como os rapaces novísimos e inxenuos que fóramos, con mochilas e bolsas cargadas de desexos e ilusións.

Da tropa primeira coa que eu fora a Ons con dezaseis ou dezasete anos, a comezos dos setenta, bastantes embarcaran con Caronte e cruzaran a lagoa de Estixia: Manolo “Pirigallo”, Paco “Bicho”, Toñito “Barchico”... *Nao tenhas tanta pressa por entrar na doce noite*. Un verso de Dylan Thomas en portugués que lle oíramos cantar a Fausto ou a Luis Cilia.


Permanece o recordo dunha noite de treboada desatada e nós varados na terraza de Checho contemplando a costa desde a varanda, e Paco “Bicho” dicindo: estásenos botando o mundo enriba.

Pois iso, estábanos botando o mundo enriba.



Gonzalo Viana e Manuel Veloso navegando

COLABORA:



DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA



# NO CENTENARIO DO PARTIDO COMUNISTA NO GROVE

Por: Antón Mascato

Non existe no Grove un arquivo histórico político que mereza ser chamado dese xeito, non sendo a recollida de material que fan persoas moi concretas. Carencias e dificultades que nos imposibilitan termos unha mais completa panorámica do que demos en chamar “A resistencia comunista no Grove”<sup>1</sup> moito mais importante, de maior fondura, que a que acadamos a documentar coa escasa bagaxe de escritos, textos, obras ou documentos aos que tivemos acceso para tentarmos unha mínima achega á importante función que os homes e mulleres do Grove, integrados no Partido Comunista, deron de si no combate ao franquismo negador das ideas de xustiza, de progreso e da liberdade de actuación política, sindical e cultural.

Aos poucos imos coñecendo datos arredor da constitución do Partido Comunista no Grove, na comarca do Salnés, na Ría de Arousa e na Provincia de Pontevedra, e concretamente na cidade capital da provincia, da que orgánicamente dependía o Radio e as células organizativas do PC que afectaba á militancia grovense.

Dende 1939 en diante, vai ser esta a gran forza política na resistencia ao franquismo, actuando dende a clandestinidade. Un partido que se dota de fortes medidas internas de protección para non ser desarticulado; actuando con lóxico segredo, movéndose na mais absoluta discreción e protexéndose das inxerencias externas que dende as redes represivas do Estado, Policía secreta e Brigada político social, procuraban infiltrarse nesta organización para acabar con ela tendo información interna das súas actividades, campañas e militancia. E tentando detectar posibles “delatores de comenencia” que tanto dano fixeron nas fileiras da militancia do PC.

Un traballo de recente publicación, *Os anos do silencio. Represión e resistencia na Provincia de Pontevedra (1936-1951)*<sup>2</sup>, do que é autor o prestixioso historiador Xosé Álvarez Castro, dedícalle un interesante capítulo ao “Partido Comunista en Pontevedra”. Deste traballo destaca non só a investigación feita polo seu autor, senón o feito de non deixarse levar polas fontes do propio Partido Comunista, que en rigor deben ser confrontadas con outras que non sexan emanacións interesadas, partidistas, ou resultantes da necesidade de faceren dos feitos históricos simple propaganda. Ao traballo mencionado referirémonos a seguir. Como teremos en conta outra obra fundamental para comprendermos a fundación e traxectoria do Partido Comunista de España ao que lle dedicou os seus labores de investigador o profesor de Historia, Víctor Manuel Santidrián Arias, publicados co título *Historia do PCE en Galicia (1920-1968)*. Destacamos estes dous traballos, sobre outros posibles, e completamos as procuras documentais no Arquivo Histórico do PCE, con sede en Madrid, centro documental imprescindible para o acceso a documentación de veciños do Grove, militantes comunistas, como José Ángel Fernández Meis, Ramón Garrido ou José Conde Galiñanes.



José Ángel Fernández Meis



León Carreró Mestre, nome na clandestinidade de Ramón Garrido

<sup>1</sup> MASCATO, A. *A resistencias comunista no Grove*. Ed. Lobisome, O Grove, 2022

<sup>2</sup> ÁLVAREZ CASTRO, X. *Represión e resistencia na Provincia de Pontevedra (1936-1951)*. Ed. Xerais, Vigo, 2022

No Grove o PCE non tiña unha presenza significativa antes da Guerra, como podemos deducir do baleirado documental do Arquivo Histórico do PCE, ou do traballo que ten realizado Santidrián Arias, para a súa tese de doutoramento sobre o PCE en Galicia. Nese traballo académico, publicado na colección Documentos de Edicións do Castro<sup>3</sup>, o historiador Santidrián, desvela que en xuño de 1933 o PCE estaba facendo “traballos de organización no Grove”; que a Federación Cultural Deportiva Obrera de España, en 1934, tiña unha federación local entre nós; e que entre os Sindicatos que apoian a Conferencia de Unidade Sindical celebrada en 1932, “está o Sindicato de Oficios Varios do Grove” (autónomo, procedente da CNT). Malia a mínima información existente sobre O Grove no Arquivo Histórico do PCE é abondo para sabermos que existía algunha célula comunista en fase de organización, que tiñan actividades socio culturais e deportivas e que apoiaban a unidade sindical, precisamente unha das características de “La Fraternidad”, onde convivían (non sempre en harmonía) anarquistas e comunistas, con socialistas, republicanos e nacionalistas, o que favoreceu o trunfo das candidaturas da Frente Popular en 1936.

O que non nos din estas fontes é nada arredor da fundación do PC no Grove, imos cando menos ofrecer algúns datos que nos achegan a ese feito. Serán uns aínda moi novos militantes das Xuventudes Socialistas, os irmáns Manuel e Luís Moldes Bea, fillos do líder agrarista da Sociedade Agrícola de San Martiño do Grove, o ferreiro José Moldes Garrido, os organizadores das primeiras accións de tendencia socialista. Actúan no seo do Casino Republicano Radical, que en realidade era o refuxio dos elementos anti republicanos, seguidores das directrices da ditadura de Primo de Rivera (1923-1930), cando en 1931 se proclama a II República e teñen que acatar a nova orde constitucional republicana.

Nas Actas desta organización recreativa, en realidade o brazo social do dereitista Partido Republicano Radical, poden lerse varias das actividades desenvolvidas polo grupo de activistas xuvenís que acúan da man do que vai ser o primeiro secretario do Partido Comunista na organización local: Constante Silva Torres. Eles son o núcleo fundacional do que será o Partido Comunista que actúa nese Casino programando actividades para as que non lle dan permiso, agochándoas con outras finalidades, polo que serán apercibidos, e logo expulsados “por organizaren sen permiso actos políticos de carácter revolucionario”. Facendo o traslado desas actividades ao Sindicato de Oficios Varios “La Fraternidad”. A sede do Partido Republicano Radical estaba no “Salón Novedades”, na actual rúa Xaime Solá; a do Sindicato de Oficios Varios a dous centos metros de distancia, na que antes foi o local da Sociedade Agrícola, coñecida como A Casa do Pobo, entre as rúas Escura e Principal. Para mais información arredor do Centro Republicano e Partido Radical, ou do Sindicato de Oficios Varios, pode consultarse a obra Atila no Grove. Crónica política e Memoria do Masacre (1923-1948)<sup>4</sup>.



Luís Moldes Bea soldado de enxeñeiros, en 1933

3 SANTIDRIÁN ARIAS, V.M. *O Partido Comunista de España en Galicia 1920-1968*. Edicións do Castro, Sada, 2008

4 MASCATO, A. *Atila no Grove. Crónica política e Memoria do Masacre (1923-1948)*. 2ª edición. Edicións Positivas, Santiago, 2020.



Constante Silva Torres, o irmán do músico e zapateiro Pepe Silva, vai ser na súa condición de secretario local, un dos candidatos do PCE nas eleccións xerais de 1933 por Pontevedra, celebradas o 19 de novembro, comicios que gañan as dereitas e que serán a orixe do Bienio Negro. Mentres, os irmáns Moldes Bea, inician as conversas con outros colectivos de mocidades na provincia para integrárense no que serán as Xuventudes Socialistas Unificadas (coas Xuventudes Comunistas, en 1936). O Partido Comunista comezara o seu proceso de integrar militancia cenetista, anarquistas, que eran maioritarios no sindicalismo mariñeiro, hexemónico no Sindicato de Oficios Varios.

Coa complicidade dos principais cadros do Partido Galeguista do Grove, en correspondencia ao pacto de implicación dos dirixentes comunistas na campaña favorable ao voto en favor do Estatuto de Autonomía para Galicia de 1936, e o envolvimento dos galeguistas na Frente Popular que gaña as xerais de febreiro de 1936, e aínda tendo moi pouco tempo entre esa campaña e a estatutaria dos meses de abril, maio e xuño de 1936 e a sublevación militar de xullo dese ano, os lazos de solidariedade tecidos entre ambas organizacións van perdurar nos anos seguintes ao golpe de estado que ocasiona a guerra de 1936-1939, o que terá a xenuína expresión local na alianza tecida entre Manuel Lueiro e Francisco García Moldes para faceren política e cultura na organización Minerva, que repón a obra “O señor Feudal” no Teatro Besada en 1948.

Sen datos completos da militancia comunista deses primeiros anos resulta aventurado asegurar quen era membro dalgunha das células do Partido, cando menos antes da sublevación dos militares, mais si temos certeza de que entre outros e outras eran membros do Partido Comunista: Constante Silva Torres, Daniel Domínguez Iglesias, José Dadín Novas, Ramón Garrido Vidal, Manuel e Luis Moldes Bea, Antonio Caamaño García, Marcelino Soutullo Domínguez, Antonio Rey Domínguez, Servando Domínguez Boullosa, José Ángel Fernández Meis, José Conde Galiñanes, Natalia Dadín Novas, Francisco Iglesias Bea e Perfecto Allo Sabor, entre outros e outras.

Mais non foi antes da guerra de 1936-1939 cando ten o seu desenvolvemento esta organización rexida por comités locais, comarcais e rexionais, senón despois de 1944, vexamos a referencia que Xosé Álvarez fai ao comité local do Grove na súa obra xa mencionada:

*En 1946, ou 1947, o comité local do Grove pasa a ser comité comarcal e empezan a constituírense comités locais en Cambados (Ramón Galiñanes Barros responsable, e Francisco Magariños Granda), e Vilalonga (no ano 1946, é o responsable José Trelles Piñeiro). Como dixemos, os do Grove había tempo que deixaran de ter contacto con Vigo e agora facíanlo con Pontevedra; as reunións eran no bar Naveiro. Entre os compoñentes atopamos a Manuel Domínguez Naveiro (dono do bar Naveiro), Antonio Camaño García, Marcelino Soutullo Domínguez, Antonio Garrido Vidal (responsable das XSU), Leonardo Romero Lorenzo (responsable de captación), Juan Caneda Díaz, José Varela Oubiña e Antonio Rey Domínguez.*

Sinala esa cita un número xa importante de militancia comunista grovense e achega o dato de que o comité local pasa a ser considerado como comité comarcal. Varios dos mencionados por Álvarez Castro serán detidos na redada policial da represión contra o PC en 1948, xunto con outros (tamén militantes) que non aparecen nesa cita como Daniel Domínguez Iglesias ou Antonio Galiñanes Fernández. Efectivamente foi o Bar Naveiro, no Corgo, moi frecuentado por mariñeiros o lugar onde tiñan as xuntanzas os militantes comunistas, por selo tamén o seu dono.

Sabemos, pois, que o PCE dende 1942 vai reorganizándose no Grove aos poucos, con enlaces na cidade de Pontevedra, da que dependía orgánicamente. Irmáns pequenos dos militantes represaliados polos sucesos de 1936, novos e vellos afiliados conforman algunhas das células comunistas. Entre os militantes do Partido Comunista non citados no texto de Álvarez Castro, cóntase a Francisco Lores Soutullo (XSU), Ramón Garrido Vidal (actuando en Francia); Serafin Romero Lorenzo; José María Álvarez, Manuel Barral Otero, Constante e José Silva Torres; Antonio Caneda Pérez, Manuel Lueiro Rey; José Otero Lores, Francisco Otero Lores, Juan Naveiro Prol, Antonio Devesa Álvarez, Manuel Torres, Manuel Otero Barral, Francisco Álvarez Portela, José Cacabelos, e Pepe Besada Álvarez, entre outros. Na estrutura organizativa do PCE, no Grove de 1946, ocupan os principais cargos orgánicos Antonio Garrido Vidal, Tucho Garrido; e Antonio Rey Domínguez.

Mais será José Ángel Fernández Meis quen ocupe un lugar central na reorganización das diferentes células comunistas, non só no Grove, en toda a Ría de Arousa da que será o responsable de organización dende que é captado polo Partido Comunista nos cárceres polos que pasou, ata o seu derradeiro presidio nas minas de Fontao, en Silleda, onde o PC lle encomenda no ano 1943 esa función de restauración comunista na comarca de Arousa, dende a punta de Aguiño, en Ribeira á de San Vicente do Grove, un territorio que coñece ben xa que foi mariñeiro con traballo en todo o mar de Arousa. A finais do

ano 1946 ten que fuxir porque sabe polo propio partido que está a punto de ser detido e abandona a comarca para dirixirse ao norte de Euskadi, onde continuará a súa militancia clandestina.

Dende 1946 e ata setembro de 1948 a brigada político-social, a policía secreta, con base no goberno civil de Pontevedra, fai un seguimento intenso dos principais dirixentes provinciais e os seus enlaces co comité central; dese xeito, localidade por localidade, van conseguir moitos nomes dos responsables locais e os seus domicilios, lugares de encontro, actividades... Cando teñen o que cren ser a rede provincial do partido identificada proceden a organizar unha amplísima redada na que caen varias ducias de militantes entre agosto e setembro de 1948. Estas detencións, declaracións en comisaría con torturas incluídas, van dar lugar a unha macro causa, na que son xulgados dunha atacada, sen as mínimas garantías xurídicas, e coa fórmula de consello de guerra en axuízamento sumarísimo setenta e un militantes comunistas, dos que nove son naturais ou veciños do Grove: Antonio Garrido Vidal; Antonio Rey Domínguez; Daniel Domínguez Iglesias; Manuel Domínguez Naveiro; Antonio Camaño García; Marcelino Soutullo Domínguez; Leonardo Romero Lorenzo; Antonio Galiñanes Fernández; José Trelles Piñeiro (e sesenta e dous máis)<sup>5</sup>.

O Partido Comunista de España, a súa estrutura provincial e o seu comité local, quedaba debilitado durante uns anos. Varios dos condenados cumpriron a pena no cárcere de El Dueso en Santoña, caso de Antonio, Tucho, Garrido; Daniel Domínguez ou Antonio Rey, onde conviviron con moitos presos políticos do seu tempo como o dirixente sindical Marcelino Camacho. Non recuperaron a liberdade ata 1951, mentres que outros con penas de menor duración, cumpriron no cárcere provincial de Pontevedra, como Antonio Galiñanes, Leonardo Romero, Manuel Domínguez Naveiro, Marcelino Soutullo, José Trelles ou Antonio Camaño. Todos eles, cando saíron en liberdade vixiada, tiveron que pasar meses asinando cada quince días no Libro de Presentación de Penados<sup>6</sup> no xulgado do Grove. O destino levou a cada un deles por unha deriva diferente, sendo varios os que procuraron vida lonxe, en canto puideron optar ao pasaporte; foi o caso de Antonio Galiñanes, que chegou a marchar ao Brasil; retornando uns anos máis tarde, ou Leonardo Romero e Antonio Camaño que optaron por Bos Aires, sabedores de que estaban marcados polos seus antecedentes políticos. Outros como Manuel Barral Otero, tamén militante do PC, libra desta acción represiva porque se enfronta nun careo en comisaría á declaración de Antonio Camaño, obtida como resultado de tortura, o que acelera nel a necesidade de marchar tamén rumbo ao exilio de Bos Aires. Con todo nin a tortura, a represión, nin os sonhos afogados, conseguiron modificar a vontade férrea dos vellos militantes da esquerda comunista, que en xeral non renunciaron ás súas ideas, malia o alto prezo que pagaron por mantelas vivas.



Manuel Lueiro Rey, 1989

<sup>5</sup> Aínda que no documento aparece o topónimo do Grove na súa versión deturpada, decidimos ofrecer nel a correcta forma patrimonial galega: O Grove, para non axudar nesa insensata e irracional castellanización toponímica. O resto do documento mantén a versión orixinal.

<sup>6</sup> Ver Libro de presentación de penados. Años 1945 a 1954. Xulgado do Grove



## RELATO DUN NENO INSULAR

Por: Emilio Blanco Sabarís

Son o fillo da mestra de Ons. Vivo cos meus pais na casa escola, no barrio de Curro. É o ano 1969.

Aínda non teño idade para ir ao colexio pero a miña nai lévame con ela a dar clase para que non quede só na casa.

A aula da miña nai, hoxe, considerárase abarrotada porque había máis de 30 nenas de todas as idades, co que iso supón para a mestra ao estar en distintos niveis de aprendizaxe. Os nenos non teñen mestre porque son moi poucos os que acoden con regularidade xa que deben axudar aos seus pais nas tarefas da pesca.

Os invernos na Illa son duros, aínda que miña nai faimos levadeiros ao facer vida con normalidade e sen deixar que me dea conta dos problemas que teñen para vivir na illa todo o ano.

Os veráns son a mellor época, o sol, as praias e os turistas fan que a illa teña outra cara. Vou con miña nai case todos os días á praia de Area dos Cans. Na radio que levamos soa a diario a canción do verán:

*Un rayo de sol, oh, oh, oh,  
me trajo tu amor, oh, oh, oh.  
Un rayo de sol, oh, oh, oh,  
a mi corazón, oh, oh, oh.*

Soe vir no verán para quedarse algo máis de tempo o cura. Este ano era un cura novo que me molaba moito porque vén ás veces á praia con nós e quere ensinarme a nadar, ao final deste verán seguro que aprenderei a nadar.

O meu pai axuda ás veces ao meu avó, que é o patrón do <Azor> (o barco de pasaxeiros que fai o traxecto de Ons a Bueu e viceversa). Chámase Milucho, como o meu pai e coma min. Como é verán, ás veces meu pai déixame ir co meu avó a Bueu no barco, a min encántame a viaxe e máis ir co meu avó.

O <Azor> está entre os máis grandes dos barcos de Bueu (sobre uns 15 mts. de eslora), e dos que atracan en Ons. As súas cores son vermella e branco. Como un neno que son, sempre me fixo se aparece algún máis grande ou máis bonito, aínda que para min non hai ningún que se lle iguale.

Hai outro barco que fai o mesmo traxecto cuxo patrón se chama Pancho, aínda que o seu barco é máis pequeno que o <Azor>.

Como todo o bo pasa axiña, o verán pasou, e iso significa que os turistas vanse, o cura vaise e o <Azor> xa non vén con regularidade por culpa do mal tempo.

Só quedamos os insulares e, aínda sendo un neno, doume conta que ninguén se quere quedar na illa no inverno, entre outras cousas, polo mal tempo e porque non temos servizos básicos.

Entre eles, e moi importante, fáltanos o médico, pois, aínda que temos Bueu cerca, en inverno é como si estivera a 100 km., porque os temporais duran ás veces máis dunha semana e non hai barco que se atreva a vir á illa.

Este feito, na miña familia, tivémolo que sufrir polas malas cando o meu irmán pequeno, con apenas dous anos, púxose enfermo. Empezouse a poñer mal da barriga, sen médico na illa e en pleno temporal. Os meus pais pensaron que non sería nada grave, creron que cun pouco de repouso e unhas manzanillas remitiría, pero non foi así, resultou que o que o meu irmanciño tiña unha apendicite, que se converteu en peritonite ao pasar día e medio.

Como o temporal era moi forte, non había barco e un helicóptero para emerxencias tampouco podía saír da base. Así que a única maneira de salvar a súa vida, era que o meu avó viñese co <Azor>, xa que, se non o facía, morrería.

Os meus pais decidiron que iríamos toda a familia ao hospital en Pontevedra porque seguramente teríamos que pasar varios días alí. E así foi, o <Azor> saíu do peirao de Bueu e un traxecto que duraba arredor de hora e media, aquela mañá durou máis de dúas horas.



A mestra o cura e un grupo de nenos fronte á escola de Canexol no 1960

Impresionoume ver ao lonxe, dende a miña casa en Curro, como as ondas barrían o peirao de Ons. O meu avó tivo que arriscar para achegar o barco ao peirao e que puidésemos subir nós e outros pasaxeiros que, como levabamos moitos días sen barco, decidiron aproveitar para facer a viaxe, aínda que baixo a súa responsabilidade.

Nunca pasei tanto medo en toda a miña vida como naquela viaxe. Aquelas ondas parecían montañas escuras e que facían ao barco aínda máis pequeno. Meus pais, o meu irmán máis eu, íamos co meu avó na ponte. Nalgunhas ocasións, as ondas subían sobre a proa e terminaban rompendo contra a ponte. Cando chegabamos á crista daquelas ondas tiña a mesma sensación de ingravidez que tes na montaña rusa cando hai un cambio de rasante moi brusco.

Deberon quedar as marcas das miñas mans de tanto agarrarme a aquela varanda que había na ponte porque cría que sairía voando. Despois dunha viaxe que a min pareceume eterna, notei que as ondas xa non eran tan enormes porque, aínda que non se vía nada, dinme conta que estabamos chegando ao peirao de Bueu.

Operaron ao meu irmán a vida ou morte e, en palabras do médico que o operou, fora case un milagre. Só dicir que a miña nai cambiou a data de nacemento do meu irmán ao día da operación.

Sempre admirei a miña nai pola valentía que tivo ao escoller a illa para exercer como mestra despois de aprobar as oposicións, pero coido que o feito de que o meu irmán case morrese por non haber médico en inverno na illa, foi o que lle fixo tomar a decisión de que abandonásemos Ons pouco tempo despois.

Sempre recordo aqueles veráns en Ons....., pero sobre todo, os invernos, e aínda a día de hoxe recordo o medo que pasei naquela viaxe na ponte do <Azor> cos meus pais, o meu avó e con aquelas ondas escuras...



A miña nai coas súas alumnas insulares, un día de excursión pola Illa. 1961



O <Azor> o barco do meu avó. Despois foi mercado por Pancho. Aquí o vemos no verán de 1983 levando campistas á Illa de Ons



Outro día de excursión escolar pola Illa. Aquí subindo cara ao Castro dos Mouros, en Canexol. Interesante ver todas as terras de Canexol, Xabreiras e Caño cultivadas. 1961





25 anos de Exposicións, Unidades Didácticas, Excursións Culturais, Presentación de Libros e Revistas, Organización de Campionatos de chave, regatas de dornas,...., Revista Cultural AUNIOS, Concursos Literarios, Homenaxes, Promoción do Camiño Marítimo Xacobeo, Realización de Diaporamas, Colaboración Cultural con Centros de Ensino, Estudos e Investigacións diversas,...., Colaboracións con distintas Administracións.





 **CAMPING**  
ISLA DE ONS  
[www.isladeons.net](http://www.isladeons.net)  
986 43 35 30

 **nabilia**  
NAVIERA  
[www.piratasdenabia.com](http://www.piratasdenabia.com)  
986 32 00 48

